# AS OFICINAS DE ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS (BASES PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA)<sup>1</sup>

Xulio Ferreiro Baamonde

Profesor axudante de dereito procesual  
Universidade da Coruña

## 1. Introducción

### 1.1. O concepto de oficina de asistencia ás vítimas

Un dos principais dereitos que se lles recoñece ás vítimas de delitos é o de recibir unha atención asistencial por parte do Estado que lle axude a levar as consecuencias da vitimización, tanto primaria coma secundaria<sup>2</sup>. Así se fai na Declaración das Nacións Unidas do 29 de novembro de 1985, sobre principios básicos de xustiza para as vítimas do crime e abuso de

---

<sup>1</sup> Este artigo ten a súa orixe nun traballo de investigación realizado baixo o auspicio da Excm. Deputación Provincial da Coruña, que me adxudicou unha bolsa de investigación da convocatoria de 2002, para a confección dun estudo sobre a necesidade de crear unha rede de oficinas de asistencia ás vítimas na provincia da Coruña.

Quixera expresarlles o meu agradecemento aos compoñentes dos servizos de asistencia ás vítimas de Madrid e Bilbo pola súa axuda prestada na confección deste artigo e a amable e cálida acollida que en ambos lugares me dispensaron durante a miña investigación.

<sup>2</sup> Por *vitimización secundaria* hai que entender aqueles danos que se lle causan á vítima polo seu contacto co sistema penal e que se unen aos directamente causados polo delito. *Vide*, ao respecto, HERRERO ALONSO, C.; GARRIDO MARTÓN, E.: "Victimología, el impacto del delito, la víctima y el sistema legal. Una aproximación psicosocial", en *Criminología aplicada II*, Madrid, 1999, páx. 46.

poder, na Convención Europea, do 24 de novembro de 1983, sobre a compensación ás vítimas de delitos violentos, na Recomendación (87) 21, do Comité de Ministros do Consello de Europa do 17 de setembro, sobre a asistencia ás vítimas e prevención da vitimización; na Decisión-Marco do Consello da UE, do 15 de marzo de 2001, pola que se establece un estatuto para as vítimas de delitos; ou mesmo na Lei 35/1995, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Un servizo estatal fundamental á hora de posibilitar unha efectiva asistencia para quen teña sufrido un delito son as oficinas de asistencia ás vítimas. Estas configúranse como entidades formadas por un equipo multidisciplinar, integrado por xuristas, traballadores sociais, criminólogos e psicólogos que asisten a calquera cidadán que é vítima dun delito. O modelo e o tamaño deste equipo pode variar e adoptar diversas formas dependendo da poboación que teña que atender, o tipo de cidadáns aos que atenda preferentemente e o modo de financiamento<sup>3</sup>.

Os servizos de asistencia ás vítimas están chamados a cumprir un labor fundamental, que será o de ofrecer diversos tipos de axuda a aquelas persoas que, tras ter sufrido un delito, se aproximen a elas. A asistencia que están destinadas a prestar será, como se comprobará, de diversos tipos, de modo coherente coa composición multidisciplinar que se sinalou. O seu primeiro campo de actuación será o de prestarlle información á vítima no seu contacto co sistema penal, dándolle a coñecer cal é o funcionamento da Administración de Xustiza, en relación co seu caso, e das súas posibilidades de actuación dentro deste, incluídas aquelas relacionadas coa súa protección persoal. Na propia oficina, ademais, debe existir a infraestrutura suficiente para ofrecer apoio psicolóxico ás vítimas de delitos, de modo que no seu seo se poidan proporcionar servizos terapéuticos neste ámbito.

Ademais de ofrecer certas prestacións de modo directo, as oficinas de asistencia ás vítimas débense configurar como un verdadeiro vínculo entre a vítima e os diversos recursos comunitarios<sup>4</sup>. A oficina será, neste sentido, unha ponte entre a vítima e os servizos sociais en xeral, cuxa exis-

---

<sup>3</sup> Vide GONZÁLEZ VIDOSA, F.: *¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, pág. 32. Unha definición semellante recóllese nos EE.UU. pola Oficina para as Vítimas do Delito (OVC), que describe a actuación de asistencia ás vítimas como unha completa defensa e campo de servizo dedicado a cubrir as necesidades físicas, financeiras e psicolóxicas das vítimas e das súas familias. As organizacións de asistencia, segundo esta mesma definición, poderán elixir, abranguer e servir a todos os tipos de vítimas ou ser selectivas e servir só a certos tipos (tales como as vítimas de delitos de agresión sexual, p. ex.). As organizacións poden ser gobernamentais, privadas ou unha combinación de ambas as dúas. O servizo que se debe subministrar pode ser local, estatal, rexional, nacional ou acadar a dúas ou máis destas xurisdicións.

<sup>4</sup> REIEF, R.: *The invisible victim*, New York, 1979, pág. 188.

tencia e dispoñibilidade pode ser descoñecida para un cidadán que se encontra nunha situación de desamparo por primeira vez, a consecuencia da vitimización. Será importante, por iso, que nas oficinas exista un coñecemento suficiente destes recursos asistenciais e que se poidan derivar a eles a todas as persoas cuxas necesidades post-delituais non poidan ser cubertas directamente polo Servizo de Asistencia ás Vítimas.

Por último, as oficinas de asistencia están chamadas a cumprir un papel maior ca o de ofertar unha serie de servizos ás vítimas de delitos. Os servizos de asistencia ás vítimas deben converterse nun referente simbólico para que tanto a sociedade coma o sistema penal tomen conciencia da problemática vítimal e se produza, cando sexa preciso, un cambio nas actitudes dos actores deste último no seu trato cos ofendidos por feitos delituosos. Os servizos de asistencia deben fomentar a imaxe e as necesidades da vítima dentro da Administración de Xustiza, realizando labores de información, tamén, aos membros dos diversos corpos que traballan no seu seo, e potenciando a coordinación das diversas institucións implicadas: xuíces, fiscais, funcionarios, policía, servizos sociais, etc...

Tamén a súa mera existencia está destinada a crear un sentimento de seguridade na poboación que pode contemplar, deste xeito, como o Estado se está preocupando por todas as partes implicadas na problemática delituosa e como, no caso de sufrir a continxencia de verse afectado por unha acción deste carácter, existe un lugar onde acudir para poder paliar os seus efectos negativos. A creación deste clima de seguridade debería levar a aumentar a confianza da cidadanía no sistema e, en consecuencia, lograr unha maior colaboración coa Administración de Xustiza, aumentando o número de denuncias, por exemplo.

## 1.2. A creación de servizos asistenciais para as vítimas no dereito estranxeiro: o caso do Reino Unido e dos Estados Unidos

### 1.2.1. *O caso de Victim Support en Inglaterra*

A orixe dos servizos de asistencia ás vítimas en Inglaterra ten lugar a partir dun grupo de traballo multidisciplinar creado na cidade de Bristol en 1969, pola *Bristol Association for the Care and Resettlement of Offenders*, preocupado polas escasas solucións que o sistema penal lles ofrecía ás vítimas de delitos e coa misión de explorar o lugar da vítima dentro deste<sup>5</sup>. Deste pequeno grupo de traballo xurdiría unha rede nacional que chega na actualidade a todos os lugares do Reino Unido.

<sup>5</sup> HOLTON, C.; RAJNOR, P.: "Origins of victims support philosophy and practice", en *Victims of crime, a new deal?*, Philadelphia, 1988, páx. 17.

Como continuación deste traballo inicial, en 1972 créase o primeiro proxecto de *Victim Support*, onde se implicaron, ademais dos membros de NACRO, a policía e o Servizo de Liberdade Vixilada (*probation*). Neste proxecto intentábase cubrir as necesidades das vítimas, pero descubriuse que, a pesar de que estas se encontraban con significativos problemas de carácter emocional, práctico e financeiro, non existían servizos nin axencias legais que tivesen a responsabilidade de axudalos. A este primeiro grupo de Bristol seguíronlle outros en todo o Reino Unido, creándose en 1979 unha organización matriz para coordinar e desenvolver o proxecto *Victim Support* en toda Inglaterra e Gales, ofrecéndolles asistencia e información aos grupos locais e sentar estándares de actuación –a Asociación Nacional de *Victim Support* (NAVSS)–. Baixo os auspicios desta nova organización conseguiuase que en 1986 existisen 247 grupos locais afiliados a esta asociación nacional, para os que traballaban unhas 5.000 persoas –a maioría voluntarios– e que atendían anualmente máis de 65.000 vítimas<sup>6</sup>. Para 1986 xa existía algún *Victim Support* en todos os condados de Inglaterra e Gales, así como un comité nacional para desenvolver o servizo en Irlanda do Norte<sup>7</sup>.

O crecemento de *Victim Support* provocou, na década dos 80, que, a pesar do carácter privado que posúe, se convertese nun importante actor do sistema xurídico-penal británico, conseguindo en 1988 que o *Home Office* publicase un folleto informativo para que a policía llelo entregase a todas as vítimas que denunciasen un delito, con información referida, entre outras cuestións, á existencia e aos servizos ofrecidos por *Victim Support*<sup>8</sup>. Influíu tamén nas políticas gobernamentais en relación coa atención e os dereitos das vítimas e testemuñas<sup>9</sup>. Desempeñou un papel definitivo na introdución da *Carta das Vítimas* de 1990, presentou en 1995 un informe sobre a xustiza penal, cuxas conclusións foron aceptadas e adoptadas polo Goberno; o seu informe *Criminal Neglect* (2002) foi seguido de preto polo *Home Office*, adoptando a súa chamada aos departamentos gobernamentais fóra da xustiza penal para recoñecer e axudar as vítimas e as testemuñas. Máis recentemente traballaron de preto co Goberno para realizar a nova *Violence, Crime and Victims Bill*, que, entre outras cousas, establecerá a introdución dun comisionado das vítimas, algo que foi longamente perseguido por *Victim Support*.

---

<sup>6</sup> REEVES, H.: "Victims support Schemes: the United Kingdom Model", *Victimology*, Vol. X, 1985, nº 1-4, páx. 679.

<sup>7</sup> VICTIM SUPPORT: *30:30 vision. Victim Support at 30 and the challenges ahead*, London, 2004, páxs. 2-4.

<sup>8</sup> VICTIM SUPPORT: *30:30 vision. Victim Support at 30 and the challenges ahead*, London, 2004, páxs. 2-4.

<sup>9</sup> VICTIM SUPPORT: *30:30 vision. Victim Support at 30 and the challenges ahead*, London, 2004, páx. 9.

En 2002, tamén, as *National Audit Office* concluíron nun estudo que a maioría das vítimas estaban satisfeitas co traballo ofrecido por *Victim Support* e declaraban que a organización supoñía un activo notable para o movemento do voluntariado.

En todo este tempo, *Victim Support* facilitou información, axuda práctica e apoio emocional a todas as persoas que sufriron un delito, así como aos seus familiares e amigos. Os seus servizos están fortemente afianzados no principio de compromiso comunitario. Trata de asegurar que os voluntarios –que maioritariamente forman o cadro de persoal de *Victim Support*– reflicten a diversidade das comunidades nas que traballan e que os seus servizos sexan igualmente accesibles a todos os cidadáns. Conseguiron que todos os tribunais penais de Inglaterra e Gales teñan na actualidade un servizo de testemuñas, que o mesmo *Victim Support* xestiona. Neste servizo, tanto o persoal profesional coma os voluntarios axudan as vítimas, testemuñas e as súas familias e amigos nos tribunais a familiarizarse cos xulgados antes das vistas, dan apoio no día no que esta se produce, así como información sobre os procesos e procuran axuda suplementaria tras as audiencias xudiciais<sup>10</sup>.

### 1.2.2. O nacemento da asistencia ás vítimas nos EE.UU.

Nos primeiros anos da década de 1970 tivo tamén lugar a aparición dos programas de asistencia ás vítimas nos EE.UU., motivados, en gran medida, pola actuación da *Law Enforcement Assistance Administration* (LEAA) do Departamento de Xustiza, que financiou, en 1974, oito programas de asistencia ás vítimas a través da Asociación Nacional de Fiscais de Distrito, como o desenvolvemento no *Crime Victims Service Centers* do Bronx en colaboración tanto con LEAA coma co *Albert Einstein College of Medicine*<sup>11</sup>. Durante esta década as oficinas dos fiscais desenvolveron estes programas nas áreas metropolitanas maiores, mentres noutras zonas eran as policía rurais, as das pequenas cidades ou, en menor medida, axencias de servizos sociais ou organizacións non gobernamentais<sup>12</sup>. De modo paralelo, en 1975, créase, en Fresno (California), a Asociación Nacional de Asistencia ás Vítimas (NOVA), por persoal dos servizos sociais e de xustiza penal, que tería tamén un papel dinamizador no xurdimento dos programas locais de asistencia<sup>13</sup>.

<sup>10</sup> VICTIM SUPPORT: *30:30 vision. Victim Support at 30 and the challenges ahead*, London, 2004, páx. 6.

<sup>11</sup> Vide FRIEDMAN, D.M.: "A program to service crime victims", en *Victims and society*, ed. Emilio C. Viano, Washington, 1976, páx. 484.

<sup>12</sup> ROBERTS, A.R.: "Introduction and Overview of victimology and victim services", en *Helping crime victims*, Newbury Park, CA, 1990, páx. 30.

<sup>13</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 2-3.

Coa chegada ao poder de Ronald Reagan a principios dos 80 desaparece LEAA, polo que decaeron os fondos existentes para programas de asistencia ás vítimas. Como resultado, moitos programas tiveron que botar man de fondos locais, experimentando unha diminución dos seus orzamentos. Con fondos máis reducidos tiveron que recortar os seus servizos e restrinxir outros para certas clases de vítimas. Con todo, en 1982, o *Presidential Task Force on Victims of Crime* investigou as necesidades das vítimas e os modos máis efectivos de enfrontarse a elas. O *Task Force* recomendou que os gobernos federal, estatais e locais, xunto con organizacións privadas, levasen a cabo unha serie de accións encamiñadas a mellorar a posición das vítimas, incluíndo a creación de mecanismos para asegurar fondos permanentes para os programas de asistencia existentes. En 1984, o Congreso levou á práctica unha das principais recomendacións do *Task Force*: a *Victim of Crimes Act*. Nesta lei créase a Oficina para as Vítimas de Delitos, dentro do Departamento de Xustiza, que, entre outros esforzos significativos, proveu de fondos aos estados para que realizasen programas de asistencia e compensación ás vítimas.

Como resultado, nos anos 90, nos EE.UU., comprobouse que tanto organizacións privadas coma entes estatais e locais respondían á presión pública de defender os dereitos das vítimas de delitos e o Goberno Federal asumía un forte liderado no movemento dos dereitos das vítimas<sup>14</sup>.

### 1.3. A creación das oficinas de asistencia ás vítimas en España

En canto á situación en España, a creación de servizos de atención específicos para as vítimas de delitos sufriu, de modo semellante ao que se viu con respecto a outros servizos asistenciais, un retraso, se se compara coa actividade despregada noutros estados de Europa Occidental e nos EE.UU. Outra característica fundamental, que diferencia as oficinas de asistencia ás vítimas españolas con respecto a outras entidades semellantes dos estados do noso contorno, é que, mentres na xeneralidade dos estados a creación de servizos asistenciais para as vítimas xurdiu de iniciativas privadas ou fortemente arraigadas na comunidade (é o caso que se viu de *Victim Support* ou de NOVA) en España a iniciativa fundamental para a aparición e desenvolvemento destes servizos naceu das institucións públicas, que promoveron a aparición e dotación destas oficinas, aínda que nalgúns casos fosen posteriormente organizacións privadas sen ánimo de lucro as que se fixeron cargo da súa xestión cotiá.

As primeiras iniciativas para crear oficinas de atención especificamente dirixidas ás vítimas de delitos con carácter multidisciplinar realízanse na cidade de Valencia, onde a Generalitat Valenciana crea, en colaboración

<sup>14</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 2-3.

co concello desta cidade e os xulgados situados nesta cidade, a primeira oficina deste tipo en España, no ano 1985<sup>15</sup>. Con posterioridade, e baixo formulacións similares, créanse en Barcelona<sup>16</sup> e Palma de Mallorca<sup>17</sup> en 1989 e no País Vasco en 1991<sup>18</sup>, aproveitando as competencias autonómicas na materia. Esta era a infraestruturas existente en España ao tempo de promulgarse a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, que pretenderá xeneralizar a creación das oficinas e establecer unha rede estable en todas as capitais de provincia e outras cidades de importancia.

A creación das primeiras oficinas de asistencia ás vítimas prodúcese por un impulso de certas comunidades autónomas que aproveitan as competencias transferidas en materia de asuntos sociais, sanidade, xustiza ou promoción dos dereitos humanos (art. 9 EAPV) para desenvolver políticas activas en prol das vítimas de delitos. O art. 16 da Lei 35/1995 fai referencia expresa á creación destas oficinas e posibilita a súa xestión autonómica ou municipal. A coordinación entre as diversas administracións territoriais, polo tanto, parece imprescindible para o correcto desenvolvemento das funcións que estes servizos deben desenvolver e ofrecer unha atención integral á vítima, habida conta do marco de competencias configurado pola Constitución, os estatutos de autonomía e a normativa de desenvolvemento<sup>19</sup>.

<sup>15</sup> Para un estudo polo miúdo da creación das oficinas valencianas, en funcionamento desde abril de 1985, *vide* VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: "Ayudas y asistencia...", *op. cit.*, páx. 22; DE MIGUEL, M.E.: "La asistencia respecto a las víctimas...", *op. cit.*, páx. 145; LANDROVE DÍAZ, G.: *La moderna victimología...*, *op. cit.*, páxs. 112-113; NEUMAN, E.: *Victimología...*, *op. cit.*, páx. 297; e MONTERDE FERRER, F.: "Victimología...", *op. cit.*, páxs. 257-259.

<sup>16</sup> Creada polo Ayuntamiento de Barcelona en abril de 1989. *Vide* VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: "Ayudas y asistencia...", *op. cit.*, páx. 22; e LANDROVE DÍAZ, G.: *La moderna victimología...*, *op. cit.*, páx. 113.

<sup>17</sup> O goberno balear abriu en decembro de 1989 a Oficina de Axuda ás Vítimas do Delito, con funcións de atención e asistencia ás persoas que fosen vítimas de calquera tipo de delito. *Vide* VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: "Ayudas y asistencia...", *op. cit.*, páx. 22.

<sup>18</sup> No País Vasco existe desde 1991 o Servizo de Asistencia á Vítima con sede no Pazo de Xustiza de Bilbo, creado polo Goberno vasco a partir do art. 9 do Estatuto de Gernika que lle outorga á Comunidade autónoma competencia para a promoción dos dereitos humanos no ámbito da súa competencia. En 1994 estableceuse un SAV en Donostia e en 1995 outro en Gasteiz. *Vide* VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: "Ayudas y asistencia...", *op. cit.*, páx. 22; DE MIGUEL, M.E.: "La asistencia respecto a las víctimas...", *op. cit.*, páxs. 147-150; PALACIO SÁNCHEZ-IZQUIERDO, J.R.: "La asistencia a las víctimas...", *op. cit.*, páxs. 160-162 e CONDE, M<sup>a</sup>. J.: "Los derechos humanos...", *op. cit.*, páx. 128. Este servizo foi complementado coa creación dun programa de atención psicolóxica para vítimas de agresións sexuais. *Vide* BERISTAIN IPIÑA, A.: "¿La sociedad/judicatura...?", *op. cit.*, páx. 281.

<sup>19</sup> A necesidade da colaboración entre os diferentes entes territoriais foi destacado por VILLAMERIEL PRESENCIO, L.P.: "Ayudas y asistencia...", *op. cit.*, páx. 23. A dispersión

Actualmente, tras un lento proceso de implantación, existen oficinas de asistencia ás vítimas en todas as capitais de provincia e noutras cidades relevantes de todas as comunidades autónomas, excepto Galicia. Algunhas delas foron creadas polas comunidades autónomas con competencia na materia e as restantes son directamente xestionadas polo Ministerio de Xustiza, aínda que con colaboración da comunidade autónoma, que se encarga habitualmente de dotar material, persoalmente, á oficina, a fin de garantir a asistencia, introducir as melloras que considere precisas e difundir entre a poboación e sectores implicados a posta en marcha da oficina. Pola súa parte, o Ministerio de Xustiza proporciona os servizos necesarios para o seu mantemento e facilita o acceso e a colaboración do persoal dos xulgados<sup>20</sup>.

## 2. As funcións das oficinas de asistencia ás vítimas

As oficinas de asistencia ás vítimas deben intentar atender dun modo integral todas as necesidades das persoas que sufriron algún delito de calquera tipo, xa sexa directamente, ou ben mediante derivación a outras entidades asistenciais. Verase que, tal e como foi deseñado nas experiencias doutros estados e pola propia evolución da institución, foi adquirindo un abano amplo de funcións que intentan cubrir tres campos principais de actuación: o xurídico, o social e o psicolóxico, pero conectados e coordinados en todo momento, desenvolvendo un traballo interdisciplinar que pretende defender os dereitos das vítimas, tendo en conta as súas necesidades<sup>21</sup>.

---

competencial é unha fonte de problemas no quefacer cotián dos SAV xa que se encontran entre dous ámbitos competenciais xestionados por organismos diversos e por entidades territoriais que comparten competencias. Así, a Administración de Xustiza onde o nivel estatal se coordina coas CC.AA. con competencias na materia e, ademais, dentro do ámbito estatal coexisten o Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza. Ademais, debe coordinarse este labor coa Policía –Ministerio do Interior– e a Garda Civil –Ministerio de Defensa–. No ámbito asistencial, as competencias maioritarias son autonómicas, pero tamén os concellos posúen funcións e o Estado central, con departamentos diferentes.

<sup>20</sup> Sirva como exemplo o convenio para a posta en funcionamento da Oficina de Axuda ás Vítimas do Delito en La Rioja, publicado por Resolución do 2 de xullo de 1998, da Secretaría de Estado de Xustiza, no BOE nº 171, do 18 de xullo de 1998, no cal se crea unha comisión de seguimento do convenio, presidida por un representante do Consello Xeral do Poder Xudicial.

<sup>21</sup> *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páx. 4. As funcións que aquí se sinalan para os servizos de asistencia ás vítimas céntranse na experiencia das oficinas en funcionamento en España, pero comprobárase que a maioría son comúns nas experiencias comparadas, como EE.UU. ou Inglaterra. Incluso en lugares como Serbia ou Sudáfrica, pode verse como a descrición dos servizos ofrecidos é semellante. Vide COPIC, S.: "Crime victims in the criminal justice

O primeiro ámbito de actuación das oficinas será o puramente xurídico. Neste campo, os servizos de asistencia están destinados a proporcionarlles, en primeiro lugar, información ás vítimas sobre os procesos xudiciais e a súa intervención neles. Ademais, como se verá, serán numerosas as actividades que se realizan en colaboración coa Administración de Xustiza e na relación das vítimas con esta. Neste sentido, tratarase de facilitar a quen teña necesariamente que convivir co sistema penal o seu contacto con este, para o que o persoal das oficinas ofrecerá determinados servizos, como acompañamento ás vistas, interesarse polos progresos do caso, mediar á hora de conseguir medidas de protección para a vítima, etc... En xeral, podemos encadrar neste ámbito de actuación aquelas actividades que vaian encamiñadas a diminuír no posible a vitimización secundaria.

En segundo lugar, tal e como se configuraron as oficinas de asistencia ás vítimas no Estado español, estas deben ter como unha das súas misións prioritarias encamiñar todos os recursos de asistencia social que as diversas administracións públicas poñen a disposición dos cidadáns e que poidan servir para atender as necesidades que xorden tras a vitimización. Neste sentido as oficinas deben contar con persoal que poida guiar a vítima no seu achegamento aos recursos asistenciais e coordinarse con outras instancias locais ou autonómicas, de modo que se optimicen as posibilidades existentes. As oficinas ofreceranlle á vítima as opcións ao seu alcance e indicaranlle as posibilidades de actuación para que sexa esta quen decida cales se adaptan mellor ás súas necesidades. Posteriormente, poderán axudarlles a que realicen os trámites necesarios para recibir certas axudas ou incluso xestionar directamente o seu acceso a servizos sanitarios, refuxios, casas de acollida, institucións tutelares, etc...

Considerouse moi importante nas oficinas españolas a posibilidade de que as vítimas accedan á asistencia psicolóxica na propia institución. As consecuencias psicolóxicas da vitimización son peculiares<sup>22</sup>, polo que é necesario contar con psicólogos nas oficinas que poidan realizar un primeiro diagnóstico e atención de crise, e, posteriormente, realizar un seguimento ou iniciar unha terapia que consiga repoñer a vítima, na medida do posible, ao estado en que se encontraba con anterioridade a que tivese lugar o feito delituoso.

---

system and the role of the victim support service in Serbia", comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003, páx. 11 e OLIVIER, N.: "The role of the investigator in victim support: a case study of South African investigators", comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003, páxs. 4-5.

<sup>22</sup> SEBBA, L.: *Third parties. Victims and the criminal Justice System*, Columbus, 1996, páxs. 80-81.

Por último, existe outra serie de servizos, que podíamos denominar transversais, nos que non se trataría tanto de incidir na situación individual de vítimas concretas, senón en promocionar a “causa das vítimas” ante a sociedade e ante outras institucións públicas. Este tipo de tarefas tratarían de impulsar ante outras instancias o coñecemento das oficinas de asistencia ás vítimas e a necesidade de mellorar o trato que se ofrece ás persoas vitimizadas. Neste ámbito, as oficinas deben darse a coñecer para que os cidadáns sexan conscientes da súa existencia, pero tamén deben mediar ante outras institucións –sanitarias e sociais– para que estas teñan en conta as necesidades específicas das vítimas e para coordinarse con elas, de modo que se poida producir un paso fluído dunhas a outras. Deben, tamén, incidir no persoal da Administración de Xustiza, para que se mellore o trato ás vítimas de delitos. Trataríase, tamén, de que as oficinas fosen unha canle de comunicación privilexiada entre a Administración de Xustiza e a sociedade de xeito que se dea a coñecer a actuación da primeira no seo da segunda e de que se atenda máis ás necesidades dos cidadáns no discorrer ordinario do sistema procesual<sup>23</sup>. Deste modo, conseguiríase un aumento da confianza pública na xustiza e, ao mesmo tempo, unha maior colaboración cidadá con esta.

As oficinas de asistencia tamén poderán coordinar tarefas de formación en temas relacionados coa súa actuación destinadas ao persoal policial ou xudicial. Así mesmo, poderán no seu seo realizarse tarefas de investigación, dado o gran potencial de recollida de datos que pode ter unha entidade deste cariz, o que redundaría nun maior coñecemento da vitimización e, polo tanto, dos modos de evitala ou de enfrontarse a esta<sup>24</sup>.

En conclusión, as funcións que as oficinas de atención ás vítimas deberán cumprir oriéntanse a lograr estabilizar a vítima ante a situación na que está tras a comisión do delito<sup>25</sup>. Preténdese que a vítima reciba unha atención integral<sup>26</sup>, xa sexa directamente a través do persoal das oficinas ou

---

<sup>23</sup> *Servicio de Asistencia a la Víctima: Dossier informativo*. Este foi o obxectivo do proxecto de colaboración entre a Oficina de Axuda ás Vítimas de Valencia e o Xulgado de Instrución nº 2 da mesma cidade, tal e como sinala GARCÍA BECEDAS, M.J.: “La victimología como ciencia y su trasposición a la realidad a través de las oficinas de ayuda a las víctimas de los delitos (OAVD)”, *Diario La Ley*, nº 4906, páx. 3.

<sup>24</sup> *Servicio de Asistencia a la Víctima: Dossier informativo*.

<sup>25</sup> Os servizos que se sinalaron e que serán detallados a continuación coinciden basicamente cos que MCEWEN, T.J.: “Victim Assistance Programs: Whom They Service, What They Offer”, 1995, páx. 2, ten sinalado como demandas principais das vítimas no seu achegamento aos programas de asistencia, e que consistirían en información sobre dereitos legais das vítimas e sobre os procesos xudiciais (88%); axuda na solicitude de compensación estatal para as vítimas (59%); e derivación a axencias de servizos sociais (51%).

<sup>26</sup> Un exemplo da variedade de servizos que se ofrecen ás vítimas nos programas de asistencia ofrécena ROBERTS, A.R.: “Introduction and Overview of victimology and

en coordinación con outras entidades asistenciais, de xeito que non se dupliquen recursos, pero que tampouco se vexa obrigada a vítima a peregrinar de administración en administración na busca de modos de cubrir as súas necesidades<sup>27</sup>.

### 2.1. Tipoloxía casual á que atende un Servizo de Asistencia ás Vítimas

Con prioridade á posta en marcha dunha oficina de asistencia ás vítimas é necesario estudar o ámbito de actuación no que desenvolverá as súas funcións para adaptar o seu organigrama ás demandas sociais. Deberá, pois, procederse a unha avaliación das necesidades existentes na comunidade onde a oficina deberá funcionar, tendo en conta as características socio-demográficas da poboación e tamén a tipoloxía delituosa que se pode encontrar no seo desa comunidade co fin de acomodar realmente os servizos que ofrece coas necesidades reais da xeneralidade das vítimas, tendo en conta ambos factores, é dicir, con que tipo de poboación se vai encontrar maioritariamente o persoal dos SAV na súa actuación e cales son os delitos que de modo primordial van producir as principais manifestacións de vitimización que poidan chegar á oficina. Haberán de terse en conta, tamén, os servizos asistenciais que xa estean funcionando na mesma comunidade, de modo que se evite repetir servizos innecesariamente para os mesmos destinatarios e cubrir as necesidades daqueles que non poidan acceder ou para quen non sexan útiles os recursos xa existentes<sup>28</sup>.

A configuración das oficinas españolas, únicas no ámbito provincial, e a falta de calquera outra infraestrutura para asistir a vítimas de determinados delitos –que só ultimamente está sendo cuberta coa aparición de medidas sociais de loita contra a violencia doméstica<sup>29</sup>– motivan que

---

victim services”, en *Helping crime victims*, Newbury Park, CA, 1990, páx. 31, que enumera ata 11 tipos diferentes de servizos: explicar os procedementos xudiciais (71,2% dos programas), facer derivacións a outras axencias (68,4%), axudar a vítima a solicitar compensación (64,1%), educar a opinión pública (60,9%), defender a vítima fronte ao empregador (60,3 %), prover transporte aos tribunais (59,2%), coidado de menores durante as vistas (37,5%), diñeiro de emerxencia (24,4%) e reparar pechaduras rotas (12,5%).

<sup>27</sup> *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páxs. 5-6.

<sup>28</sup> Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 15.

<sup>29</sup> Un último exemplo desta preocupación pode verse na LO 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na cal se establecen medidas preventivas, educativas, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas, medidas de sensibilización no ámbito sanitario, así como a normativa civil que incide no ámbito familiar e reformas penais e procesuais.

estas se encontren no seu actuar con todo tipo de vítimas<sup>30</sup> e todo tipo de delitos<sup>31</sup>, sen que sexa na maioría dos casos posible realizar políticas sectoriais para vítimas especialmente necesitadas ou para certos tipos de delitos<sup>32</sup>.

Os delitos que sofren as vítimas que se achegan á Oficina de Valencia, enumerados por González Vidosa<sup>33</sup>, veñen coincidir co que se puido observar noutras oficinas como Bilbo: homicidios, lesións, delitos contra a liberdade (detención ilegal, coaccións, ameazas), delitos contra as relacións familiares (matrimonio ilegal, abandono da familia), delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica, delitos contra o honor, delitos de falsidades, delitos contra os dereitos dos traballadores, delitos contra a Administración pública (prevaricación e suborno), delitos contra a Administración de Xustiza (realización arbitraria do propio dereito, acusación e denuncia falsa, omisión do deber de impedir delitos ou promover a súa persecución), faltas contra o patrimonio, contra as persoas e contra os intereses xerais. Incluso é común que as persoas que se achegan ás oficinas non se encontren ante problemas estritamente penais<sup>34</sup>, a pesar do cal é normal que o persoal destas as atenda de igual xeito, de acordo co cariz asistencial co que se configuraron estas oficinas no Estado español.

---

<sup>30</sup> MANRIQUE CABRERO, J.C. ("Estudio de la normativa de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual", *BIMJ*, nº 1981, 2001, páx. 16) sinala que toda persoa que fose vítima de calquera infracción penal ou sexa susceptible de selo, así como os seus familiares, poidan recibir este servizo.

<sup>31</sup> A heteroxénea configuración dos destinatarios dos servizos de asistencia ás vítimas sinalouse tamén nos EE.UU., onde McEWEN, T.J. (*Victim Assistance Programs: Whom They Service, What They Offer*, 1995, páx. 1) afirmou que estes serven a todo tipo de vítimas, desde membros de familias vítimas dun homicidio ata vítimas de delitos contra a propiedade. Do total de persoas atendidas, o 56% correspondía a vítimas dalgún tipo de delito violento. En canto ás características demográficas da poboación, segundo as estatísticas ofrecidas por este autor, o 20% das persoas que recibiron o servizo dos programas eran menores de 16 anos e o 8% eran maiores de 65, estando o 72% restante entre 16 e 64 anos. Case dous terzos (65%) das persoas asistidas eran brancos, 22% afroamericanos, 8% hispanos e o restante 5% pertencía a outras etnias.

<sup>32</sup> En canto á necesidade de adaptar os servizos a certos tipos de vítimas, FRIEDMAN, K., BISCHOFF, H., DAVIS, R. e PARSON, A. (*Victims and helpers: reaction to crime*, Washington, 1982, páx. 18) afirman que realmente os problemas derivados da vitimización non se agravan para certo tipo de vítimas senón en función da pobreza. Para estes autores, as vítimas con menos recursos teñen menos éxito en lograr a axuda que necesitan. Iso suxire a necesidade de esforzos especiais para axudar a estas vítimas, xa que os cidadáns con menos ingresos están habitualmente segregados xeograficamente.

<sup>33</sup> GONZÁLEZ VIDOSA, F.: *¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páx. 32.

<sup>34</sup> Isto débese, tal e como di GONZÁLEZ VIDOSA, F. (*¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páxs. 45-49) a que o cidadán, habitualmente, cando sofre un delito e o denuncia, ten un conxunto de problemas onde o aspecto penal é o de menor importancia. Non obstante, esperan do sistema de Administración de Xustiza penal que os resolva: problemas de relación conxugal, entre veciños, relacionados con enfermidades mentais, etc.

Esta amplitude no número e tipo de asuntos que tratan as oficinas vén desmentir certa imaxe que se vai estendendo de que os seus destinatarios únicos, ou cando menos os principais, son aquelas persoas que sofren a violencia doméstica. Esta visión correspóndese, ademais, coa práctica de certas oficinas (p. ex. o SAV de Madrid atende nun 80% casos de violencia doméstica)<sup>35</sup>. Pode ser preocupante, para os dereitos das vítimas doutro tipo de violencia ou doutro tipo de delitos, a tendencia á que se está asistindo de centralizar a problemática vitimal nos delitos de violencia de xénero ou doméstica, pois tende a esquecer que o fin primordial destes servizos é atender a todo tipo de vítimas e de cidadáns, polo que non sería bo tender a convertelos en meros apéndice da loita contra a violencia doméstica, a pesar de que poden e deben cumprir un labor moi importante na asistencia ás vítimas deste tipo de maltrato<sup>36</sup>.

## 2.2. O achegamento dos cidadáns ás oficinas de asistencia ás vítimas

Un dos principais factores para lograr un bo funcionamento dunha oficina de asistencia ás vítimas é conseguir que os seus potenciais usuarios teñan un coñecemento axeitado da súa existencia e das funcións e servizos que ofrece. É necesario, polo tanto, establecer canles que permitan acceder ás vítimas de delitos aos servizos destinados a atendelas. No Reino Unido, *Victim Support* conseguiu que as comisarías de policía lle remitan listas con vítimas dos delitos denunciados, sendo posteriormente o propio persoal do servizo de asistencia quen se encarga de seleccionar os casos que poden ser susceptibles de necesitar a axuda do programa e poñerse en contacto coas vítimas, ben a través de chamadas telefónicas, cartas ou incluso visitas ao propio domicilio. Este mesmo modo de fun-

---

<sup>35</sup> De todas formas, igualmente naquelas oficinas onde a tipoloxía delituosa atendida é máis ampla, é certo que existe unha predominancia de mulleres atendidas sobre homes, o que se comprobou nas estatísticas do SAV de Bilbo e de Valencia. Vide GALPIENSO CALATAYUD, C.: "Oficina de vítimas del delito: incidencia social en la lucha contra la violencia doméstica", en *Encuentros "violencia doméstica"*, CGPJ, Madrid, 2004, páx. 293.

<sup>36</sup> Neste sentido, GONZÁLEZ VIDOSA, F. (*¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páx. 42) recolle as diferenzas entre un servizo de asistencia ás vítimas e un centro de atención á muller. Un SAV atende tanto a mulleres coma a homes, mentres que un CAM ten como campo de actuación só mulleres. Un CAM traballa con delitos específicos relacionados coa violencia de xénero (sexuais, maltrato, coaccións, etc.), mentres que un SAV ten unha tipoloxía máis ampla. A diferenza fundamental estará, ademais, no diferente tratamento que se lle dá ás faltas de maltrato e relacionadas, xa que nun SAV se tratará con prioridade se as necesidades que demandan as vítimas teñen resposta na vía penal, desaconsaxándolle, incluso, que denuncie se poden tratar o problema a través dunha alternativa, mentres que nun CAM despois de escoitala, asistila e xestionarlle unha praza nun centro de acollida, se lle aconsellará que denuncie.

cionamento é seguido tamén por certos programas dos EE.UU.. Esta maneira de actuar vén determinada pola propia filosofía do sistema que non ve nos servizos de asistencia unha actuación estatal, senón unha actuación comunitaria, baseada na axuda que presta o "bo veciño"<sup>37</sup>, o cal tamén se ve fortalecido pola propia composición do persoal dos servizos, maioritariamente voluntario.

Noutros casos, e este é o sistema que se seguiu en España, a oficina actúa só previo requirimento das vítimas. Mantense, polo tanto, un papel predominantemente pasivo no establecemento do contacto inicial, espérase a que sexan aquelas persoas que consideran que necesitan axuda quen acuda ao servizo de asistencia ás vítimas e soliciten as súas prestacións. Este modo de actuar implica, por un lado, que non se segue o filtro previo que supón a denuncia policial. É dicir, atenderase na oficina a toda aquela persoa que acuda en busca de asistencia, independentemente de se decidiu denunciar o delito ou non, e incluso moitas veces a propia asistencia requirida será información sobre as implicacións da denuncia ou a existencia de vías alternativas para o tratamento do seu conflito. Por outro lado, supón a necesidade de que exista entre os usuarios potenciais un nivel de coñecemento suficientemente amplo da existencia do servizo.

Un modo de lograr o achegamento das vítimas ás oficinas será conseguir que aquelas persoas que habitualmente teñen un primeiro contacto coas vítimas de delitos lles informen da posibilidade de acudir a unha oficina onde poderá encontrar asistencia e información. Será por iso importante que se cree unha rede de relacións entre o servizo de atención ás vítimas e outras entidades ás que as vítimas poidan acudir en primeira instancia<sup>38</sup>, principalmente, as axencias de control social e os servizos sanitarios. Comprobouse que este tipo de achegamento, asegurando o coñecemento a quen sufriu un delito, é máis útil que darlle a coñecer a oficina á poboación en xeral, xa que, neste caso, a publicidade é inconscientemente evitada por resultar incómoda para quen a presencia<sup>39</sup>.

Na experiencia existente no Estado español comprobouse como é fundamental para que exista un achegamento da poboación vitimizada ás oficinas de asistencia que a policía, os fiscais e xuíces informen ás vítimas da existencia destes servizos. Así, no SAV de Bilbo a maioría das vítimas chegaban remitidas polos xulgados, fiscalía ou pola Ertzantza, Garda Ci-

---

<sup>37</sup> CORBETT, C. e MAGUIRE, M.: "The value and limitations of Victims Support Schemes", en *Victims of crime, a new deal?*, Philadelphia, 1988, páx. 30.

<sup>38</sup> COPIC, S.: "Crime victims in the criminal justice system and the role of the victim support service in Serbia", comunicación presentada ao *XI Simposio Internacional de Victimología*, Stellenbosch, 2003, páx. 11.

<sup>39</sup> Vide FRIEDMAN, K., BISCHOFF, H., DAVIS, R. e PARSON, A.: *Victims and helpers: reaction to crime*, Washington, 1982, páx. 16.

vil ou policía municipais. Con todo, naquelas outras oficinas onde falaba a colaboración destas entidades, o nivel de demanda dos seus servizos baixaba de modo significativo<sup>40</sup>. Galpienso Calatayud destaca a importancia dunha boa colaboración entre xulgados e SAV, sinalando o exemplo de Valencia, no que o 63% dos asuntos foron remitidos polos xulgados, de tal modo que a Oficina, nesta cidade, se converteu nun recurso máis da Administración de Xustiza que non só cumpre unha función para os cidadáns, senón tamén para os propios órganos xudiciais<sup>41</sup>.

Neste sentido, á hora de realizarse os ofrecementos de accións tanto pola policía coma polos fiscais ou xuíces de Instrución, sería conveniente que, ademais de incluír a información referida na Lei relativa aos dereitos das vítimas no proceso penal, de cara a exercitar a acción punitiva e a acción civil de resarcimento, se lle comunicase á vítima a existencia dos servizos de asistencia á vítima e o modo de contactar con estes<sup>42</sup>. Esta práctica xa se realiza nalgúns xulgados ao realizar o ofrecemento de accións por escrito e sería bo que se xeneralizase.

Outros operadores xurídicos poderían sumarse ao labor de difusión das oficinas de atención ás vítimas. Neste sentido, o Consello Xeral da Avogacía asinou un convenio, o 29 de xuño de 2000, co Ministerio de Xustiza para a colaboración entre os colexios de avogados e os SAV no ámbito de competencias do Ministerio, de xeito que se logre a máxima eficacia dos servizos de asistencia ás vítimas.

Tamén os servizos sanitarios poden cumprir un transcendente que facer na remisión de vítimas ás oficinas, polo que sería útil dar a coñecer a existencia destas nos servizos de urxencia, de modo que cando se atendesen vítimas de delitos violentos –ou con sospeitas de selo– se lles facilitase información sobre os servizos que se ofrecen destinados á específica problemática vitimal. A colaboración entre entidades sanitarias e os SAV será especialmente importante dado que estes non poden cumprir certas funcións de asistencia inmediata e/ou en crise, co cal neste ámbito é clave a actuación que desenvolven os centros sanitarios e a psiquiatría social. Polo tanto, os SAV deben realizar un labor de “proselitismo” que posibilite unha atención sanitaria ás vítimas de delitos axeitada á súa situación e necesidades.

<sup>40</sup> Así se puido comprobar no SAV de Madrid, onde os xulgados de Instrución non remitían polo común ás vítimas a este, o que, entre outros factores, contribuía ao descoñecemento das vítimas sobre a súa existencia.

<sup>41</sup> GALPIENSO CALATAYUD, C.: “Oficina de vítimas del delito: Incidencia social en la lucha contra la violencia doméstica”, en *Encuentros “violencia doméstica”*, CGPJ, Madrid, 2004, páxs. 293-294.

<sup>42</sup> Nos EE.UU. esta práctica foise xeneralizando, de modo que tras o delito a policía soe ofrecerlles ás vítimas unha listaxe dos recursos dispoñibles para a súa atención. Vide OFFICE FOR VICTIMS OF CRIME: *First response to victims of crime*, Washington, 2000, páx. 3.

Para fomentar e asegurar na medida do posible a colaboración destas entidades seguramente os SAV se vexan obrigados a realizar un esforzo, sobre todo nos primeiros momentos de implantación, por dar a coñecer o novo servizo e a utilidade que poden ter para as vítimas de delitos, de modo que poidan vencerse as posibles reticencias iniciais destes suxeitos<sup>43</sup>. A creación dunha rede estable de relacións con estas entidades facilitará o coñecemento por parte das vítimas das oficinas, o que redundará nunha maior satisfacción das súas necesidades. O persoal da oficina, neste labor, deberá intentar familiarizar aos membros destas institucións da existencia dos SAV, informar sobre as necesidades das vítimas, dar a coñecer que accións poden realizar as axencias de xustiza penal para mellorar o trato e a situación das vítimas e mostrar que tamén a existencia e bo funcionamento dos SAV son beneficiosos para o seu propio traballo<sup>44</sup>.

### 2.3. A atención psico-social

Aínda que un pensamento intuitivo sobre o labor das oficinas de asistencia ás vítimas e a súa situación no seo da Administración de Xustiza –físicamente, pois estas oficinas, polo menos en España, soen estar nos edificios xudiciais e organicamente, posto que, como se verá, en moitos casos, os seus traballadores son funcionarios da Administración de Xustiza ou persoal colaborador desta– pode levar a pensar que as tarefas que se desenvolven no seu seo e, polo tanto, a axuda ofrecida ás vítimas se circunscribe única e exclusivamente ao campo da relación entre estas e a Xustiza. Porén, aínda que pode ser que certos programas, no ámbito internacional e incluso na primixenia idea das oficinas creadas en España, nacesen con este ánimo principal, o certo é que se foi desenvolvendo cada vez máis unha idea de atención integral á vítima, onde xunto á asistencia xurídica ou no seo do proceso se foron engadindo novas funcións aos SAV que cada vez foron cobrando máis importancia<sup>45</sup>. Esta atención

---

<sup>43</sup> Na actuación dos SAV norteamericanos detectouse, en ocasións, a dificultade de construír estas redes de relacións e as posibles friccións con outras axencias, concretamente con aquelas dedicadas á persecución penal, pois sinalouse que a policía soe ser particularmente escéptica en relación aos traballadores sociais, a quen poden ver como contrarios ás necesidades das axencias de persecución penal. É tamén un corpo especialmente contrario ao cambio. Moitos policías, tamén, poden ver que axentes estranhos entorpecen o seu traballo, cuestionan o seu procedemento ou crean ocupacións novas. Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 62; MAGUIRE, M. E CORBETT, C.: *The effects of crime ant the works of victims support schemes*, Oxford, 1987, páx. 217.

<sup>44</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 17

<sup>45</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 36.

integral concrétese informando, asesorando e xestionando os recursos legais, sociais, psicolóxicos e económicos que axuden a paliar a situación de vitimización<sup>46</sup>. A atención psico-social supón, polo tanto, unha importante función que deben realizar estas entidades, en cuxa actuación se verá o seu carácter verdadeiramente asistencial e non meramente colaborador da Administración de Xustiza. O cumprimento destas funcións responderá de modo moito máis axeitado á complexa problemática vital<sup>47</sup> e demostrará que a creación das oficinas transcende un ámbito meramente utilitario de servizo ao propio sistema penal.

Á hora de desempeñar estas tarefas, as oficinas non poderán sempre cubrir directamente todas as necesidades asistenciais da vítima, debido á súa amplitude e natureza. Ningún programa de asistencia pode prover todos os servizos que necesitan as vítimas. Tal e como se foi configurando na práctica, tendo en conta as limitacións orgánicas dos servizos de asistencia ás vítimas e a existencia doutros recursos na comunidade, certas actividades asistenciais poderán ser tratadas directamente pola oficina, mentres que outras haberán de realizarse a través da derivación cara a diversas axencias e entidades públicas ou, incluso, privadas<sup>48</sup>.

En consecuencia, como paso previo para a actuación asistencial do SAV debe procederse a unha avaliación das necesidades da vítima. Tal e como se realiza este proceso no SAV de Bilbo, é o administrativo quen realiza a primeira detección do problema e quen dá a cita previa. Posteriormente, a acollida realízase polo traballador social quen fai unha análise do problema e comproba as demandas da vítima. Se as demandas son asistenciais, ou ben as resolve directamente ou ben deriva á vítima á axencia correspondente. No caso de que as demandas sexan simplemente xurídicas, remite ao xurista do servizo, quen ofrece unha información completa e realista sobre as posibilidades que o sistema xudicial lles ofrece ás vítimas. Se precisa de atención psicolóxica remitíraa directamente ao propio psicólogo do servizo.

Ante a imposibilidade de cubrir directamente todas as necesidades asistenciais das vítimas, unha das funcións primordiais dos SAV neste

<sup>46</sup> GONZÁLEZ VIDOSA, F.: *¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páx. 33.

<sup>47</sup> En canto aos diversos problemas aos que se enfrontan as vítimas de delitos, *vide* FERREIRO BAAMONDE, X.: *La víctima en el proceso penal*, Madrid, 2005, páxs. 158-186.

<sup>48</sup> Nos EE.UU. as derivacións realízanse con carácter habitual a outros programas ou organizacións, de modo máis frecuente para grupos de terapia (saúde mental, grupos de auto-axuda, grupos de mulleres, igrexas, centros de crise en casos de violación, etc.), refuxios (de violencia doméstica, p. ex.), grupos comunitarios de prevención do delito, programas de abuso de nenos ou anciáns e servizos sociais como o Departamento de Benestar, o sistema de Seguridade Social, sanidade pública, traballadores sociais, servizos de alimentación, etc. *Cfr.* NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 70-73.

ámbito, e na cal ocupan moito do seu traballo, será, polo tanto, a mobilización dos recursos existentes na comunidade e a súa posta ao servizo das vítimas. Deste modo, as oficinas convértense nunha ponte entre a Administración de Xustiza e as administracións de asistencia social; un vínculo, como se sinalaba antes, entre a vítima e os recursos comunitarios. Normalmente, a vítima non será consciente dos medios dispoñibles para cubrir as súas necesidades, polo que é conveniente que a oficina apareza como un lugar onde se poida centralizar a información útil para a vítima e que se destine especificamente á súa problemática. Pero a derivación cara a outras entidades non é simplemente ofrecer información, senón realizar unha avaliación da necesidade ou problemática que a persoa que consulta formula e, posteriormente, poñela en contacto cos recursos sociais ou profesionais que poidan atendela ou axudala a resolvela. É dicir, unha vez escoitada a súa demanda, encamiñala cara a outra institución, servizo ou profesionais que poidan darlle a atención, orientación e tratamento que necesite para resolver o seu conflito ou demanda. En calquera caso, a derivación supón, para que sexa eficaz, buscar o recurso profesional máis adecuado por parte do persoal do SAV para poder entender o contexto onde se produciu a agresión da que a persoa é vítima ou a situación que lle está provocando ese conflito ou problema. Unha vez aclarado o contexto e entendida a problemática é cando se pode proceder á derivación.

As oficinas deben cumprir o papel de guiar a vítima na busca dos recursos precisos para cubrir as súas necesidades<sup>49</sup>, deben ter información suficiente sobre cales son as organizacións que lle poden ser de utilidade, sinalándolle aquelas que mellor se adaptan á súa situación ou á súa específica problemática, posto que certas vítimas poden requirir servizos que se adecuen mellor ás súas situacións peculiares<sup>50</sup> –como vítimas menores, maiores, que residan en núcleos afastados ou en zonas suburbanas, etc.– e asegurándose de que nestes se lles presta unha atención oportuna ás vítimas de delitos, facilitándolle o camiño, concertando citas, realizando as xestións necesarias para facilitar o seu acceso, etc... Para

---

<sup>49</sup> Vide REIEF, R.: *The invisible victim*, New York, 1979, pág. 188.

<sup>50</sup> Vide NVAA: "Profesionalizing the discipline of victim services", USA, 1999. Así, no caso de violencia doméstica, procurouse que os SAV informen as vítimas deste tipo de delitos da posibilidade de recibir asistencia sanitaria, psicolóxica e social axeitada ás súas necesidades, así como aos recursos sociais e institucionais aos que poden ter acceso. A conexión cos Centros de Muller 24 Horas, así como cos demais departamentos que xestionan recursos sociais, é continuo de modo que no momento en que a vítima o solicita, desde os SAV pódese xestionar calquera tipo de solicitude, acompañando ao solicitante a calquera lugar que sexa necesario. Vide GALPIENSO CALATAYUD, C.: "Oficina de vítimas del delito: Incidencia social en la lucha contra la violencia doméstica", *Encuentros "violencia doméstica"*, CGPJ, Madrid, 2004, páxs. 289-290.

un correcto desenvolvemento desta función será moi importante a existencia dunha coordinación óptima entre todas as administracións implicadas, de modo que se evite que as vítimas sexan "mareadas" nun peregrinar por diferentes organismos oficiais, creándose unha nova vitimización secundaria, que pode incidir negativamente no proceso de recuperación da vítima. O persoal dos SAV debe manter contacto con todas estas entidades como membro da Administración de Xustiza para poder facilitar as derivacións e constatar como se realiza na práctica a atención ás vítimas podendo solventar os problemas que xurdan coa experiencia. Neste sentido, cómpre subliñar a actuación que se realizou en numerosos lugares no ámbito da delincuencia doméstica onde se desenvolveron os "protocolos de actuación", a través dos cales se asegura a coordinación entre administracións e se establece a canle que ten que seguir a vítima e os suxeitos implicados na súa atención<sup>51</sup>.

Pero as oficinas de asistencia ás vítimas non son simplemente unha axencia de derivación, senón que ofrecerán numerosos servizos de modo directo. Nos equipos multidisciplinares dos SAV españois cóntase coa presenza dun ou varios psicólogos. Estes ofertarán a súa axuda ás vítimas tanto para a superación do trauma coma para o enfrontamento que terá lugar cos procedementos xudiciais<sup>52</sup>. A intervención do psicólogo irá destinada a devolver a vítima á situación na que estaba no momento previo á comisión do delito. O psicólogo tratará de ofrecerlles apoio emocional ás vítimas, clarificar os seus sentimentos e necesidades, asistilas na com-

---

<sup>51</sup> Vide MAGRO SERVET, V.: "La necesidad de protocolizar la lucha contra la violencia doméstica", *Diario La Ley*, nº 5416, 2001, onde se realiza unha exposición do protocolo global de actuación contra a violencia doméstica da provincia de Alacant, onde participaron as consellerías de Sanidade, Benestar Social e Xustiza da Generalitat Valenciana, a Deputación Provincial de Alacant, o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, a Audiencia Provincial de Alacant, os concellos de Alacant e San Juan, o Instituto de Medicina Legal de Alacant, representantes da Asociación de Mulleres Xurídicas *Themis*, o Foro contra a Violencia, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais, funcionarios de Xustiza, colexios de avogados e procuradores de Alacant, Elxe, etc...

<sup>52</sup> O psicólogo do SAV de Navarra realiza habitualmente as seguintes intervencións: 1) primeira entrevista e toma de contacto coa vítima: coñecemento do caso; 2) realización dunha entrevista semiestruturada: relato do feito para tratar de diminuír o nivel de ansiedade, eliminar sentimentos de perigo, descontrol e submisión, etc. e análise diagnóstica; 3) descrición do cadro observado, recomendacións, diagnóstico de gravidade, derivación a outro especialista; 4) intervención en crise, *in situ* ou en segunda fase da crise; 5) seguimento e coordinación dos psicólogos de intervención permanente; 6) acompañamento das vítimas a recoñecementos médicos, ratificacións de denuncias, recoñecemento de detractores, etc.; 7) mediación e negociación; 8) asesoramento a outros técnicos intervinientes respecto ao estado da vítima e técnicas de atención psicolóxica; 10) coordinación dos casos de intervención multidisciplinar; 11) redacción de informes psicolóxicos e testificais e de materiais informativos de divulgación; 12) apoio ás funcións policiais: formación e asesoramento.

prensión das opcións que se presentan ante si e facilitar a posibilidade de levar a experiencia da vitimización<sup>53</sup>. A superación do trauma non quere dicir a súa negación ou esquecemento, xa que iso podería significar facilitar as condicións para recrear a vitimización, senón que se orienta cara ao chamado *victim empowerment*<sup>54</sup>. Trátase de ofrecerlle á vítima unha axuda na superación do trauma, pero de modo que se lle posibilite un control sobre a situación. Habitualmente as vítimas simplemente necesitan coñecer que as súas reaccións tras a vitimización son normais ou teñen algunha explicación para poder comezar a superar a vitimización<sup>55</sup>.

A intervención debe realizarse contando sempre coa voluntariedade da vítima. Trátase de que non se lle desapodere aínda máis do conflito, senón de permitir que a vítima refaga a situación por ela mesma, ofrecéndolle o camiño para iso e proporcionándolle os instrumentos para levar a cabo unha recomposición da súa psique. A vítima debe tomar parte activa na superación do trauma que a tivo como protagonista; non é unha persoa inválida, senón que é alguén que sufriu unha perda inesperada que pode ter trastornado a súa vida, polo que tratada como inválida implica perpetuar as consecuencias da vitimización en lugar de asistila a superala. Deste modo, non só se mobilizan os recursos sociais en axuda do individuo vitimizado, senón os seus propios recursos persoais, fomentando a súa autoestima e autonomía<sup>56</sup>. O proceso de *victim empowerment* implica involucrar a vítima no proceso de axuda e a converterse nun "supervivente", asumindo os feitos que conduciron á vitimización.

A atención psicolóxica á vítima realizarase normalmente na propia sede da oficina, pero é posible poñer á súa disposición teléfonos 24 horas ou outro tipo de servizos de apoio<sup>57</sup>. Non se limita, unicamente, a unha primeira atención tras a comisión do delito, senón que o obxectivo dos SAV é ofrecer un verdadeiro seguimento na evolución da vítima<sup>58</sup>, reali-

---

<sup>53</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 88-89.

<sup>54</sup> Este é definido por HOLTSMANN, B.: "Gender bias in service delivery to victims of crime", comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003, páx. 2, como o proceso onde a vítima é devolta ao estado máis próximo posible a aquel existente antes do delito. Isto é feito a través dunha variedade de medios que tratan de capacitar a vítima para tratar coas consecuencias do evento e deixalo atrás sen sufrir maior dano ou perda.

<sup>55</sup> REEVES, H.: "Victims support Schemes: the United Kingdom Model", *Victimology*, Vol. X, 1985, nº 1-4, páx. 684.

<sup>56</sup> *Servicio de Asistencia a la Víctima: Dossier informativo*.

<sup>57</sup> Este tipo de *hot lines* para vítimas de delitos é común nos EE.UU. e en España puxéronse en marcha para o ámbito da violencia doméstica, o teléfono do menor, etc... Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 8.

<sup>58</sup> *Servicio de Asistencia a la Víctima: Dossier informativo*.

zando intervencións a medio e longo prazo<sup>59</sup>. As primeiras sesións da intervención deben ofrecerlles ás vítimas a posibilidade de mostrar as súas ansiedades e falar sobre as súas experiencias e medos. Posteriormente, tratarase de estabilizar a vítima. A estabilización debe realizarse facilitándolle información e facéndolle descubrir que os seus sentimentos e ansiedades son reaccións normais ante unha situación anormal, como é o delito<sup>60</sup>.

Outro tipo de intervencións son as chamadas *in situ* ou “de crise”. Este tipo de asistencia consiste en atender as necesidades da vítima no mesmo momento de comisión do delito, cando se lle procuraría determinada axuda de emerxencia co obxectivo de cubrir as súas necesidades inmediatas, como a busca de refuxio e comida, asistencia financeira ou coitado médico de primeiros auxilios<sup>61</sup>. Porén, as dificultades para poder establecer un servizo de tal tipo –económicas, de persoal, etc.– levan a que normalmente os SAV españois non realicen tal tipo de intervención<sup>62</sup>, senón que se realiza por derivación<sup>63</sup> ou quedalles reservada aos chamados centros de crise, pero son habituais en programas doutros países. Ao non poder realizar esta intervención inmediata cobra maior importancia a necesidade de promocionar o servizo entre outros profesionais –sanitarios e policía–, no sentido anteriormente sinalado, para que estes poidan ofrecer atención específica á vítima. Con todo, algunhas oficinas estableceron mecanismos para realizar algún tipo de intervención psicolóxica no momento de comisión do delito. Así, a Dirección

---

<sup>59</sup> Isto diferenciaría, segundo OLIVIER, N. (“The role of the investigator in victim support: a case study of South African investigators”, comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003, páx. 5), o *victim empowerment* do *victim support*, en canto ao último só trataría de reconfortar a vítima no momento inmediatamente posterior ao delito.

<sup>60</sup> HARTMANN, U.I.: “The role of volunteers in victim assistance and the work of the “Lower Saxon’s foundation for victim assistance” in Germany”, comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003.

<sup>61</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 8.

<sup>62</sup> En certos programas estadounidenses, porén, os seus voluntarios atenden a calquera hora e encóntranse coas vítimas no hospital, que responden a solicitudes de axuda da policía, ou levan servizos de localización, de modo que están dispoñibles para a policía. Posteriormente provee asistencia de seguimento por teléfono, nas oficinas do programa ou nos tribunais. Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 79.

<sup>63</sup> Así, no SAV de Bilbo, xestiónase a busca ás vítimas de pisos de acollida cando sexan necesarios. Estes pertencen ao Concello de Bilbo ou á Deputación Foral de Biscaia. Os acollementos urxentes remítense ao albergue da Deputación Foral, onde se fai unha valoración, e no caso dos residentes no Concello de Bilbo pasan a pisos municipais de acollemento ordinario ou, no caso contrario, aos da Deputación ou aos respectivos concellos.

Xeral de Interior de Navarra asinou un convenio, o 28 de decembro de 2000, co Colexio de Psicólogos da Comunidade Foral para garantir asistencia psicolóxica ás vítimas de delitos a través do servizo de urxencias sanitarias (112) as 24 horas do día, 365 días ao ano.

A atención de urxencia ás vítimas soe organizarse ao redor dos chamados centros de crise, cuxa función será ofrecerlles ás vítimas unha asistencia inmediata e inaprazable de tipo material, físico ou psicolóxico, inmediatamente despois da comisión do delito, co obxectivo de paliar as necesidades perentorias da vítima neste momento e intentar previr desde o principio a traumatización vitimal<sup>64</sup>. Exemplo deste tipo de centros son as casas de acollida para mulleres ou os *Rape Crisis Center*, xurdidos en Inglaterra e EE.UU., respectivamente, ao amparo do movemento feminista<sup>65</sup>, cuxa influencia foi decisiva na evolución do movemento vitimo-

---

<sup>64</sup> Vide LANDROVE DÍAZ, G.: *La moderna victimología...*, op. cit., páxs. 91-92. PETERS, T. ("Consideraciones teóricas...", op. cit., páxs. 124-125) define a intervención de crise como "la intervención de crisis es la asistencia inmediata después de que se conocen los hechos con el fin de estabilizar la situación emocional de la víctima y de impedir la traumatización y a fin de poner las bases de una guía ulterior de la víctima y de la asunción de los problemas. (...) la intervención de crisis se guiará exclusivamente por la situación de necesidad de la víctima. Sobre todo, en la primera fase, que sigue a un delito de violencia, hay una gran necesidad de contactos y apoyos". O propio Departamento de Xustiza dos EE.UU. define os programas de asistencia inmediata como aqueles que operan no nivel local e axudan as vítimas de diferentes modos, incluídos explicar o sistema xudicial, acompañalas no tribunal, facerse cargo do transporte, mediar con entidades de crédito, proporcionar terapias e axudar na solicitude de compensación e servizos de emerxencia. Cfr. U.S. DEPARTMENT OF JUSTICE: *Indexed Legislative History of the Victims of Crime Act of 1984*, Washington, 1984, páx. 6. BERISTAIN IPIÑA, A. ("¿La sociedad/judicatura...?", op. cit., páx. 272) define a función destes centros, basicamente, en escoitar a vítima, axudala a formular a denuncia, buscarlle aloxamento, asistencia médica e, sobre todo, asistencia psicolóxica. Para VALEIJE, I. ("La víctima en los delitos...", op. cit., páx. 9), estes programas están destinados, fundamentalmente, a mulleres violadas ou maltratadas e propoñen a creación de distintos servizos relacionados con necesidades imperiosas de tipo material psíquico e psicolóxico no que se ofertan distintas medidas terapéuticas para paliar as disfuncións e trastornos postraumáticos das vítimas de agresións sexuais: síntomas cognitivos, psicolóxicos e trastornos de conduta.

<sup>65</sup> Tal e como sinalan BUSTOS RAMÍREZ, J. e LARRAURI, E.: *Victimología: presente y futuro...* op. cit., páx. 123, as casas de acollida permaneceron en Inglaterra relativamente independentes dos organismos municipais e estatais. Esta maior autonomía obedece a diversos factores. Por un lado, a diversidade de medidas creadas baixo o ímpeto do movemento feminista, que non concibe estes centros unicamente como medidas asistenciais de axuda á muller vitimizada, senón que pretenden exercer un labor educativo, de presión e de combate contra as actuais estruturas familiares e sociais. A esta distinta concepción axuda tamén a tradicional desconfianza cara ao sistema penal -policía e tribunais-. Non se rexeita de plano a súa intervención, pero obsérvase a segunda vitimización que no caso de determinados delitos se produce nas mulleres. Un último factor é a diferente concepción das causas de vitimización, pois os estudos feministas identificaron como causas da vitimización das mulleres a súa ausencia de poder, a súa posición subordinada nas relacións familiares e sociais que a converten en vítima propiciatoria.

lórico. A existencia de servizos deste tipo pode ter unha importante repercusión sobre as vítimas de diversos delitos, particularmente dos delitos violentos<sup>66</sup>, para os que se calcula que, polo menos, un terzo das vítimas ten necesidade de intervencións de crise<sup>67</sup>. Describen Sánchez e Soria VERDE a actuación en crise en diversas etapas. En primeiro lugar, a intervención externa ou situacional, que intentará extraer a persoa afectada da situación vitimizadora o antes posible, trasladándoa a un contorno relaxado e acolledor, axudándolle a retornar gradualmente ao contorno no que se produciu a vitimización para previr situacións de invalidez psíquica vencelladas a esta situación. En segundo lugar, procúrase resolver a situación creada e organizar tarefas urxentes, como hospitalización, aloxamento, atención de nenos, comunicación a familiares, etc... En canto á intervención interna ou psicolóxica, inclúe tranquilizar e intentar diminuír o nivel de ansiedade, comunicándolle que o perigo xa pasou, facilitar a expresión dos afectos acumulados e que son fonte de sufrimento e interfíren co traballo posterior; actuar para resolver as cuestións pendentes e evitar que se volva a revivir a situación. A acción correspóndelle ao suxeito, sendo o papel do psicólogo facilitala, axudándoo a buscar saídas axeitadas<sup>68</sup>. En España creáronse tamén centros a imitación dos desenvolvementos levados a cabo noutros países, como poden ser as casas de acollida para mulleres maltratadas, pero, tras a Lei 35/1995, serán as oficinas de asistencia ás vítimas de delitos as que estarán destinadas a achegar en gran medida axuda inmediata e a coordinar os restantes recursos asistenciais existentes con aplicación ás necesidades vitimais.

En xeral, os SAV procuran realizar todas as actuacións posibles para poder ofrecer axuda práctica á vítima a fin de superar a vitimización. Nalgúns programas dos EE.UU. ou Inglaterra axúdase ás vítimas a reparar pechaduras ou ventás tras roubos nos domicilios, sobre todo no caso de anciáns, ou persoas con especiais dificultades<sup>69</sup>, ou incluso median ante empregadores ou propietarios dos pisos para explicarlles as dificultades xurdidas para a vítima tras a comisión do delito –problemas económicos,

---

<sup>66</sup> Incidencia positiva nas vítimas, que se pode reflectir nunha mellora para o sistema penal, tal e como reflecten os datos achegados por KARMEN, A. (*Crime Victims...*, *op. cit.*, páx. 142) sobre o impacto do centro *Stop Rape* en Baton Rouge, Louisiana, cuxa apertura supuxo un aumento nas taxas de denuncia e nas de detención, desde o 38% ao 69%. A subida das taxas de condena foi aínda máis espectacular, pasándose dun 3% a un 88% dos casos levados a xuízo.

<sup>67</sup> PETERS, T. "Consideraciones teóricas...", *op. cit.*, páxs. 124-125.

<sup>68</sup> Cfr. SÁNCHEZ, A. e SORIA, M.A.: "Intervención psicológica...", *op. cit.*, páxs. 106-107.

<sup>69</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 88-89.

p. ex. – ou a necesidade de perder horas de traballo debido á necesaria colaboración coa Administración de Xustiza ou ao seguimento de terapia<sup>70</sup>. Os SAV son tamén lugares adecuados para informar e axudar as vítimas á hora de solicitar e tramitar axudas económicas (p. ex. as recollidas na Lei 35/1995), reclamacións a compañías de seguros, etc.<sup>71</sup>.

#### 2.4. O labor de asistencia xurídica das oficinas de asistencia ás vítimas

A función orixinaria para a que foron creados os servizos de asistencia á vítima foi para guiar as vítimas de delitos no seu periplo polo proceso, para procurar que a súa relación coa Administración de Xustiza fora o menos traumática posible e, en definitiva, para evitar a vitimización secundaria. Este é tamén o servizo máis demandado polas vítimas que se achegan ás oficinas de asistencia<sup>72</sup>. Ademais, a súa inserción no seo das axencias de Xustiza penal convérteas en verdadeiros colaboradores da Administración de Xustiza, de modo que tamén a esta se lle facilite o trato coas vítimas<sup>73</sup>, encargándose da comunicación con elas ou elaborando informes periciais de carácter vitimolóxico, por exemplo. Esta interacción mutua debe ser aproveitada, tamén, para crear un ambiente de coidado e atención ás vítimas no seo dos órganos xurisdicionais, promovendo a “causa das vítimas” ante os diferentes actores do sistema e procurando a sensibilización sobre a problemática vitimal de modo que a Xustiza penal asuma tamén como unha das súas funcións a de ofrecer unha resposta adecuada ás necesidades das persoas afectadas polo delito e proporcione un trato digno a todos os cidadáns que se achegan a ela, tendo en conta, ademais, os especiais problemas que o delito provoca sobre quen o sofre.

Neste ámbito de actuación, as oficinas deben procurar facilitar a relación entre vítima e proceso, desenvolvendo unha gran variedade de actuacións informativas, de seguimento do caso, interesándose nos xulgados ou ante a policía polo avance da investigación, a situación do imputado,

---

<sup>70</sup> Vide NVAA: “Profesionalizing the discipline of victim services”, USA, 1999; NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 88-89.

<sup>71</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 8.

<sup>72</sup> REEVES, H.: “Victims support Schemes: the United Kingdom Model”, *Victimology*, Vol. X, 1985, nº 1-4, páx. 681.

<sup>73</sup> Neste sentido, os SAV completan o tempo de atención que un xulgado debería dedicar ás vítimas, escoitandoas e informándoas dos seus dereitos, interpreta a linguaxe técnica que o cidadán non entende, apoia e guía á vítima polo seu periplo xudicial, en definitiva, contribúe a mellorar a imaxe que o cidadán ten da xustiza. GONZÁLEZ VIDOSA, F.: *¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páxs. 52-68.

etc.<sup>74</sup>, facilitar a solicitude dun avogado de oficio polas vítimas, procedementos legais para facer valer os seus dereitos, explicando os diferentes tipos de actuacións policiais, recomendando certas accións para evitar unha nova vitimización, adopción de medidas de seguridade, etc... Para procurar que todas estas posibilidades de actuación se volvan efectivas para as vítimas é necesario, como se sinalou anteriormente, asegurar que as persoas interesadas teñan un coñecemento real da existencia da oficina e dos servizos de asistencia xurídica que poden prestar. Para iso, é altamente recomendable que no propio ofrecemento de accións que se realice á vítima, xa sexa no xulgado ou pola policía (arts. 109, 771 e 776 LECrim), se faga mención á posibilidade de que as vítimas acudan ao SAV e aos servizos que lle pode ofrecer<sup>75</sup>.

En todo caso, as oficinas deben limitarse a ofrecer información xurídica, e non tanto asesoramento legal. O xurista dos SAV non debe actuar como un avogado da vítima, senón simplemente ofrecerlle toda a información e sinalar as diferentes consecuencias que poden ter as súas decisións para que esta decida en función dos seus intereses. Trátase, novamente, de non desapoderar a vítima do conflito, senón ofrecerlle as opcións necesarias para que poida decidir por si mesma<sup>76</sup>.

A atención que dispensan as oficinas de asistencia ás vítimas intenta cubrir todos os aspectos da relación entre vítima e proceso penal, realizándose ao longo das diferentes etapas procesuais, atendendo ás necesidades das vítimas en cada unha delas<sup>77</sup>. A primeira acción, polo tanto, debería realizarse inmediatamente tras a comisión do delito. A oficina informará, neste caso, á vítima das posibilidades de actuación que posúe, desde a denuncia ante a policía ou o xulgado, ata incluso a conveniencia de, no caso concreto, non realizar a denuncia, e acudir a medios alternativos para a resolución do conflito, se iso redunda nun maior interese para ela<sup>78</sup>. Este tipo de recomendacións son posibles nunha institución que

<sup>74</sup> Nos programas estadounidenses este seguimento do caso en ocasións continúa tras a condena, proporcionando información sobre o sistema penitenciario, notificando os cambios no status do reo, a súa posible liberación, establecendo iniciativas de reconciliación, etc... Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 8.

<sup>75</sup> Así se inclúe no Protocolo de coordinación entre as ordes xurisdicionais penal e civil para a protección das vítimas de violencia doméstica.

<sup>76</sup> NVASC: *Standars for victim assistance programs and providers*, USA, 2003, páx. 35.

<sup>77</sup> Vide GALPIENSO CALATAYUD, C.: "Oficina de vítimas del delito: Incidencia social en la lucha contra la violencia doméstica", en *Encuentros "violencia doméstica"*, CGPJ, Madrid, 2004, páxs. 201-292.

<sup>78</sup> Isto tamén se pode considerar un labor de apoio á Administración de Xustiza, xa que o SAV procurará que se solucionen en vía extraxudicial conflitos que non deberían ser denunciados, desconxestionando os xulgados de Instrución. O sistema penal

non busca unicamente unha maior eficacia do sistema penal, senón solucionar os problemas concretos de persoas afectadas por un feito disruptivo para a súa vida. Neste sentido, pódese aconsellar ou indicarlle á vítima a posibilidade de acudir á vía civil, cando os problemas cos que se encontra a persoa que acode á oficina teñen un difícil encaixe penal, ou poden ser solucionados dun modo máis satisfactorio a través desta vía. Tamén é posible que os SAV realicen funcións de mediación para procurar solucionar o conflito interindividual naqueles casos que sexa posible. A mediación pode ser un modo de solventar os problemas que enfrontan a vítima e vitimario, ofrecendo unha solución que en moitos casos pode ser máis adecuada e duradeira que a ofrecida polo proceso penal.

Cando a vítima decida optar pola denuncia, as oficinas pódena asesorar sobre o modo de interpoñela e ofrecerlle axuda para a súa redacción, así como as actuacións que debe realizar para fundamentalala e asegurar, na medida do posible, o éxito na tramitación, evitando formulacións erróneas que condicionen a súa viabilidade, producíndose o arquivo ou unha inaxeitada cualificación dos feitos<sup>79</sup>. Procurarase que a vítima lea sempre a denuncia antes de asinala, para asegurarse que se inclúe todo aquilo que considere importante e que non se recollese, só asinala cando todo o que considere importante estea incluído. En ocasións, será importante que se acompañen á denuncia informes médicos, de hospitais ou de servizos de urxencia, polo que se non se realizou, débese orientar as vítimas para que sexan recoñecidas por estes especialistas.

Tamén se realizan habitualmente actuacións en determinados trámites do proceso penal para facilitar a intervención da vítima neste, como pode ser á hora de que esta realice declaracións ante os órganos xudiciais. Neste sentido, as oficinas poden organizar servizos de acompañamento. O persoal dos SAV pode realizar visitas coas vítimas e testemuñas ás salas de vistas de modo que estas se vaian familiarizando co lugar onde deberán declarar, coñezan a situación que ocuparán no seo da sala e o dos restantes participantes nas vistas. Tamén poderán ofrecer acompañamento ás vítimas nos momentos previos á declaración –ou incluso durante esta<sup>80</sup>– para infundir tranquilidade durante a espera, evitar que esta se

---

non pode dar resposta nin explicacións en determinados casos, o que pode dar lugar a confusión e mala imaxe no cidadán. GONZÁLEZ VIDOSA, F.: *¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, páxs. 52-68.

<sup>79</sup> *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páx. 36.

<sup>80</sup> Nestes casos o acompañamento soe reservarse para vítimas que estean severamente afectadas pola vitimización, tipicamente vítimas de delitos violentos, maiores e nenos que foran agredidos sexualmente. NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 88-89.

realice en solitario nos corredores do xulgado<sup>81</sup>, co perigo que iso trae consigo de encontrarse co agresor ou con persoas do seu contorno próximo, o que pode ser especialmente vitimizante<sup>82</sup>. Os SAV tamén poderán mediar ante os órganos xudiciais para que as declaracións se produzan nun ambiente o máis favorable posible para a vítima, instando, cando o consideren necesario e a vítima o solicite, o uso de biombos, ou outros medios que permitan realizar a declaración en condicións de tranquilidade e seguridade para a vítima.

Tamén as oficinas poden cumprir algunha función á hora de proporcionar protección persoal para a vítima. Aínda que as posibilidades materiais para proporcionar unha efectiva protección física son limitadas, é certo que o mero feito de que a persoa vitimizada encontre un ambiente de preocupación e de atención ás súas necesidades pode contribuír a aumentar a súa tranquilidade e con iso a sensación subxectiva de seguridade<sup>83</sup>. Tamén se poderá informar a vítima das posibilidades de obter protección desde a Administración de Xustiza, e interceder ante esta para que se tomen decisións que garantan o respecto á súa intimidade e seguridade, como pode ser a través do establecemento de zonas de espera específicas, da adopción das medidas que se inclúen na Lei 14/94, do 23 de decembro, de protección de testemuñas e peritos en causas criminais, ou proporcionar determinadas informacións que axuden a tranquilizar a vítima como a detención do agresor, etc...

No ámbito da violencia doméstica outorgóuselles aos SAV unha función primordial no tocante a asegurar a protección das vítimas deste tipo de delitos<sup>84</sup>, sobre todo a partir da introdución no noso sistema proce-

<sup>81</sup> GONZÁLEZ VIDOSA, F. (*¿Qué es la ayuda a la víctima?*, Barcelona, 2001, pág. 41) propón que nos SAV se organicen programas de acompañamento a vítimas e testemuñas, a cargo de alumnos en prácticas dos institutos de criminoloxía, obxectores de conciencia ou voluntarios.

<sup>82</sup> Os servizos dirixidos ás vítimas en canto testemuñas desenvolvéronse nos EE.UU. a través dos programas de asistencias a vítimas e testemuñas, normalmente vinculados ás oficinas do Fiscal, onde se proporcionan servizos tales como recepción de testemuñas, orientación nos tribunais, notificación das citacións para declarar, transporte das testemuñas, coidado de nenos mentres se realiza a declaración e acompañamento á sala. Vide NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, pág. 8.

<sup>83</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páxs. 88-89.

<sup>84</sup> O SAV de Bilbo describe a súa intervención nos casos de violencia doméstica como segue: acollida da vítima por parte da traballadora social do servizo e contención desta; obtención dos datos necesarios en relación coa problemática da vítima e dos seus recursos sociais, culturais e económicos, coa finalidade de realizar unha abordaxe multidisciplinar e individualizada; coordinación cos servizos sociais existentes na provincia, co obxectivo de non duplicar os organismos intervinientes e, de ser o caso,

sual penal da orde de protección ás vítimas<sup>85</sup>. As oficinas configúranse nos protocolos de actuación en violencia doméstica como equipos de coordinación<sup>86</sup>; neste sentido deben analizar as necesidades de protección e da vítima<sup>87</sup>, instar, cando sexa conveniente, a súa adopción ou axudar á vítima na solicitude destas. Ademais, os xulgados deben notificar a adopción das ordes de protección ás oficinas de asistencia ás vítimas, para que sexan estas quen se encarguen de explicar ás súas destinatarias o seu contido e proceder a aclarar as dúbidas ou medos que estas puidesen ter. A comunicación á vítima das medidas do art. 544 *ter* LECrim debe ser realizada con claridade, empregando termos sinxelos e comprensibles sobre o contido do auto, explicando as características das medidas concretas que se ordenen e que as medidas de carácter civil contidas na orde

---

coordinar a actuación; coordinar, en caso de necesidade, o traslado e aloxamento da vítima en pisos de acollida; coordinación cos servizos sociais existentes e outros organismos para a tramitación de axudas económicas de urxencia, nomeamento de avogados, tratamentos terapéuticos e médicos individualizados; asesoramento na redacción de denuncias; presentación de escritos de solicitude de probas; acompañamento a calquera dilixencia xudicial e/ou policial (interposición de denuncia, declaración, rolda de recoñecemento, xuízo oral); solicitude de medidas de protección; información sobre trámites xudiciais ou policiais; preparación do xuízo oral no aspecto formal; tratamento terapéutico individualizado para paliar os efectos da vitimización; redacción de informes a solicitude do MF; clínica médico-forense, xuíz de Instrución ou xuíz do Penal; ratificación de informes no xuízo oral, etc... Cfr. *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páxs. 68-70.

<sup>85</sup> A valoración destas ordes de protección está sendo positiva por parte dos profesionais de asistencia ás vítimas, que, con todo, apuntan a necesidade de contar cun avogado –e polo tanto con diñeiro suficiente, moitas veces– para conseguilas. Por iso, o labor dos SAV pode ser importante para axudar a solicitar estas ordes. Será importante unha coordinación entre os SAV e os servizos de asistencia xurídica ás vítimas de violencia doméstica que se organicen nos colexios de avogados. Así se sinala na *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páx. 59, onde ambas as institucións traballan conxuntamente para superar a problemática presentada, tanto desde o punto de vista social coma psicolóxico.

<sup>86</sup> A necesidade de coordinar a loita contra a violencia doméstica para unha maior eficacia das ordes de protección foi sinalada polo propio Protocolo de coordinación entre as ordes civil e penal para a protección das vítimas de violencia doméstica. Deste xeito, o parágrafo 2º DA 2ª Lei 27/03 dispón que lle corresponderá á comisión de seguimento “la elaboración de protocolos de alcance general para la implantación de la orden de protección regulada en esta Ley, así como la elaboración de instrumentos adecuados de coordinación que aseguren la efectividad de las medidas de protección y de seguridad adoptadas por los Jueces y Tribunales y por las Administraciones Públicas competentes”. Isto inclúe aos SAV, xa que segundo o punto 4º do Protocolo é importante regular as relacións entre as mencionadas oficinas e “aquellos órganos judiciales penales y civiles que realicen actuaciones relacionadas con la orden de protección”.

<sup>87</sup> Así, no Protocolo de actuación subscrito polo Goberno vasco, o TSX do País Vasco, o Departamento de Interior e outras institucións, o SAV de San Sebastián emite un informe psico-social sobre a vítima de violencia doméstica a solicitude do xulgado de Instrución, para a adopción das medidas pertinentes. *Memoria del año 2002 del Servicio de Asistencia a la Víctima de la C.A.V.*, Bilbo, 2003, páxs. 67-68.

de protección terán unha vixencia temporal de 30 días, explicándose, tamén, o resto do contido do art. 544 *ter* LECrim, polo que os SAV son a institución adecuada para realizar esta información, tal e como sinala o Protocolo de coordinación, realizándose nos xulgados cando non existan oficinas de atención ás vítimas ou non se encontren operativas en función do seu horario. Por último, as oficinas están chamadas, tamén, a realizar un labor de seguimento en canto á eficacia e cumprimento da orde.

### 2.5. Outras funcións dos servizos de atención ás vítimas

Ademais das funcións primordiais que se sinalaron, a propia estrutura e a vocación de servizo ás vítimas das oficinas de asistencia posibilitan o desenvolvemento doutras misións que van máis alá das puramente asistencias, pero que están intimamente relacionadas coa mellora do status das vítimas e a promoción dos seus dereitos. Entre estes labores pódense sinalar as relacionadas coa prevención do delito, as de activismo en prol das vítimas e promoción de “causa vitimolóxica” ou a intervención das oficinas de asistencia en funcións de mediación penal.

Os SAV son institucións axeitadas para a coordinación e o desenvolvemento de campañas de prevención vitimal e de formación en materia de asistencia ás vítimas<sup>88</sup>. En primeiro lugar, a través da realización de campañas informativas, dirixidas á cidadanía, para lograr avanzar na prevención do delito. Estas campañas poderán ir acompañadas dunha actividade institucional na que os SAV intercambien experiencias con outras entidades –policía, Poder Xudicial, etc.– xunto coa organización de cursos, seminarios, etc... No ámbito educacional tamén se pode desenvolver un labor de promoción e de formación dos profesionais de distintos ámbitos en materias de corte vitimolóxico. De feito, a relación entre universidade e asistencia á vítima está sendo frutífera noutros países, de modo que se contribúe a formar novas xeracións de profesionais que poden desempeñar funcións de atención ás vítimas desde distintos ámbitos de actuación, a través da impartición de másters, programas de doutoramento en vitimoloxía, a inclusión dos asuntos vitimais en programas de estudos de diversas disciplinas, etc...

A propia actuación ordinaria dos SAV fainos especialmente apropiados para colaborar na prevención do delito desde o traballo de investigación criminolóxica. De feito, o trato coas vítimas pode achegar unha gran cantidade de datos que correctamente analizados e sistematizados son sus-

<sup>88</sup> O SAV de Bilbo inclúe entre as súas funcións colaborar cunha política de prevención e diminución dos efectos da inseguridade cidadá a través dunha eficaz política informativa, a través da edición de carteis, trípticos, reunións con grupos e institucións do ámbito xurídico-penal, realización de sondaxes de opinión, enquisas de vitimización, etc. *Servicio de Asistencia a la Víctima: Dossier informativo.*

ceptibles de chegar unha gran fonte de coñecemento da realidade vitimal e, polo tanto, delincuencial. Valeije fai referencia á existencia de diferentes modelos de oficinas, desde o punto de vista das funcións que deben realizar. Así, fronte a un modelo asistencial –de benestar social– ou de atención legal, existiría un modelo criminolóxico, que tería como punto de partida a asistencia á vítima como parte da realidade criminal, atendendo aos múltiples factores que participan. Para os defensores do modelo criminolóxico, este ofrece unha serie de vantaxes, centradas basicamente no emprego das oficinas de asistencia como un medio máis de control social e de loita contra o delito<sup>89</sup>. En xeral, pode dicirse que as oficinas organizadas baixo este patrón teñen como fin dar a maior información posible á vítima, así como ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e á Administración de Xustiza, desenvolvendo un papel importante como medios de control social formal e informal, máis alá do puramente asistencial. Centrar a actividade das oficinas cara a fins preferentemente criminolóxicos e preventivos é contrario á inspiración destas como verdadeiras institucións asistenciais, que se sinalou neste traballo e que se reflicte na intención do lexislador español ao crealas, dos movementos sociais ao reclamálas e da actuación dos poderes públicos que foron pioneiros na súa implementación. Por iso, debe terse en conta que, aínda que o torrente de datos vitimolóxicos que pode ser recollido na actividade das oficinas de asistencia a fan susceptible de contribuír á investigación criminolóxica e ás tarefas de prevención delituosa, esta non debe ser a súa función primordial e debe realizarse tendo en conta que o labor principal será a de asistir ás vítimas nas súas necesidades e procurar o seu maior benestar. As tarefas complementarias a estas deberán realizarse sempre e cando non entorpezan este ánimo central e se respecten os dereitos e a intimidade das vítimas.

Ao igual que están destinados a actuar en favor das vítimas no seo da xustiza penal, os SAV poden tamén realizar un labor de promoción da causa das vítimas no seo da sociedade<sup>90</sup>, a través dun auténtico papel activista dos dereitos destas. Esta actuación está estendida nos EE.UU. ou en Inglaterra, aínda que, nestes casos, se ve facilitada polo carácter non gobernamental que teñen organizacións como *Victim Support*<sup>91</sup>, o que difire do

<sup>89</sup> Estas vantaxes foron resumidas por VALEIJE, I: "La víctima en los delitos...", *op. cit.*, páxs. 15-16.

<sup>90</sup> HARTMANN, U.I.: "The role of volunteers in victim assistance and the work of the 'Lower Saxon's foundation for victim assistance' in Germany", comunicación presentada ao XI Simposio Internacional de Victimología, Stellenbosch, 2003.

<sup>91</sup> A actuación política no caso inglés non se viu exenta de polémica, polo que o labor de NAVSS limitouse neste sentido. O feito de intervir publicamente en favor das vítimas viuse como vantaxoso para o propio movemento, xa que se percibiu como unha organización allea a movementos partidarios, defensora dunha "causa xusta". Unha imaxe máis agresiva podería, segundo CORBETT, C. e MAGUIRE, M. ("The value and

status de Administración pública co que se configuran en España os servizos de asistencia ás vítimas. A pesar diso, os SAV poden participar na tarefa de promover os dereitos das vítimas e ofrecer a súa visión ante os cambios lexislativos que se propoñan ou ante as necesidades sociais que reclamen tomas de posición dos poderes públicos, tanto a nivel político, reclamando determinadas actuacións das institucións, coma a nivel cidadán, dando a coñecer os problemas e realidades das vítimas ante a opinión pública, coma a nivel institucional, promovendo as actividades a prol da vítima non só ante os órganos da xustiza penal, senón no ámbito das institucións sociais, sanitarias, etc., de xeito que se crea unha verdadeira rede asistencial e que se acaden un nivel de conciencia adecuado sobre a situación das vítimas de delitos e a necesidade de que toda a sociedade reaccione contra este problema e actúe consonte a verdadeiros mecanismos de solidariedade.

Por último, na práctica, véñense promovendo en certos SAV iniciativas de mediación penal, tanto na xustiza de menores coma na de adultos<sup>92</sup>. O carácter multidisciplinar dos equipos que integran as oficinas e a formación dos seus membros –psicólogos, traballadores sociais e xuristas, principalmente– favorecen a introdución destes programas no seu ámbito de actuación<sup>93</sup>. Ademais, a mediación penal pode ser en ocasións máis beneficiosa para a vítima que o recurso aos medios formalizados de resolución do conflito<sup>94</sup>. De feito, un dos aspectos primordiais da mediación e unha das súas perspectivas máis habitualmente subliñadas é que esta toma por igual os intereses da vítima e do ofensor<sup>95</sup>. A vítima resulta

---

limitations of Victims Support Schemes”, en *Victims of crime, a new deal?*, Philadelphia, 1988, pág. 36) danar as oportunidades de recibir fondos gobernamentais, ademais, o seu carácter basicamente asistencial limita as posibilidades de realizar actividades reivindicativas. *Victim Support* mantívose tamén á marxe de polémicas como as relacionadas co endurecemento das penas e as que teñen que ver coa represión penal, en xeral, de modo que aumentou o seu prestixio.

<sup>92</sup> Vide HERRERA MORENO, M.: “La conciliación menor-vítima en el ámbito de la desviación juvenil: reflexiones en torno a su controvertida plasmación en la L.O. 5/2000, de 12 de enero”, en *Anuario de Justicia de Menores*, nº 1, 2001, páxs. 425-441; JORGE MESAS, L.F.: “Mediación. 1ª experiencia de adultos en España”, *PJ*, 1995, nº 40, páxs. 321-322.

<sup>93</sup> MESSMER, H.: “Reducing the conflict: an analysis of victim-offender mediation as an interactive process”, en Galaway, B. e Hudson, J.: *Criminal Justice, Restitution and Reconciliation*, Monsey, N.Y., 1990, páxs. 60-61.

<sup>94</sup> Este beneficio para as vítimas provoca que algúns autores, como MARSHALL, T.F. (“Results of research from British experiments in restorative justice”, en Galaway, B. e Hudson, J.: *Criminal Justice, Restitution and Reconciliation*, Monsey, N.Y., 1990, páxs. 103-104) defenderan o compromiso dos traballadores de asistencia ás vítimas nos programas de mediación.

<sup>95</sup> WYNNE, J. (“Leeds Mediation...”, *op. cit.*, páxs. 448-449) fai referencia aos diversos intereses da vítima e ofensor que son cumpridos polo proceso de mediación. En canto

especialmente beneficiada a través da intervención directa na resolución do conflito, a consecución dun acordo de reparación<sup>96</sup> e da oportunidade que se lle ofrece para disipar os seus temores, facer ver os seus puntos de vista e conseguir resposta aos seus intereses, incluso a aqueles relacionados con danos morais e estados e sentimentos que lle impiden á vítima assimilar de forma racional e frutífera a experiencia delituosa vivida<sup>97</sup>. Tales posibilidades sonlle negadas de modo habitual no proceso penal, onde os intereses centrais son os do imputado e os do Estado, que ocultan o interese da vítima, o cal, cando é considerado, ocupa unicamente un lugar secundario, a pesar dos avances que se fixeron neste sentido nos últimos anos<sup>98</sup>. Na mediación, porén, o equilibrio de posicións entre ambas as partes motiva que os intereses da vítima non queden postergados aos do ofensor, senón que son tratados en pé de igualdade<sup>99</sup> <sup>100</sup>.

---

á primeira, a mediación ofrécelle unha oportunidade para tomar parte no proceso e poder elixir o nivel de involucración apropiada, se debe haber un intercambio de sentimentos vía mediador, ou un encontro cara a cara; ofrécelle unha información precisa do progreso do caso; ofrécelle un recoñecemento ao sufrimento da vítima e a aceptación de responsabilidade polo dano do ofensor; ofrécelle a posibilidade dalgunhas formas de reparación; pode axudar a reducir o medo de ser revitimizado. Pola súa parte, con referencia ao ofensor permítelle aceptar a completa responsabilidade do seu comportamento; ofrecer reparación dalgún modo; ofrecer desculpas; esquecer o delito e empezar de novo; aumentar a autoestima; reintegrarse dentro da comunidade.

<sup>96</sup> Esta vantaxe é especialmente importante, como se viu e resalta BONET ESTEVA, M. (*La víctima del delito...*, *op. cit.*, páx. 30) nos sistemas onde a responsabilidade civil derivada do delito non se substancia no seo do proceso penal.

<sup>97</sup> Vide GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, A.: *Criminología...*, *op. cit.*, páx. 320; CARRASCO ANDRINO, M.M.: "La mediación del delincuente-víctima...", *op. cit.*, páx. 78. KARMEN, A. (*Crime Victims...*, *op. cit.*, páx. 245-246) sinala como vantaxes para a vítima na mediación o feito de que non deban ser interrogadas en público; poden representarse elas mesmas mellor que aceptar os servizos dun fiscal que coida dos intereses do Estado ou dun avogado que só busca ganar diñeiro. O acordo pode verse como unha vindicación se o ofensor pide desculpas e compromete a restitución. Pode ser, ademais, unha base para a reconciliación.

<sup>98</sup> Para BAZEMORE, G. ("Three Paradigms for Juvenile Justice", en *Restorative Justice: International perspectives*, Monsey, NY, 1996, páxs. 46-47) a involucración das vítimas no sistema penal tradicional é pequena e está conducida, fundamentalmente, por prioridades retributivas, máis ca restaurativas. Por moitas melloras que se introduzan, o interese de fiscais, xuíces e avogados defensores e directores de programas de tratamento é ganar casos, procesar acusados ou asegurar a liberdade dos clientes, etc., sobre as necesidades das vítimas. Polo contrario, o enfoque da *restorative justice* presta atención ás necesidades das vítimas, ao recoñecemento da súa vitimización, a devolverlle as súas perdas, a permitirlle participar no proceso penal e a ter un rol de toma de decisións neste proceso.

<sup>99</sup> Este modelo, como indica GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, A.: *Criminología...*, *op. cit.*, páx. 318, "procura contemplar los intereses, expectativas y exigencias de todas las partes implicadas en el problema criminal, con armonía y ponderación".

<sup>100</sup> A utilización da mediación favorece, ademais, a determinados tipos de vítima dun modo especial. A COMISIÓN EUROPEA (*Víctimas de delitos en la Unión Europea—Normas y medidas*, Bruxelas, 1999, páxs. 8-9) recomendou o uso das fórmulas de mediación

### 3. Os modelos organizativos das oficinas de asistencia ás vítimas

Ademais das funcións das oficinas de asistencia ás vítimas, para explicar o funcionamento destas e propoñer un modelo para a súa implantación en Galicia será necesario, tamén, estudar os diferentes modelos organizativos existentes, tanto no dereito comparado coma no Estado español, e establecer cal se adapta mellor ás necesidades das vítimas e á organización xudicial propia. Nas organizacións comparadas que se estudaron pódense establecer unhas directrices organizativas xerais. Son dúas as tendencias principais que se observaron, en primeiro lugar, aquela que responde a unha inspiración comunitaria, de entidade caritativa, desvenellada das institucións gobernamentais e que utiliza fundamentalmente persoal voluntario. O segundo modelo típico sería o dun SAV incardinado de modo máis ou menos permanente na organización da Administración de Xustiza, empregando persoal profesional ou incluso funcionario da propia Administración de Xustiza.

A incardinación no seo da Administración xudicial presenta unha serie de beneficios fronte ao sistema de organización privada, debido a que deste modo o SAV non é visto polos demais actores do sistema como un corpo ou unha entidade extraña a este, o que facilita a colaboración dos seus membros<sup>101</sup>. A pertenza á Administración implica, ademais, un maior coñecemento do seu funcionamento o que facilitará o entendemento con outras administracións e maior facilidade á hora de establecer reunións de coordinación e activar protocolos de coordinación. Os SAV convértense, así, nunha ponte entre as diferentes administracións que teñen algo que dicir no referente á asistencia ás vítimas<sup>102</sup>. Existen opinións contrarias, con todo, que aprecian nas vítimas maior receptividade ante os modelos de inspiración comunitaria. Por outra parte, estes mesmos autores sinalan que os modelos fortemente institucionalizados

---

para as vítimas estranxeiras, que se poderían beneficiar destes sistemas a través de dúas formas: a mediación inmediata, pola policía ou o fiscal, soluciona o problema antes de saír do país. En segundo lugar, a mediación de terceiros, cando un intermediario actúa a prol da vítima co fin de conseguir un acordo mediado, é vantaxosa cando a vítima regresou xa ao seu país de orixe. Isto probablemente é pertinente só cando se trata de delitos contra a propiedade e, aínda así, nos casos nos que se consegue aprehender ao delincuente, e este ten medios suficientes para que a mediación teña perspectivas de éxito.

<sup>101</sup> O NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE (*Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 9) apreciou nos EE.UU. que moitos axentes de policía, fiscais e funcionarios de *parole* e *probation* recoñeceron que cumprimentar as súas obrigas para cubrir as necesidades das vítimas require a integración dos servizos ás vítimas dentro do funcionamento normal do sistema de xustiza penal.

<sup>102</sup> GALPIENSO CALATAYUD, C.: "Oficina de vítimas del delito: Incidencia social en la lucha contra la violencia doméstica", en *Encuentros "violencia doméstica"*, CGPJ, Madrid, 2004, páx. 289.

tenden a colaborar máis coas propias necesidades do sistema penal, correndo o perigo de deixar a un lado as necesidades da vítima en caso de conflito<sup>103</sup>. Sinálase que unha organización privada representa mellor os intereses das vítimas, desenvolve máis iniciativas e mantén máis viva a súa enerxía ca unha oficina pública<sup>104</sup>.

O modelo de xestión privada, porén, presenta certos inconvenientes<sup>105</sup>. En primeiro lugar, o risco de que estas asociacións sexan copadas por determinadas entidades con adscrición a unha ideoloxía concreta –relixiosa ou social– que as empregue con fins máis alá dos puramente asistenciais. En segundo lugar, o perigo de que se produza un lucro efectivo de determinadas persoas privadas a partir destes servizos. O caso de certas asociacións de rehabilitación de drogodependentes é un exemplo a ter en conta, pois, xunto con agrupacións que realizan o seu labor de modo loable, xurdiron outras nas que se reflicten ambos os problemas apuntados.

O servizo de asistencia ás vítimas debe ser proporcionado polo Estado, sen deixar de lado, por suposto, á sociedade civil, da que se debe buscar o apoio e implicar na recuperación da vítima<sup>106</sup> –e do delincente–, e uti-

---

<sup>103</sup> Destacado expoñente desta opinión é ELIAS, R.: “Community control, criminal justice and victim services”, en *From crime policy to victim policy*, New York, 1986, páx. 312, quen desconfía dos servizos oficiais. Para este autor, a aproximación comunitaria transformaría significativamente a confianza nas perspectivas oficiais e nas solucións para tratar o delito, para as necesidades das vítimas, e incluso para outros problemas sociais.

<sup>104</sup> GONZÁLEZ VIDOSA, F. e STANGELAND, P.: “La oficina de ayuda...”, *op. cit.*, páx. 4.

<sup>105</sup> MAWBY, R.I.; WALKLATE, S. (*Critical victimology...*, *op. cit.*, páxs. 108-109) refírense a unha serie deles. En termos xerais, os servizos dependen en gran medida do financiamento por parte do Estado. Porén, o apoio financeiro dos gobernos é raramente a tal escala que non permite que o servizo estea baseado en persoal profesional e en case todos os países onde se proporcionan servizos de apoio ás vítimas hai unha forte dependencia de voluntarios. As implicacións disto son diversas. En moitos casos, a dispoñibilidade financeira é a curto prazo e pode ser eliminada cun cambio de clima político, ou pode ser provido por un período limitado na expectativa de que a axencia se autofinanciará a longo prazo. Os voluntarios poden pasar, por iso, gran parte do seu tempo buscando financiamento máis que facilitando servizos. A dependencia de voluntarios pode facer que exista competencia con axencias rivais para recrutar e a falta de voluntarios pode restrinxir a provisión de servizos en determinadas áreas. Moitos países crearon corpos nacionais de coordinación que provén estándares nacionais, consello, exemplos de boas prácticas, e vínculos con axencias semellantes.

<sup>106</sup> Esta necesaria implicación social é a que leva a determinados autores, como PELEATO, A.; RAMOS, E. e GUTIÉRREZ, M. (“Intervención psicosocial...”, *op. cit.*, páx. 139) a defender a participación de voluntarios nos servizos de asistencia como unha fórmula da comunidade para manifestar a súa responsabilidade, implicación e participación. Subliñan a importancia que para a vítima do feito ten a reacción do contorno cando esta se enfronta ao feito delituoso. En xeral, dáse unha perda da confianza noutras persoas, no sistema, na resposta social. Polo tanto, o contorno ou o traballo de voluntarios pode ser unha das canles para restablecer a desconfianza.

lizando principalmente persoal profesional. O emprego de asociacións privadas e a introdución do voluntariado dá lugar a que as funcións encomendadas se realicen por persoas que non recibiron suficiente formación, ou que traballan en condicións de precariedade, incluso sen remuneración, o que acaba por redundar na calidade da atención recibida pola vítima. Ademais, moitos esforzos necesarios para a efectiva realización das tarefas previstas distraeríanse na busca de financiamento e de persoal colaborador, tarefas das que nun modelo de xestión pública se deberían ocupar outras instancias.

En canto á determinación de se o persoal debe ser profesional ou se, polo contrario, sería máis beneficioso o uso de persoal voluntario, en certos sistemas, como os EE.UU.<sup>107</sup> ou o *Victim Support*<sup>108</sup> en Inglaterra, optouse maioritariamente polo uso de voluntariado, existindo propostas en España de estender este modelo a través do uso de estudantes en prácticas ou dos xa desaparecidos obxectores de conciencia. O uso de persoal non profesional ten moita relación coa inspiración caritativa do modelo, e incluso se sinalou que están libres dos prexuízos de quen recibiu unha formación profesional, centrándose máis nas necesidades sentidas na comunidade<sup>109</sup>, pero a tendencia, incluso nos sistemas que tradicionalmente optaron por este modelo é a de intentar asignar a este tipo de colaboradores tarefas menores, como ofrecer axuda ás vítimas para cumprir formularios, traballo administrativo, axuda por teléfono, etc., xa que ante a escasez de medios son unha solución barata que permite aumentar o servizo<sup>110</sup>. Basear o labor de asistencia ás vítimas en persoal voluntario trae consigo unha serie de desvantaxes, como son a falta de preparación deste, o seu comportamento pouco profesional en ocasións, o tempo necesario para proporcionarlles unha axeitada formación e a incerteza do compromiso co programa, debido a que non se senten obrigados –naturalmente– a cumprir un horario ou a colaborar durante un

<sup>107</sup> MCEWEN, T.J. (“Victim Assistance Programs: Whom They Service, What They Offer”, 1995, páx. 2) sinala para os Estados Unidos un promedio de voluntarios que supera en 2/3 ao persoal profesional e desempeña un papel básico á hora de proporcionar servizos ás vítimas. A variedade do persoal, de todas formas, é grande duns programas a outros, desde empregados a tempo completo ata voluntarios a tempo parcial, desde aqueles que teñen unha formación avanzada en servizos sociais, xustiza, asistencia sanitaria e outras disciplinas, a aqueles que non teñen unha educación formal; desde aqueles cuxa historia vital non inclúe unha vitimización persoal a aqueles que sobreviviron ao trauma da vitimización criminal cometida contra eles ou seres queridos. Cfr. NVAA: “Professionalizing the discipline of victim services”, USA, 1999.

<sup>108</sup> Vide CORBETT, C. e MAGUIRE, M.: “The value and limitations of Victims Support Schemes”, en *Victims of crime, a new deal?*, Philadelphia, 1988, páxs. 31-32.

<sup>109</sup> MARSHALL, T. e WALPOLE, M.: *Bringing people together*, London, 1985, páx. 49.

<sup>110</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 35.

tempo determinado, o que leva consigo a necesidade de recrutar permanentemente novo persoal voluntario<sup>111</sup>.

En España optouse por un modelo baseado na inserción dos SAV no seo da Administración de Xustiza, xa sexa porque o persoal das oficinas é directamente persoal funcionario ou a través de concesións administrativas a entidades privadas sen ánimo de lucro, que contratan elas mesmas ao persoal laboral que consideren máis adecuado, de acordo co disposto no art. 473 LOPX que sinala que “cuando no existan cuerpos o escalas de funcionarios cuyos miembros tengan la preparación técnica necesaria para el desempeño de determinadas actividades específicas o para la realización de actividades propias de oficios, así como de carácter instrumental, correspondientes a áreas de mantenimiento y conservación de edificios, equipos o instalaciones u otras análogas, podrá prestar servicios retribuidos en la Administración de Justicia personal contratado en régimen laboral”, polo que se podería entender que as administracións autonómicas poden recorrer a esta vía para establecer os SAV, tal e como se fixo, p. ex., no caso do País Vasco<sup>112</sup>. O uso de voluntariado é residual nas experiencias que se tiveron oportunidade de estudar. Isto vén coincidir coa falta de tradición no ámbito español na atención ás vítimas do delito como unha actividade caritativa específica<sup>113</sup>, e coa orientación que se prevé na Lei 35/1995, que se ben é certo que non predeterminaban ningún modelo, si facía referencia ás oficinas existentes, que foran fomentadas desde os poderes públicos e asumidas como unha obriga institucional.

---

<sup>111</sup> NATIONAL INSTITUTE OF JUSTICE: *Serving crime victims and witnesses*, 2ª ed., USA, 1997, páx. 49.

<sup>112</sup> Así, mentres, p. ex., no SAV de Madrid o persoal que o forma é funcionario da Administración de Xustiza, no de Bilbo é unha asociación privada sen ánimo de lucro quen o xestiona. Esta entidade é o Instituto de Reintegración Social de Biscaia (IRSE-EBI), que é unha asociación creada no ano 1987 por profesionais de diferentes campos, que ten por obxecto a prevención e o tratamento da delincuencia con medios abertos, incidindo nas causas individuais e sociais que a provocan e asesorando a toda persoa que sexa detida, excarcerada ou se encontre en liberdade provisional. En 1991 asina un Convenio de Colaboración co Departamento de Xustiza do Goberno vasco para o funcionamento e desenvolvemento do Servizo de Asistencia á Vítima de Bilbo. Integrado por un equipo multidisciplinar situado no Pazo de Xustiza de Bilbo, este servizo contempla a atención de toda persoa que manifeste ser vítima dalgún delito, prestando a asistencia xurídica, psicolóxica e social que necesite, así como informar as vítimas dos recursos e procedementos de defensa que os asisten. Cfr. *Memoria de Actividades del Instituto de Reintegración Social de Bizkaia (IRSE-EBI)*.

<sup>113</sup> Contrasta isto co sinalado por AURTENETXE GOIRIENA, J.L.: “Políticas a favor de las víctimas en Euskadi”, *Eguzkilore*, 1997, nº 11, páx. 268, en relación ao País Vasco, xa que indica que a creación de asociacións de axuda foi xenerosa e frutífera neste campo, sendo moi activas no labor de concienciación e de asistencia, labor que é apoiado e fomentado desde a Administración.

#### 4. Conclusión. A necesidade de crear auténticos SAV en Galicia

A valoración da creación dos SAV a nivel do Estado español non pode ser senón positiva. Os diferentes estudos realizados a nivel internacional demostraron que as vítimas aprecian a posta a disposición de servizos asistenciais, incluso aínda que non cheguen a empregalos<sup>114</sup>. En España non se coñecen estudos globais sobre a aceptación social das oficinas de asistencia, pero as experiencias individuais dos diferentes servizos indican que na maior parte dos casos se aprecia unha resposta moi positiva daquelas persoas que se achegan en busca de axuda. É necesario, con todo, mellorar algúns aspectos. Aínda que a diferenza entre uns casos e outros é grande, tal e como se puido apreciar na realidade dos diferentes SAV, é necesario que estes estean adecuadamente dotados en canto a persoal e posibilidades materiais. Estas dotacións deben ser acordes co número de usuarios potenciais da oficina, podéndose tomar como referencia o número de xulgados de Instrución do partido xudicial onde actúe. Non responde a unha lóxica de atención eficiente que exista o mesmo persoal nunha oficina destinada a cubrir o ámbito de máis de 50 xulgados de Instrución e unha poboación de máis de 3 millóns de persoas que noutra incardinada nunha cidade de menos de 200.000 habitantes. Tamén debe mellorarse en moitos casos a proxección da oficina, de modo que sexa suficientemente coñecida entre a cidadanía, ou cando menos entre aquelas persoas que poden necesitar dos seus servizos. A súa localización espacial debe responder a un criterio de visualización e accesibilidade, que non sempre se está dando na práctica. As instalacións deben ser axeitadas para a realización das funcións previstas, isto quere dicir que terá que haber espazo suficiente para garantir unha atención en condicións de intimidade e garantindo o respecto á situación moitas veces traumática da vítima.

De todas formas, pode dicirse que, a pesar das deficiencias detectadas en moitos casos, a situación é mellor en calquera outro lugar do Estado do que o é en Galicia. A creación dunha rede asistencial apenas comezou na Comunidade autónoma, sen que se coñezan intentos serios da Administración por establecer servizos de asistencia ás vítimas co carácter multidisciplinar e de atención integral que aquí se describiron. Existen, é certo, servizos ofertados a vítimas de determinados delitos ou con determinadas características, como poden ser os menores ou as mulleres vítimas de violencia doméstica –neste sentido é de destacar o labor que está a realizar o Servizo Galego de Igualdade–, pero non entidades destinadas a tratar a vitimización en sentido amplo.

<sup>114</sup> MAGUIRE, M. e CORBETT, C.: *The effects of crime ant the works of victims support schemes*, Oxford, 1987, páxs. 211 e 255; CORBETT, C. E MAGUIRE, M.: "The value and limitations of Victims Support Schemes", en *Victims of crime, a new deal?*, Philadelphia, 1988, páx. 29.

Recentemente creáronse nos xulgados da Coruña e Pontevedra uns denominados “servizos de atención ao cidadán e á vítima de delito”, que, a pesar da boa vontade dos funcionarios ao cargo, non se poden comparar de ningún modo cun verdadeiro servizo de asistencia ás vítimas, no sentido que aquí se lle deu; son, máis ben, meros puntos de información sobre todas as dúbidas que a calquera cidadán lle poden xurdir no seu contacto coa Administración de Xustiza, servidos por un só funcionario da Administración de Xustiza, e nun ambiente –cando menos na Coruña– que non é o máis axeitado para asegurar un trato apropiado para as vítimas do delito, debido á localización e ao espazo existentes. É por iso que a Administración autonómica e o Poder Xudicial deberían, dunha vez por todas, dar cumprimento ao mandato da Lei 35/1995 –dez anos despois– e crear unha verdadeira rede de oficinas de asistencia ás vítimas en todas as capitais de provincia de Galicia, como primeiro paso, e en todas as cabeceiras de partido xudicial, posteriormente. No caso da Provincia da Coruña, parece inaprazable a súa constitución na propia capital e a súa pronta extensión ás principais cidades, Ferrol e Santiago, cando menos.

En todo caso é necesario manter o carácter preferentemente asistencial que se lle deu aos SAV na experiencia española. As oficinas deben ir destinadas de modo principal a satisfacer as necesidades das vítimas e non as do propio sistema<sup>115</sup>, xa que iso pode xerar novas insatisfaccións e nova vitimización secundaria. Un enfoque demasiado institucionalista dos servizos para as vítimas pode levar, como se sinalou por algúns autores, a convertelas nunha axencia máis de control social<sup>116</sup>. De todas formas, orientar todos os esforzos da loita contra a vitimización nos servizos de asistencia tamén ten outros riscos, como poden ser o diminuír a loita contra as fontes do delito e a marxinação, para loitar exclusivamente contra as súas manifestacións finais<sup>117</sup> ou centrarse na loita contra o delito común, esquecendo outras formas de vitimización máis difusa e menos directa, pero igualmente grave como a delincuencia “de cuello branco”<sup>118</sup>. 

---

<sup>115</sup> CHELIMSKI, E.: “Serving victims: Agency incentives and individual needs”, en *Evaluating victim services*, Beverly Hills – London, 1981, páx. 84.

<sup>116</sup> FATTAH, E.A. (“Prologue: On some visible and hidden dangers of victim movements”, en *From Crime Policy to victim policy*, New York, 1986, páx. 3) sinala que os servizos para as vítimas teñen o perigo de poder ensanchar a rede de control social cando están máis preocupados por controlar o descontento social ca o delito. As vítimas, por iso, parecen ser canalizadas no sistema penal para necesidades oficiais, en lugar de prover un espírito cooperativo, maior participación cidadá e control efectivo do delito.

<sup>117</sup> FATTAH, E.A.: “Prologue: On some visible and hidden dangers of victim movements”, en *From Crime Policy to victim policy*, New York, 1986, páx. 4.

<sup>118</sup> FATTAH, E.A.: “Prologue: On some visible and hidden dangers of victim movements”, en *From Crime Policy to victim policy*, New York, 1986, páx. 5.

**XURISPRUDENCIA**





## O PRAZO DA PRESENTACIÓN DE ESCRITOS NO PROCESO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO AO AMPARO DA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL: OS ARTIGOS 128.1 DA LXCA E 135.1 DA LAC (A PROPÓSITO DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DO 28 DE ABRIL DE 2004, RELATOR SR. YAGÚE GIL)

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo  
Universidade de Santiago de Compostela

I. É unha sentenza de significativo interese procesual, que incide no sempre conflictivo tema do cómputo de prazos para os efectos da presentación de escritos no proceso contencioso-administrativo, en concreto, e de xeito especial na presentación de escritos de termo cando non é posible efectuala na secretaría do xulgado ou tribunal ou na oficina de servizo de rexistro central que estea establecido. Non é unha sentenza en extremo novidosa, pois o seu criterio vén aplicándose desde hai algún tempo, pero si resultan expresivas as argumentacións con que se avala a tese, sen dúbida favorecedora do principio *pro actionis*.

Á parte doutras cuestións así mesmo relevantes, o gran tema que esta sentenza suscita é se se ten que entender que o artigo 128.1 da LXCA (que consagra a improrrogabilidade dos prazos pero, ao mesmo tempo, posibilita presentar o escrito dentro do día que se notifique a resolución en que se teña por perdido o trámite que deixara de empregarse, sempre, iso

si, que non sexa un escrito de iniciación ou interposición) establece un sistema propio e autónomo de presentación de escritos, específico do proceso contencioso-administrativo e autosuficiente ou se, pola contra, non se pode entender tal, debendo, entón, xogar como supletorio o artigo 135 da Lei de axuízamento civil e conseguintemente o seu concreto “sistema” de “presentación de escritos, a afectos del requisito de tiempo de los actos procesales”. Un sistema, como se verá, máis xeneroso ou ampliativo se se engade ao propio da Lei xurisdiccional.

En definitiva, o que está en xogo é o “baleirado” ou non do artigo 128 da LXCA como sistema autónomo de prazos, nunha concepción tendencial aínda que non abandonada de todo pola doutrina académica. E, desde logo, desde o punto de vista da práctica procesal, se os avogados van contar ou non “cun día máis”, por mor da aplicación supletoria do artigo 135.1 da LAC, incluso para a presentación dos escritos de iniciación. Un tema, como se ve, nada intranscendente desde esta perspectiva e tamén desde a máis académica de autosuficiencia procesal da Lei xurisdiccional en materia de prazos. E, detrás de todo iso, a cuestión permanente e global de se se ten que entender o proceso contencioso-administrativo como un proceso autónomo, con principios e regras propios e con capacidade de autointegración ou, polo contrario, simplemente como un proceso civil especial, necesitado de mecanismos de heterointegración.

II. Por auto do 17 de setembro de 2001, a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana declarou inadmisíbel, por extemporáneo, o recurso formulado pola “Asociación de Amigos de los Humedales del Sur de Alicante” contra unha resolución do conselleiro de Obras Públicas pola que se aprobou definitivamente o plan especial director de usos e infraestruturas “Cidade da Luz” de Alacant. Notificada a resolución impugnada o día 5 de abril de 2001, o prazo de dous meses establecido no artigo 46 da LXCA, contado de data a data, remataba o día 5 de xuño, polo que, interposto o recurso o día 6 de xuño, resultaba extemporáneo por un día.

Contra este auto interpuxo a asociación recurso de casación ante o Tribunal Supremo. Interesan, para os efectos deste comentario, dous dos motivos casacionais alegados pola demandante.

III. No primeiro deles alégase infracción do artigo 46.1 da LXCA, xa que entende a asociación que o recurso se interpuxo no prazo de dous meses establecido neste precepto. Con iso, a recorrente aférrase a unha interpretación obsoleta, propiciada polo texto de 1992 da LRX-PAC que, como se lembrará, quebrou por un tempo a regra tradicional do noso dereito do *dies a quo non computatur in termino*, ocasionando gran confusión e prexuízos ao *favor actionis*, a pesar do “esfuerzo didáctico” realizado

polo Tribunal Supremo en numerosas sentenzas (que seguen os criterios xa sentados na tradicional interpretación do “data a data” por sentenzas do 21 de xaneiro, do 2 de xuño e do 17 de outubro de 1986, do 21 de decembro de 1987 e do 9 de marzo de 1988) dirixido a ilustrar, incluso con exemplos, a conduta dos cidadáns para evitar o seu frecuente erro no cómputo para recorrer.

A regra, con todo, recuperaríase –como é sabido– coa reforma da LRX-PAC levada a cabo pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, coa que se eliminaron boa parte das dúbidas e o risco de confusión. Desde entón, a xurisprudencia non mostra xa vacilacións ao respecto, consagrando inequivocamente o criterio de que, cando sexa un prazo dado en meses, o cómputo se ha de facer de data a data, “para lo cual se inicia al día siguiente de la notificación o publicación del acto o disposición y concluye el día correlativo a tal notificación o publicación en el mes de que se trate”. Así o fai de novo o Tribunal Supremo na sentenza que agora se comenta, na que se reproduce literalmente gran parte do ditame da propia Sala con data 2 de decembro de 2003 (relator Sr. González Rivas), na que se contén un expresivo resumo da doutrina xurisprudencial por ela mantida, artellada sobre os criterios de sentenzas anteriores do Tribunal Supremo, como as do 3 de xuño de 1999, do 26 de decembro de 2000, do 4 de xullo de 2001 e do 27 de xaneiro de 2003, con referencia tamén á importante sentenza do Tribunal Constitucional nº 32/1989, do 13 de febreiro.

Non se entende ben, polo tanto, que a recorrente aduza este motivo para fundar a casación, dado que na data de formalización do recurso xa se tiña producido aquela modificación legislativa e os tribunais aplicaban con xeneralidade o criterio de que un recurso contencioso presentado ao día seguinte ao correlativo da notificación ou publicación era sempre extemporáneo. O rexeitamento polo Tribunal Supremo deste motivo era, pois, inevitable con toda seguridade.

IV. O segundo dos motivos alegados pola demandante para fundar a casación é a infracción do artigo 135.1 da Lei de axuízamento civil, do 7 de xaneiro de 2000. Di este precepto que “Cuando la presentación de un escrito esté sujeta a plazo, podrá efectuarse hasta las quince horas del día hábil siguiente al del vencimiento del plazo, en la Secretaría del Tribunal o, de existir, en la oficina o servicio de registro central que se haya establecido”.

A demandante presentara o escrito, tal como se dixo, o día 6 de xuño (contra resolución notificada o día 5 de abril), isto é, ao día seguinte de concluír o prazo derivado do artigo 46 da LXCA (con afectación do disposto no artigo 128.1 do mesmo corpo legal) e fixérao dúas horas e once minutos antes das quince horas do vencemento do prazo sinalado no

artigo 135.1 da LAC no “Decanato de los Juzgados de Valencia, Registro Único de Entradas”.

O Tribunal Supremo acolle este motivo casacional e, na súa virtude, revoga os autos que declararan inadmisibile o recurso por extemporaneidade. As principais argumentacións da sentenza (que recollen a doutrina xa establecida noutras anteriores, do 2 de decembro de 2002 e do 26 de xuño de 2003) concréntanse no seguinte:

a) Enténdese que no proceso contencioso-administrativo é aplicable o artigo 135.1 da LAC, porque este texto legal regula, separadamente, o cómputo dos prazos (artigo 133), o seu carácter improrrogable (artigo 133) e a presentación dos escritos, para efectos do requisito de tempo dos actos procesuais (artigo 135). E, xustamente, a finalidade a que responde o nº 1 do artigo 135 é a de habilitar unha forma de presentación dos escritos de termo cando non sexa posible facelo no xulgado que preste o servizo de garda.

b) Dado o carácter supletorio da LAC nos procesos contencioso-administrativos (disposición final 1ª da LXCA e artigo 4 da LAC), ao non se regular pola Lei xurisdiccional a presentación dos escritos de termo cando non sexa posible realizar aquela na secretaría do xulgado ou tribunal, hai que entender que a referida presentación se poderá efectuar na forma prevista no artigo 135.1 da LAC.

c) Engade o Tribunal Supremo que contra isto non podería alegarse que o artigo 128.1 da LXCA establece un sistema de presentación dos escritos específico do proceso contencioso-administrativo. Este precepto –afirma–, ao igual que o 134 da LAC, establece a improrrogabilidade dos prazos e, ademais, unha especificidade: a posibilidade de presentar o escrito que proceda (nunca de preparación ou interposición de recursos) dentro do día no que se notifique a resolución na que se declare perdido o trámite. Pero nada máis. O artigo 128.1 non regula unha forma de presentación dos escritos de termo (xulgado de garda na normativa anterior á vixente LAC, caixa de correo, presentación do modo previsto no artigo 135.1 da LAC, ou calquera outra que se puidese establecer), senón unha “rehabilitación de prazos”, e iso só para os supostos que neste se concretan. Polo tanto, nada disto se pode comparar co disposto no artigo 135.1 da LAC, que ten que ser, polo tanto, aplicable supletoriamente.


d) Tampouco se podería fundamentar a pretensión de que o artigo 128.1 da LXCA establece un sistema específico de presentación de escritos para a orde xurisdiccional contencioso-administrativa no feito de que este artigo preceptúe que, nestes casos, se teña que facer “dentro del día en que se notifique el auto”. Como se ve, o precepto fixa “cando” se debe presentar o escrito despois de transcorrido o prazo orixinario, pero non regula a “forma” de presentalo o día do vencemento se non é posible facelo na secretaría do xulgado ou tribunal.

e) Indica tamén o Tribunal Supremo que se no proceso contencioso-administrativo se presenta un escrito na forma prevista no artigo 135.1 da LAC, cando sexa un escrito daqueles cuxa presentación se debe facer “dentro del día en que se notifique el auto”, tal presentación producirá todos os efectos legais “pues, en virtud de la ficción legal presente en dicho artículo, habrá que entender que la presentación en cuestión se hizo dentro del día en que se notificó el auto”, sen que por iso se poida entender que este precepto da LAC regule unha prórroga do prazo inicialmente concedido.

f) A rotundidade do pronunciamento do Tribunal Supremo en canto a esta aplicación supletoria do artigo 135.1 da LAC ao proceso contencioso-administrativo é tal que, incluso, desbota calquera posible obxección que se puidera derivar do feito de que o artigo 128.1 da LXCA limite a súa excepcionalidade aos escritos que non sexan de iniciación. As nosas razóns –di o Tribunal Supremo– non han de variar polo feito de que o escrito de interposición non sexa un escrito presentado durante o curso do proceso, senón iniciador deste, “porque el artículo 135.1 de la LEC no hace distinción alguna y se refiere en general a los casos en que la presentación de escritos *esté sujeta a plazo*, cosa que indudablemente ocurre con el escrito de interposición del recurso contencioso-administrativo”.

Esta última conclusión si implica un cambio substancial da tradicional doutrina xurisprudencial de considerar os prazos de interposición dos recursos “perentorios, improrrogables e preclusivos” (*vid.*, aínda, ATS do 21 de marzo de 1995, respecto da preparación do recurso de casación). Non hai loxicamente, pois non vén a conto, un pronunciamento sobre se os efectos do artigo 128.1 acadan ou non os supostos en que o proceso debe comezar por demanda nos recursos substanciados polo procedemento abreviado. A sentenza, en calquera caso, consolida unha liña xurisprudencial non carente de lóxica e de espírito garantista da acción, por máis que poidan “rinchar” algunhas cadernas do dereito procesual administrativo autónomo e autosuficiente. 







# O ESTADO SOCIAL E DEMOCRÁTICO DE DEREITO E AS SÚAS PROXECCÍONS PARLAMENTARIAS NO CASO GALEGO

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento galego  
Profesor de teoría constitucional da  
Universidade de Vigo

## 1. Introducción

Nun momento no que o debate parlamentario galego xira en boa medida arredor da posible reforma da máxima norma autonómica, o Estatuto de autonomía, resulta imprescindible, ao meu ver, facer unha relectura das bases constitucionais do modelo de Estado e preguntármonos sobre o alcance práctico que no documento estatutario teñen as proclamacións acerca da cláusula do estado social e democrático de dereito en Galicia. Este labor debe partir do que, desde xa, denomino, e acollendo a terminoloxía do Tribunal Constitucional español nunha materia diferente, como carácter bifronte do estado social e democrático de dereito en Galicia. Isto é, a necesaria aceptación de que as normas xurídicas conformadoras deste modelo de convivencia teñen a súa orixe tanto en fontes estatais coma no dereito de orixe estatutaria e parlamentariamente creado.

No artigo 1.1 da CE proclámase que España se constitúe nun estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. Estas afirmacións constitucionais achegan contidos que poden permitir unha concepción das estruturas políticas vinculadas, como

teñen lembrado Guibernau e Hutchinson<sup>1</sup>, á cidadanía e o seu exercicio dos dereitos políticos. Por outra banda, atopámonos tamén nun escenario de reformulación do rol dos cidadáns e mesmo do seu status a nivel europeo con importantes debates doutriniais en varios países da Unión Europea que poden condicionar o contido substantivo do Estado no século XXI<sup>2</sup>.

Cada un dos cualificativos que se conteñen na definición do noso Estado, plasmada no artigo 1, ten a súa propia singularidade, pero como realmente acadan a súa significación é na súa comprensión integrada. Non hai dúbida de que a intelixencia da cláusula do estado social e democrático de dereito ten unha dimensión moi concreta se a tratamos respecto da organización política de Galicia: a Comunidade autónoma que nace co Estatuto de autonomía de 1981.

Unha aproximación histórica aos conceptos claves do constitucionalismo contemporáneo debe servir de base para posibilitar unha valoración crítica da execución normativa que o Parlamento leva feito do programa constitucional e estatutario, posibilitando o que Quirós Palau<sup>3</sup> denomina “a Constitución da participación” e que, no noso caso, ben podería chamarse “a galegitude participada” .

## 2. O estado de dereito

Desde a perspectiva histórica, o “estado de dereito” podería parecer unha expresión redundante, xa que na definición ou na premisa latina *ubi homo, ibi societas; ibi societas, ibi ius; ergo ibi societas, ibi ius*, así aparece plasmada. Pero, dicir que nos atopamos nun estado de dereito esixe máis. Hoxe en día afirmar a existencia dun estado de dereito require cumprir tres requisitos:

1. Supón estar nun estado que garante o exercicio dos dereitos fundamentais que aparecen recollidos no título primeiro da Constitución española de 1978. Neste sentido, e desde unha perspectiva galega, unha afirmación como a prevista no artigo 4 do noso Estatuto preséntase como fundamental: os dereitos, as liberdades e os deberes fundamentais dos galegos son os establecidos para todos os cidadáns españois na

---

<sup>1</sup> “History and National Destiny”, *Nations and Nationalism*, volume 10, xaneiro/abril, 2004, páxinas 1 a 8.

<sup>2</sup> De interese para este debate é a achega de Norbert Reich: “La Constitución Económica Europea: ¿Una carta para los ciudadanos?”, *El constitucionalismo en la crisis del estado social*, Miguel Ángel García Herrera (dir.), Universidade do País Vasco, 1997, páxinas 19 e seguintes.

<sup>3</sup> “La Constitución de la participación”, *Corts. Anuario de Derecho Parlamentario*, nº 15, 2004, páxinas 169 e seguintes.

Constitución<sup>4</sup>. Esta afirmación de principio vén, ademais, a completarse, como apunta Patrick Gaïa, coa incorporación dos textos iusnaturalistas na Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea<sup>5</sup>.

2. Ten que ser un estado que divida o exercicio dos seus poderes entre distintas institucións ou organismos (principio da división de poderes, polo cal se pretende evitar a centralización ou acumulación de poder nunha persoa e, polo tanto, evitar un réxime tiránico). A nosa estrutura estatutaria é ben significativa ao respecto pois a diferenza do texto constitucional, como lembra Auger<sup>6</sup>, fala expresamente no seu artigo 9 dos poderes da Comunidade autónoma, citando de xeito nidio o Parlamento, a Xunta e o Presidente<sup>7</sup>.

3. Debe ser un estado que subordine a actuación dos seus órganos á lei, esta última como expresión da vontade popular (a lei debe ser cumprida por todos sen ningún tipo de exclusión, tal e como se recolle no artigo 9 da Constitución). Os poderes públicos galegos tamén ven marcado o seu ámbito de actuación polo establecemento no Estatuto de diversas reservas de lei que vinculan os seus poderes. Esta subordinación ten importantes consecuencias sobre o funcionamento e competencia dos poderes públicos, singularmente no ámbito autonómico para o Parlamento e o Goberno<sup>8</sup>.

Este concepto non apareceu de súpeto, senón que sufriu unha evolución complexa. Como sabemos, a primeira fase do estado contemporáneo estivo marcada pola existencia dun poder unificado e non sometido ao dereito. Agora ben, cando as monarquías absolutas comezaron a vivir a súa crise, fóronse construíndo unha serie de limitacións.

<sup>4</sup> Tal e como veño de comentar no meu traballo: "Os fundamentos da autonomía de Galicia", *Revista Galega de Administración Pública*, nº 31, maio-agosto 2002, páxina 251. De feito, os actuais traballos desenvolvidos na *ponencia* do Parlamento catalán para a reforma do Estatuto elaboran un elenco de dereitos e de deberes dos cidadáns de Cataluña.

<sup>5</sup> "La Charte des droits fondamentaux de l'Union européenne", *Revue française de droit constitutionnel*, nº 58, abril 2004, páxinas 227 a 246.

<sup>6</sup> "La responsabilidad de los jueces", *Claves de razón práctica*, nº 149, xaneiro 2005, páxina 22.

<sup>7</sup> Esta formulación vese mediatizada pola existencia dos partidos políticos como axentes decisivos do sistema estatutario. Por iso, o seu papel tense presentado como deturpador do principio clásico da división de poderes. Por outra banda, tamén hai que considerar as notables diferenzas que na práctica política se dan segundo o sistema funcione con gobernos maioritarios ou non parlamentariamente. Cfr. Chuck Strahl: "Politique et procédure dans un parlement minoritaire", *Revue Parlementaire Canadienne*, volume 27, nº 4, Hiver, 2004-2005, páxinas 7 e seguintes.

<sup>8</sup> Considero de particular interese a recente reflexión apuntada por Alcantarilla Hidalgo no seu traballo: "La prórroga automática de las leyes de presupuestos", *Actualidad administrativa*, nº 20, novembro 2004, páxinas 2433 a 2441.

Nun primeiro momento loitouse para que o estado, personificado no monarca e nas institucións nas que se fundamenta (burocracia, exército e aristocracia), se sometera no exercicio do poder a formas xurídicas ben establecidas, regras xerais, dadas co consentimento da representación da sociedade (Parlamento), discutidas e públicas<sup>9</sup>. Esta primeira acepción supuxo o recoñecemento dos dereitos fundamentais dos cidadáns: liberdade civil, igualdade xurídica, independencia do poder xudicial e garantía da propiedade. Neste punto, e para o ámbito que nos é máis achegado, resulta subliñable o papel que o Parlamento de Galicia desenvolve na lexitimación democrática das decisións políticas tomadas en Galicia. Trátase, neste sentido, dunha institución esencial para a formación da vontade do poder público autonómico.

Nun segundo momento, o estado de dereito implicou tamén a extensión do control xudicial á actividade administrativa. A finais do século XIX produciuse un forte debate en torno a esta cuestión que cristalizou co desenvolvemento da xurisdicción contencioso-administrativa, encamiñada a romper a impunidad do estado ante os seus propios actos.

O terceiro escenario iniciouse despois da I Guerra Mundial. O concepto de estado de dereito pasou a incluír a lexitimación democrática do poder do Estado que tamén ten que estar sometido á norma xurídica. No caso galego é ineludible a referencia aos controis electorais introducidos pola Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia de 1985<sup>10</sup>, moi especialmente, o recoñecemento dunha Administración electoral independente.

Estas limitacións deron lugar a un triplo fenómeno:

1. Os dereitos e as liberdades fundamentais constituían un límite á actuación libre do Estado, xa que estes teñen que ser respectados polos órganos e polos cidadáns<sup>11</sup>.
2. Introduciuse a división de poderes.
3. Decisións internacionais que lle afectan ao Estado e se recollen posteriormente á lei (manifestación da legalidade internacional).

Este esquema vai ser o que triunfe en Gran Bretaña, EE.UU. e Francia. Agora ben, existe outra vía de superación do absolutismo político para

---

<sup>9</sup> A historiografía máis recente incide na idea da importancia dos condicionamentos económicos para o nacemento do estado moderno. Así, David Stasavage: *Public Debt and the Birth of Democratic State. France and Great Britain, 1688-1789*, Cambridge University Press, 2003.

<sup>10</sup> Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

<sup>11</sup> Esta afirmación atopa a día de hoxe importantes reservas cando se analiza o funcionamento do Estado autonómico e o alcance de certos dereitos proclamados constitucionalmente, como o de gozar do medio. Así se pronuncia recentemente Alba Nogueira López: "Aproximación a la acción estatal de prevención de catástrofes marítimas. Fallos evidentes y cambios insuficientes", *Revista Vasca de Administración Pública*, maio-agosto, 2004, páxinas 195 a 196.

acadar o estado de dereito, que foi a seguida por Alemaña, seguindo a vía da autolimitación, de tal xeito que a monarquía absoluta existente en Alemaña rexeitou os tres postulados anteriores, pero recoñeceu a necesidade de que o estado se autolimitase. Así, nos países que seguiron a vía da autolimitación non se recoñecen os dereitos fundamentais como algo previo, senón que se creou a doutrina dos dereitos públicos subxectivos (Jellinek foi autor dunha obra cun título que contén esta concepción de dereitos públicos subxectivos).

Non se admitiu un campo de sometemento do Goberno á lei, senón que se mantivo un campo de actuación autónomo e con carácter discrecional. Os alemáns preocupáronse de que a limitación do Estado favorecese a seguridade xurídica (cítase a seguridade xurídica no artigo 9.3 da nosa Constitución: "A Constitución garante o principio da legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade,..."; e na sentenza do TC 27/1981, do 20 de xullo), pero cunha concepción diferente á da tradición xermánica. Como sinala para o ámbito anglosaxón Ronald J. Legere<sup>12</sup>, o papel nas normas procedementais resulta acotío excesivamente ponderado cando as sociedades demandan, polo contrario, un debate de fondo e non formalista sobre os problemas públicos.

Esta seguridade xurídica conduciu a unha concepción formal do estado de dereito fronte ao concepto material. Esta concepción caracterízase por catro requisitos:

1. A predeterminación das normas aplicables. No noso dereito o cambio fundamental está dado agás no ámbito das normas civís, onde segue a facerse un chamamento ao costume que non casa ben cunha afirmación plena do principio de seguridade xurídica<sup>13</sup>.

2. A submisión da Administración á lei e ao dereito. Este principio, afirmado polo artigo 103 da Constitución, está desenvolvido no ámbito galego pola aprobación parlamentaria da lei de adaptación á Comunidade autónoma de Galicia da Lei estatal de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común<sup>14</sup>.

<sup>12</sup> "Advocating Parliamentary Procedure", *Parliamentary Journal*, vol. XLVI, n° 1, xaneiro, 2005.

<sup>13</sup> No seo da *ponencia* encargada de actualizar o contido da Lei de dereito civil de Galicia de 1995 existe xa un convencemento respecto da necesidade de asumir na lei a primacía das fontes escritas sobre o costume non positivizado.

<sup>14</sup> Así a Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n° 135, do 12 de xullo de 2001).

3. O control xudicial das actuacións da Administración. No noso caso este control está residenciado, en último termo, no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto no artigo 153 da Constitución<sup>15</sup>.

4. A responsabilidade do estado pola actuación dos seus axentes. Este principio xeral, tamén constitucionalizado no artigo 103 da Constitución, recibe unha acollida específica na normativa máis recente da Xunta en relación coa prestación de servizos públicos<sup>16</sup>.

Estas dúas posturas doutriniais sofren modificacións coa chegada da posguerra europea. Soamente antigas ditaduras conservaron o vello concepto de estado de dereito.

Hoxe en día, o estado de dereito é un sistema que engloba á vez tres subsistemas:

a. de fins: consiste na garantía do exercicio dos dereitos fundamentais para asegurar a todos unha igual liberdade inherente á dignidade das persoas. Neste sentido hai que poñer de relevo as políticas de igualación levadas a cabo polos poderes públicos autonómicos, plasmadas en normativas sectoriais de integración social a través de políticas de rendas ou promovedoras da integración de colectivos como os minusválidos físicos ou as mulleres.

b. de poderes: supón unha división do poder do Estado en poderes diversos, situados baixo a lóxica do autogoberno dos cidadáns. Deste xeito ocorre en Galicia onde tamén todos os poderes reciben a súa xustificación última no apoio popular a pesar das críticas que se formulan pola existencia de entes públicos de difícil control<sup>17</sup>.

c. de normas estatais: implica o imperio da lei como expresión da vontade popular. En consecuencia do imperio da lei, os poderes públicos e a Administración están sometidas a ese imperio (sometidos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico). No caso autonómico, as normas do estado inclúen, en tanto que "estado globalidade", as normas autonómicas, existindo pois lexitimidades que poden derivar da soberanía do pobo español e outras que teñen a súa orixe nos dereitos á autonomía do pobo galego.

A nosa Constitución aborda a garantía dos dereitos fundamentais, organizando xuridicamente os dereitos humanos para proclamarlos como

---

<sup>15</sup> Para un estudo concreto desta competencia pode consultarse o meu traballo: "Galeguidade e poder xudicial: notas para unha reforma do Estatuto de Autonomía no tocante á Administración de Xustiza en Galicia", *Dereito*, volume 13, nº 2, 2004, páxinas 149 a 196.

<sup>16</sup> Cfr. O artigo 74 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (DOG nº 246, do 19 de decembro de 2003).

<sup>17</sup> Así, Baudelio Urueña: "Qué eficiencia medir en la empresa pública autonómica: metodología y aplicación práctica", *Análisis local*, nº 57, VI/2004, páxinas 5 e seguintes.

dereitos fundamentais<sup>18</sup>. Nun principio, os dereitos individuais (aqueles que corresponden a cada un dos individuos) xurdiron como manifestación única dos dereitos fundamentais, pero hai outro tipo de dereitos como os sociais, os civís e os políticos, que foron concibidos como liberdades ou “dereitos de autonomía”. O estado liberal superou esta concepción, unindo a faciana da participación política en palabras de Josep Fontana<sup>19</sup> ao progreso social para ampliar como dereitos positivos os dereitos políticos (dereitos de participación).

Polo outro lado, atopamos os dereitos económicos, sociais e culturais. A nosa Constitución de 1978 reconece estes tres tipos de dereitos, de tal xeito que a totalidade do título I da Constitución española (artigos 10 a 55) se dedica á regulación dos dereitos e deberes fundamentais, cun alcance recollido no artigo 10.1 da CE, ao consagrar que a dignidade da persoa, os dereitos inherentes, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social. Como apunta Enrico Diciotti<sup>20</sup>, esa clasificación dos dereitos ten unha orixe histórica e un trasunto ideolóxico, pois a paternidade dos dereitos de liberdade é propia do liberalismo, mentres que a dos dereitos sociais é propia do socialismo.

No que respecta á división de poderes, esta atópase fondamente relacionada co desexo de división das competencias estatais. Asegúrase o exercicio do poder mediante a atribución de competencias ou potestades a distintas institucións. A finalidade desta división de poderes é acadar que cada unha das institucións sexa xestionada por persoas distintas que, no seu conxunto, permitan a integración política de todos os sectores relevantes na vida política. Con todas as excepcións que deban facerse polo indubidable contexto derivado do estado de partidos no que se desenvolve a democracia galega, resulta nidio que a normativa esencial, constituída basicamente polo Regulamento do Parlamento, a Lei de eleccións e a Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, garante o esquema tendencial que constitúe o principio da separación de poderes na súa versión contemporánea. Finalmente, pero non por iso menos relevante, atopamos o papel de institucións independentes que colaboran aos equilibrios

<sup>18</sup> Esta liña de principio sofre importantes matizacións cando se fala, por exemplo, de colectivos como os emigrantes, de tanto relevo nunha comunidade coma a nosa. Así, no meu traballo: “Os dereitos dos emigrantes como dereitos fundamentais”, *Revista Galega de Administración Pública*, nº 36, páxinas 209 a 237.

<sup>19</sup> “Political representation and social progress: An interpretative approach”, *Parliaments, States and Representation*, nº 24, novembro, 2004, páxinas 2 e seguintes.

<sup>20</sup> “Sulla distinzione tra diritti di libertà e diritti sociali: una prospettiva di filosofia analitica”, *Quaderni costituzionali. Rivista italiana di diritto costituzionale*, ano XXIV, nº 4, decembro 2004, páxina 733 e seguintes.

entre os poderes autonómicos, como o Valedor do Pobo, o Consello de Contas ou, en menor medida, os órganos de carácter consultivo.

No inicio do estado liberal, como apunta Stewart<sup>21</sup> no seu estudo das orixes do dereito administrativo, a división de poderes trataba de evitar, mediante o equilibrio, o abuso de poder por parte dunha persoa (son os *Checks & Balances*). Esta teoría dos equilibrios entre poderes vai sufrir modificacións por dúas influencias:

1. A introdución do principio de lexitimidade democrática.
2. A lóxica do estado intervencionista.

Agora ben, dous principios básicos do estado burgués permanecen inalterables:

1. A diferenciación e especialización das institucións políticas.
2. A existencia dun órgano estatal que, desempeñando a representación da sociedade, sexa o encargado de ditar as leis.

Sobre a división de poderes, soamente usamos na Constitución española o termo *poder* no que respecta ao poder xudicial, polo que hai que acudir a outras leis para atopar referencias normativas á resolución dos conflitos en canto aos poderes do estado.

Ademais, podemos falar da distribución dos poderes na CE. Falamos dunha división vertical que se fai entre os órganos centrais do goberno e os órganos das comunidades autónomas (artigo 2 CE).

Esta división vertical ten un órgano responsable do seu control que é o Tribunal Constitucional. Establecido polo título IX da Constitución española de 1978, o Tribunal Constitucional é o intérprete supremo da Constitución. Único na súa orde e con xurisdición en todo o territorio nacional, exerce as competencias definidas no artigo 161 da CE. O Tribunal Constitucional é independente dos demais órganos constitucionais e está sometido só á Constitución e á súa Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro. Conforme á Constitución e á súa Lei orgánica, o Tribunal Constitucional é competente para coñecer:

a. Do recurso de inconstitucionalidade contra leis, disposicións normativas ou actos con forza de lei. Esta é a vía habitual pola que se produce o “control recíproco” da constitucionalidade entre o Estado e a Comunidade autónoma de Galicia<sup>22</sup>.

b. Da cuestión de inconstitucionalidade sobre normas con rango de lei. Vía a través da que os titulares dos órganos do poder xudicial poden

---

<sup>21</sup> R. B. Stewart: “The Reformation of American Administrative Law”, *Harvard Law Review*, 1975, páxinas 1671-76.

<sup>22</sup> Para unha revisión sistemática da conflitividade entre a nosa Comunidade autónoma e o Estado, Xosé Antón Sarmiento Méndez: *O Estatuto de Galicia. 20 anos de parlamento e xustiza constitucionais*, Edicións Xerais, Vigo, 2003.

levar ante o Tribunal Constitucional as normas, tamén as autonómicas<sup>23</sup>, para comprobar o seu contraste co texto da Constitución.

c. Do recurso de amparo por violación dos dereitos e liberdades referidos no artigo 53.2 da CE. É a única vía directa de intervención por parte dos cidadáns ante a xurisdición constitucional, e iso tanto para a impugnación de actuacións dos poderes públicos estatais coma dos autonómicos.

d. Dos conflitos de competencia entre Estado e as comunidades autónomas, ou destas entre si. Esta vía permite a tutela da división de poderes antes citada no tocante á aprobación de disposicións sen rango de lei, tanto por parte do estado coma da comunidade autónoma. Como estudou Gómez Mejías<sup>24</sup>, a axeitada ordenación das funcións do estado é esencial para o cabal cumprimento dos fins deste, e iso non só na actualidade, senón tamén historicamente.

e. Dos conflitos entre os órganos constitucionais do Estado (Congreso, Senado, Goberno e Consello Xeral do Poder Xudicial). Esta previsión legalmente desenvolvida por parte da Lei orgánica do Tribunal Constitucional suscita a crítica de non ter tomado en conta a posible lexitimación dos poderes (executivo ou lexislativo) autonómicos, o que podería ter contribuído a solucionar recentes conflitos existentes no noso estado constitucional.

f. Da declaración sobre a constitucionalidade dos tratados internacionais. Aspecto tamén no que se bota de menos a posibilidade de participación autonómica para os efectos de tutelar os seus ámbitos competenciais ante futuros tratados que poidan invadir estes contidos estatutarios protexidos constitucionalmente. En todo caso, a incorporación ao sistema constitucional español deste control da constitucionalidade vén a supoñer o recoñecemento da progresiva presenza das entidades supranacionais no espazo globalizado, poñendo de manifesto o que Ohmae<sup>25</sup> entende como proba do debilitamento dos estados-nación.

g. Da impugnación polo Estado das disposicións e resolucións adoptadas polos órganos das comunidades autónomas. Ao meu ver atopámonos ante o suposto máis manifesto de desequilibrio institucional entre a posición procesual do Estado e da Xunta de Galicia, pois este mecanismo só se prevé para ser utilizado por parte do primeiro e nunca por parte dunha comunidade autónoma.

---

<sup>23</sup> Neste momento atópase en tramitación unha cuestión de inconstitucionalidade sobre certo artigo da Lei de dereito civil de Galicia que pode ser interpretado como discriminatorio en relación cos fillos non comúns dentro do matrimonio, procedemento no que o Parlamento de Galicia xa formulou as oportunas alegacións.

<sup>24</sup> "La división de funciones como superación de la división de poderes en Alemania desde 1750 a 1918 y su influencia en la República de Weimar", *Cuadernos de Derecho Público*, nº 18, 2003, páxina 10.

<sup>25</sup> K. Ohmae: *The Borderless World*, Ed. Collins, Londres, 1990.

h. Dos conflitos en defensa da autonomía local. Esta vía introducida en 1999 a través dunha reforma da Lei orgánica do Tribunal Constitucional garante a autonomía local proclamada no artigo 137 da Constitución e serve para que as entidades locais de Galicia poidan darlles expresión aos recoñecementos recollidos no artigo 1.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia<sup>26</sup>.

i. Das demais materias que se lle atribúan nas leis orgánicas (artigo 161.1 da CE).

En canto ao imperio da lei hai que entendela como expresión da vontade popular. Tradúcese en que todos os poderes do Estado se poden someter á vontade popular, ben sexa mediante un referendo ben mediante unha intervención organizada (Parlamento). Isto atopámolo no artigo 9 da Constitución.

Sobre este principio do imperio da lei podemos facer diferentes reflexións que se plasman en tres principios diferenciados:

■ Principio de constitucionalidade. Todos os poderes están sometidos ao imperio da Constitución que rexe para todos os poderes públicos; ademais, segundo o Tribunal Constitucional, a autonomía non é soberanía, e por iso os poderes autonómicos deben en todo caso respectar as decisións constituíntes.

■ Principio de legalidade (artigo 9.3 da Constitución). Isto supón a vinculación de todos os cidadáns e os poderes do Estado cara á lei, quedando as distintas leis subordinadas tan só á Constitución. Este principio supón a existencia da xerarquía normativa, de tal xeito que as demais normas se van estruturando de maneira descendente tras a Constitución. Interesa na actualidade, ao meu ver, poñer de manifesto que a actualización normativa no Estado español supera os ámbitos parlamentarios, existindo tamén en Galicia, numerosos entes con facultades desta clase, que deben, como apunta Michela Manetti<sup>27</sup> para o caso italiano, quedar baixo o control das cámaras parlamentarias.

■ Seguridade xurídica. Como di o Tribunal Constitucional na sentenza 27/1992, é a suma da certeza e da legalidade, da xerarquía e da publicidade normativa, da irretroactividade do non favorable e da interdicción da arbitrariedade. Todos estes aspectos deben hoxe perseguirse de xeito internacional, pois, como apunta A.M. Slaughter<sup>28</sup>, só un "mecanismo ho-

---

<sup>26</sup> Este artigo reconece e garante a autonomía dos municipios e das provincias para a xestión dos seus respectivos intereses (DOG n° 149, do 5 de agosto de 1997).

<sup>27</sup> "Il ruolo del Parlamento in sede consultiva sugli atti normativi di altre autorità", *Quaderni Costituzionali. Rivista Italiana di diritto costituzionale*, 1/2004, páxinas 113 e seguintes.

<sup>28</sup> No seu traballo: "The accountability of Government networks", *Indiana Journal of Global Legal Studies*, 2001.

rizontal" de reforzamento da legalidade pode ofrecer resultados aceptables neste mundo globalizado.

Hai que destacar o artigo 91 da Constitución en canto á publicación das leis e no referido aos efectos e á publicación das sentenzas do Tribunal Constitucional o artigo 164.1 da Constitución, pois ambos os dous poñen de manifesto o relevo constitucional da publicidade normativa e acadan un reflexo igualmente no eido autonómico.

Deste xeito, e como parangón para a fase da integración da eficacia das normas, o rei sancionará no prazo de quince días as leis aprobadas polas Cortes Xerais, e promulgaráas e ordenará a súa inmediata publicación. Este mandato constitucional xenera diversas problemáticas intimamente relacionadas cos principios constitucionais. Por unha banda, o criterio do Tribunal Constitucional respecto da publicación das leis autonómicas decántase a prol de determinar os efectos e a entrada en vigor destas en dependencia da súa publicación no diario oficial autonómico, tendo a inclusión no *Boletín Oficial do Estado* unha función meramente divulgativa. Paradoxicamente, a mesma xurisprudencia constitucional defende o carácter auténtico da publicación na versión castelá e non na galega para as normas. Esta opción resulta particularmente desafortunada no caso galego<sup>29</sup>, pois a totalidade dos antecedentes parlamentarios das leis están documentados e prodúcense exclusivamente en galego, sendo a publicación final en castelán unha mera tradución que pode non reflectir fielmente a *intentio legislatoris*.

Respecto das sentenzas do Tribunal Constitucional establécese que se publicarán no *Boletín Oficial do Estado* cos votos particulares, se os houber. Teñen o valor de cousa xulgada a partir do día seguinte da súa publicación e non hai recurso ningún contra elas. As que declaren a inconstitucionalidade dunha lei ou dunha norma con forza de lei e todas as que non se limiten á estimación subxectiva dun dereito teñen plenos efectos fronte a todos. De non ser que na sentenza se dispoña outra cousa, subsistirá a vixencia da lei na parte non afectada pola inconstitucionalidade. Esta disposición constitucional, lonxe de ser neutra, ten importantes consecuencias como se acaba de poñer de manifesto nos problemas de interpretación da recente sentenza do Tribunal Constitucional no caso "Prestige" ou na tamén recentemente recaída sobre a Lei galega reguladora do recurso de casación en materia civil<sup>30</sup>.

<sup>29</sup> Pódese tomar conta da situación lingüística na praxe do Parlamento galego no meu libro: *Dereito parlamentario de Galicia*, Edicións Xerais, Vigo, 2001, páxinas 25 a 27.

<sup>30</sup> Esta cuestión é desenvolvida *in extenso* no meu traballo, "La casación civil autonómica", *Revista Aranzadi del Tribunal Constitucional*, nº 8, setembro 2004, páxinas 13 e seguintes.

Na Constitución, concretamente no artigo 103.1, trátase de remarcar que a finalidade dos sectores públicos é o interese dos cidadáns conforme á lei. Así, dispónse que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e mais ao dereito. Ao meu ver, esta proclamación constitucional, lonxe de presentarse como unha máxima retórica, ten a virtualidade de vincular as administracións públicas cos intereses xerais e, no que afecta á configuración do estado social e democrático de dereito, debe ser tida en conta para superar as situacións de desequilibrio económico existentes no noso Estado e tamén dentro de Galicia<sup>31</sup>. Ademais, afirmase que os órganos da Administración do Estado son creados, rexidos e coordinados de acordo coa lei. Finalmente, dise que a lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións. A nivel autonómico o texto estatutario dedica o seu título III á Administración pública fixando no artigo 39 o necesario respecto dos principios xerais e normas básicas do Estado. Prodúcese, en definitiva, un sometemento expreso ao principio de legalidade que se ten efectivizado tanto pola aprobación de leis "horizontais" coma pola da función pública, outras "organizativas" que tentan regulamentar institucións e entes concretos e, finalmente, as importantes leis orzamentarias-marco e anuais que delimitan a actuación económica do sector público galego. Estas liñas de actuación vense complementadas co importante labor desenvolvido polo que J. A. Scholte<sup>32</sup> ten denominado "evidentes avances" das organizacións non gobernamentais no control e no impulso das entidades públicas, sexan estatais ou autonómicas.

En canto á responsabilidade dos poderes, hai que dicir que se responde dos danos aos particulares (artigos 106.2 e 121 da CE). Así, os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados, como reconece a recente Lei de ordenación sanitaria de Galicia, por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

---

<sup>31</sup> Para un estudo pormenorizado desta problemática pode consultarse José Cazorla Pérez: "Las desigualdades regionales en España", *Sistema*, n° 182, 2004, páxinas 3 e seguintes.

<sup>32</sup> "Civil Society and Democratization of the International Monetary Fund", *Poverty in World Politics: Whose Global Era?*, S.O.Vandersluis and P. Yeros (editores), Macmillan, London, 1999, páxinas 91 a 116.

Ademais, os danos causados por erro xudicial, así como tamén os que sexan consecuencia do funcionamento anormal da Administración de Xustiza, darán dereito a unha indemnización a cargo do Estado, conforme a lei. Nesta última materia as transferencias limitan o ámbito de responsabilidades da Xunta no tocante aos medios materiais, quedando, pois, para o poder estatal o erro xudicial<sup>33</sup>.

### 3. O estado liberal e o estado social. O significado político dos valores superiores e as súas implicacións constitucionais

O estado liberal estableceu unha división entre sociedade e estado. Para os teóricos liberais a sociedade era algo natural, creado por principios indiscutibles, non obstante, o estado era artificial. Este é o punto de partida que dá a entender que o estado debía ser conculínte coas normas que rexen a sociedade. Para o estado liberal, a sociedade réxese polo principio de liberdade individual (é a capacidade de autodeterminación da vontade que permite aos seres humanos actuar como desexen desde unha perspectiva tradicional). Namentres, o estado artificial réxese polo principio de obediencia ás leis. O estado soamente poderá facer o que as leis lle permitan, e os cidadáns farán o que as leis non lles prohiban. Neste sentido, apunta Sanroma Aldea<sup>34</sup>, a importancia simbólica para o estado democrático do texto constitucional como lei de leis que encarna a transición democrática en España. Estas mesmas ideas son as que fundamentan o principio de reserva de lei que acolle o Estatuto de autonomía para Galicia, situándose así na tradición xurídica occidental do constitucionalismo clásico.

Unha vez asentadas estas ideas de estado liberal faise preciso comentar o xurdimento das primeiras ideas de estado social. Temos que esperar ata o século XX para atopalas. Aquí tamén podemos discernir entre dúas tradicións europeas:

1. A alemana: froito da modernización do estado policial ou do estado bismarkiano que debe o seu nome a Otto Von Bismarck. Formulábase nesta época, por vez primeira, a intervención do estado na economía (intervencionismo estatal como actitude dos poderes públicos tendente a actuar de maneira positiva sobre a economía e a sociedade para a consecución dos fins que se establecesen. En política económica é unha forma de corrixir as limitacións e os chamados “erros do mercado”).

<sup>33</sup> Para un estudo das competencias galegas na materia acabo de publicar: “Galeguidade e poder xudicial: notas para unha reforma do Estatuto de Autonomía no tocante á Administración de Xustiza en Galicia”, *Dereito. Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, volume 13, nº 2, 2004, páxinas 149 a 196.

<sup>34</sup> “La Constitución. De símbolo oscuro a símbolo mudo”, *Claves de razón práctica*, nº 148, decembro 2004, páxinas 32 e seguintes.

2. A francesa: o estado social foi motivo dunha corrente ideolóxica coñecida como “reformismo social”, como consecuencia da III República Francesa. Nesta época, Duguit enunciou o estado social para referirse a este como dispensador de servizos públicos para os cidadáns. Para el, o estado non podería exercer un papel abstencionista, senón que ten que intervir na sociedade prestando servizos públicos.

Mais, sen dúbida, quen pasou á historia como pai doutrinal do estado social foi Heller que en 1929 utilizou esta formulación para transmitir a idea de que o dereito debía superar o marco do político para entrar no marco do social; isto é loitar por unha sociedade democrática.

Posteriormente, produciuse un feito histórico, o denominado crac da bolsa de 1929. Esta circunstancia levou a moitos economistas, como Keynes, a formular teorías que posibilitasen e defendesen a intervención do estado na economía. É o chamado “estado do benestar” que tentaba acadar a atención por parte do estado dos máis desfavorecidos.

Aproximada a historia do estado social, podemos dar 5 notas que caracterizan este tipo de estado, seguindo a liña que marca García Pelayo, e que serven de contraste para apreciar a súa vixencia ou non en Galicia:

1. Superación das contradicións entre a titularidade formal dos dereitos e o seu exercicio efectivo (un estado social vai máis alá de estar así recoñecido na Constitución, búscase facelo patente na sociedade). Con esta finalidade xorden institucións de garantía no ámbito autonómico, aínda que algunhas delas se queden en simples “maxistraturas de opinión” carentes, ao meu xuízo, da necesaria vinculación inmediata<sup>35</sup>.

2. Busca da “procura existencial” (*Daseinvorsorge*). O estado ten que crear as condicións para a satisfacción das necesidades vitais que non poden ser satisfeitas nin polos individuos nin polos grupos sociais nos que se integra o individuo (ten que atender aquelas necesidades que se se deixasen ao exercicio empresarial –ao mercado– non chegarían aos máis desfavorecidos: a sanidade, o ensino,...). Estes contidos aparecen plenamente asumidos pola lexislación autonómica de carácter social que recentemente acaba de ser completada pola Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social<sup>36</sup>.

3. Concepción da cidadanía. Non só unha participación en valores e dereitos políticos (concepción liberal), senón que se entende que a cidadanía supón unha participación tamén en valores ou en bens economí-

<sup>35</sup> “O Valedor do Pobo como garante dos dereitos dos cidadáns galegos”, *Anuario de la Facultad de Derecho de Ourense*, Universidade de Vigo, 2003, páxina 367 e seguintes.

<sup>36</sup> Trato a cuestión no meu traballo: “A lexislación de integración social da Comunidade autónoma galega” publicado en *Xustiza e sociedade de Galicia: boletín informativo*, nº 3, 1991.

cos e culturais (impensable no liberalismo político). Na actualidade e nun contorno como o noso preséntase como innegable a necesidade de que existan novos interlocutores sociais que completen as institucións políticas no seu labor dunha construción democrática. Por iso, a lexislación de desenvolvemento estatutario incorpora no dereito autonómico a promoción da sociedade civil a través de fenómenos como o voluntariado<sup>37</sup>.

4. O estado social é un estado de prestacións, de xeito que, como sinala López Cumbre<sup>38</sup> para o caso cántabro, existen certas normas da Constitución que fixan obxectivos da participación do estado. Neste sentido, Galicia é unha colectividade social fundamente solidaria cos seus colectivos máis desfavorecidos, téndose dotado de mecanismos legais para a defensa e protección dos máis desfavorecidos (mozos, anciáns, minusválidos, emigrantes,...).

5. Fixación dunha política orientada á configuración da sociedade por parte do estado dentro dos patróns constitucionais. A propia Constitución créase como un parámetro de referencia e obriga os poderes públicos a cumprir esas premisas recollidas. Ao meu ver esta función é esencial nos momentos de crise, de tal xeito que un documento como o Estatuto de autonomía pode levar a cabo importantes funcións de "dirección política" que encamiñen os conflitos sociais, mediante o afondamento en valores como os da diversidade e o pluralismo político, que se atopan inherentes no seu articulado. Respecto desta función poden ser de interese experiencias recentes como a escocesa que tentan aproximarles as institucións políticas (principalmente o Parlamento) aos cidadáns<sup>39</sup>.

Os principios do estado social recóllense no artigo 1.1 da Constitución seguindo o constitucionalismo alemán, patente influencia na nosa Constitución. O precepto dispón que España se constitúe nun estado social e democrático de dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. Precisamente, o primeiro adxectivo que se recolle é o de estado social. Isto ten o seu reflexo na sentenza do TC 18/1984 que subliña que o Estado español ten un compromiso constitucional de interacción permanente coa sociedade. Entendo con Parejo Alfonso<sup>40</sup> que este

<sup>37</sup> Sobre a que teño publicado: "A elaboración da Lei do voluntariado de Galicia: aspectos parlamentarios", *Revista Galega de Administración Pública*, nº 26, setembro-décembro 2000.

<sup>38</sup> No seu capítulo: "Sanidad y acción social", contida no volume *Derecho Público de Cantabria*. Luis Martín Rebollo (ed.), Parlamento de Cantabria, 2003, páxinas 695 e seguintes.

<sup>39</sup> "E-petitioning the Scottish Parliament", *The Parliamentarian*, 2004/ Issue Three, páxinas 236 e seguintes.

<sup>40</sup> *Comentarios al Estatuto de Autonomía de Canarias*, Instituto Canario de Administración Pública, Marcial Pons, Madrid, 1996, páxina 14.

qualificativo social debe asociarse ao valor da solidariedade, concibida nun sentido amplo e como tarefa superior dos poderes públicos.

Os aspectos máis subliñables do estado social no articulado da nosa Constitución poden clasificarse en 3 bloques:

### 3.1. *Afirmación do carácter económico e social do texto constitucional*

É a chamada “Constitución económica” (artigos 128 e seguintes). A Constitución económica ten a súa principal manifestación no título VII da Constitución española de 1978. Tamén hai que ter en conta nesta cuestión o capítulo III do título I, que trata dos principios reitores da política social e económica. É unha corrente doutrinal que, como lembra Abendroth<sup>41</sup>, ten a súa orixe no pensamento progresista alemán que terá grande influencia na Constitución de Weimar de 1919.

A nosa Constitución opta por un modelo de economía mixta que se caracteriza por catro notas fundamentais que delimitan a actuación da sociedade no estado:

#### 3.1.1. Garante as liberdades económicas propias da sociedade capitalista

Plásmase nos seus artigos 33 e 38. O trasunto autonómico destes preceptos constitucionais é nidio por canto existe unha remisión xeral no artigo 4.1 do Estatuto á Carta Magna. Suárez Pandiello<sup>42</sup> ten posto de manifesto como os documentos autonómicos lle dan predominio á acción dos axentes privados (familias ou individuos como unidades de consumo e empresas como unidades de produción).

#### 3.1.2. A Constitución permite a intervención pública na vida económica, artigos 40 e 130

Nesta orde de cousas, a Constitución dispón que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa no marco dunha política de estabilidade económica. Rodríguez Bereijo<sup>43</sup> apunta que é precisamente a necesidade de fixar un volume de gastos públicos o que xerou a necesidade de crear o presuposto como institución xurídica fundamental do dereito público.

---

<sup>41</sup> Cfr. Wolfgang Abendroth: *Sociedad antagónica y democracia política: ensayos sobre sociología política*, Editorial Grijalbo, Barcelona, 1973, páxina 268.

<sup>42</sup> No seu comentario do sector público incluído en *El Estatuto de Autonomía del Principado de Asturias. Estudio sistemático*, Junta General del Principado de Asturias, 2003, páxinas 332 e 333.

<sup>43</sup> “La ley de Presupuestos en la Constitución española de 1978”, *Hacienda y Constitución*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, 1979, páxina 165.

Establécese que de maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego. Ademais, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e a readaptación profesionais, mirarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados. Agás a competencia na lexislación laboral os restantes mandatos constitucionais teñen hoxe clara acollida na autonomía galega e o Parlamento de Galicia ten actuado a prol da consolidación lexislativa destes principios.

O artigo 130 complementa o antedito ao establecer que os poderes públicos atenderán a modernización e o desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandaría, da pesca e da artesanía co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois. Co mesmo fin outorgaráselles un tratamento especial ás zonas de montaña. Non sendo a presenza de competencias horizontais do Estado sobre a política económica xeral, atopamos de novo un elenco de competencias exclusivas de Galicia incorporadas na listaxe do artigo 27 do Estatuto que cobren a previsión constitucional na nosa Comunidade.

Estes preceptos provocan claramente que a Constitución admita esta intervención dos poderes públicos na economía xa que toda a riqueza do país se proclama subordinada ao interese xeral.

### 3.1.3. Permítese a existencia dun sector público na economía

Reflectido no artigo 128.2º, onde se di que o Estado pode reservarlle ao sector público recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolio. Este sector estatal tamén pode ser autonómico, de feito a práctica totalidade das comunidades autónomas teñen creado o seu sector público, e así parte da doutrina (Ruíz Robledo<sup>44</sup>, entre outros) entende que integran unha potestade de fomento autonómica de relevancia innegable. Deste xeito, o artigo 55 do Estatuto de autonomía posibilita non só a creación dun sector público propio (apartado 2º), senón tamén a participación no sector público da Administración central e, así mesmo, o fomento das sociedades cooperativas<sup>45</sup>.

### 3.1.4. Posibilitase na Constitución que se poida planificar a economía

Está particularmente claro na redacción do artigo 131, no que se recolle que o Estado mediante a lei pode planificar a actividade económica

<sup>44</sup> *Curso de Derecho Público de Andalucía*, Editorial Tirant lo Blanch, 2ª edición, páxina 95.

<sup>45</sup> Para un estudo da normativa sobre a materia pode consultarse o meu libro: *O Estatuto de Galicia. 20 anos de Parlamento e Xustiza constitucionais*, Ed. Xerais, Vigo, 2003, páxina 474 e seguintes.

xeral para atender as necesidades colectivas. Ademais, prevé a creación dun órgano, o Consello Económico e Social, encargado de asesorar o Estado nestas funcións. De xeito semellante en Galicia creouse o Consello Económico e Social que desenvolve homólogas funcións respecto á planificación económica na nosa Comunidade. Pita Grandal<sup>46</sup> critica a imprecisión das normas estatutarias de Galicia nas que se lle atribúe de xeito xenérico á Comunidade autónoma a posibilidade de influír na economía para fomentar a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social. Penso que esa opinión é acertada pois como ela mesmo apunta os preceptos estatutarios non fan máis que repetir outros contidos da Constitución.

### 3.2. A organización dos dereitos

Ten acollida nos artigos 39 a 52 da Constitución. Neste sentido podemos falar de catro grandes bloques de dereitos sociais acollidos na Carta Magna:

3.2.1. Creación de determinados servizos públicos de carácter xeral (ensino, sanidade, seguridade social, etc. recollidos nos artigos 27, 43 e 41, respectivamente). Outros dereitos non se recollen tan palpablemente, senón que se incorporan como intervencións públicas como é caso do acceso á cultura e á vivenda nos artigos 44 e 47, respectivamente.

3.2.2. Dereitos laborais e sindicais, recollidos no título preliminar. Por exemplo, o artigo 7 establece o papel destacado dos sindicatos dos traballadores e das organizacións dos empresarios dun xeito moi claro ao fixar que os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e á promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. A súa creación e o exercicio da súa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei. A súa estrutura interna e o seu funcionamento deberán ser democráticos. Este recoñecemento constitucional é unha plasmación ao máis alto nivel do cambio na concepción tradicional da economía, baseada no dereito de propiedade. Como apunta Vicente y Guerrero<sup>47</sup>, é unha evolución que nace coa Revolución Liberal en España e que supón a culminación dos principios revolucionarios franceses.

Ademais, o actual texto constitucional outorga o carácter de dereitos fundamentais a certos dereitos sociais de carácter laboral, sendo, en pala-

---

<sup>46</sup> No seu comentario ao artigo 55 contido nos *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Galicia*, MAP, Serie Administraciones Territoriales, Madrid, 1991, páxina 872.

<sup>47</sup> "El Derecho como instrumento de legitimación política en los albores de la Revolución liberal en España (1833-1843)", *Revista de Estudios Políticos*, nº 126, outubro-diciembre de 2004, páxina 235.

bras de Pérez Royo<sup>48</sup>, “moi expresivo” en relación a algún deles (liberdade sindical, negociación colectiva ou dereito á folga). Isto é así ata tal punto que se lle dá carácter esencial e posibilita a súa incorporación no ordenamento autonómico mediante a interlocución social como un medio básico de resolución de conflitos (no caso galego son especialmente claros os casos dos consellos de relacións laborais, económicos e sociais).

3.2.3. A Constitución prevé políticas de protección de determinados grupos sociais. Así, o artigo 39 da Constitución establece unha protección preferente á familia namentres que a terceira idade recibe o seu mandato protector no artigo 50. Establécense, tamén, as condicións da participación libre da mocidade (artigo 48), fíxase un mandato de integración dos minusválidos (artigos 49) e no artigo 51 garántese a defensa dos consumidores e dos usuarios. Con todo, estas previsións constitucionais parecen pouco ambiciosas para Lucas Verdú<sup>49</sup>, que entende o mandato de remoción dos obstáculos, previsto no artigo 9.2 do texto constitucional, como un obstáculo que a “tarefa constitucional” ten por diante e que, ao seu xuízo, cuestiona a realización práctica en España do estado de dereito. Estas políticas dos poderes públicos, e en concreto da Xunta de Galicia, presentan obvias eivas por canto non se pode descoñecer que a plenitude dos dereitos dos colectivos constitucionalmente apuntados non é total e depende dun desenvolvemento tanto lexislativo como executivo por parte da Comunidade autónoma de Galicia.

3.2.4. Protección do medio recollida no artigo 45 da Constitución, xa que todos temos dereito a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo. É, como apunta Lorenzo Martín-Retortillo<sup>50</sup>, un dereito que ilustra o que se denomina como *soft law*, isto é, un sector do ordenamento interno que está destinado á mestura e á adaptación pola importante presenza das directivas comunitarias. Neste sentido hai que recoñecer que o dereito galego presenta unha importante produción de normas tuitivas no eido do medio, que incluso no ámbito orgánico se teñen reflectido na atribución dunha vicepresidencia do executivo ao titular da Consellería de Medio Ambiente.

<sup>48</sup> No seu manual, *Curso de Derecho Constitucional*, Editorial Marcial Pons, sexta edición, 1999, páxina 524.

<sup>49</sup> No seu comentario ao artigo 9 na obra colectiva: *Comentarios a la Constitución española de 1978*, Cortes Generales-Editoriales de Derecho Reunidas, Madrid, 1996, páxina 103.

<sup>50</sup> “El orden europeo e interno de los derechos fundamentales y su protección jurisdiccional”, *Revista de Administración Pública*, nº 165, setembro-décembro, 2004, páxinas 7 e seguintes.

### 3.3. O principio de igualdade

#### 3.3.1. A lexitimación democrática do poder

Debemos referirnos, en primeiro lugar, ao principio democrático. O pobo é a única fonte lexítima de poder político e, como sinala López Médel<sup>51</sup>, o signo de vivir en democracia ten o seu primeiro chanzo no poder lexislativo. A consecuencia desta afirmación é que as decisións das maiorías vinculan as minorías, ponderándose en todo caso a busca dun consenso. En caso de que non exista este consenso, o goberno queda organizado pola maioría. As regras do xogo político en Galicia<sup>52</sup> son un claro reflexo deste principio como pode apreciarse da lectura do noso Estatuto e do Regulamento da Cámara galega.

Este principio democrático adopta unha forma xurídica no sentido de plasmar nunha norma a creación de condicións que queren unha igualdade de poder entre os integrantes do pobo. Isto é a fórmula para dar igualdade a todos plasmándose en distintos niveis:

- Por unha parte, a igualdade como idea política pola que se lle atribúe lexitimidade ao poder político (só hai lexitimidade cando hai consenso).
- Como principio estruturador do sistema político. Só será democrático o sistema político que se exercite con respecto á igualdade esencial dos cidadáns.

Destes dous principios, autores como Aragón Reyes comenta dúas concepcións da democracia:

I. Concepción procedemental da democracia: conxunto de procesos institucionais e sociais nos que se crean alternativas distintas que poden aspirar a converterse en maioría dentro da opinión pública (céntrase na posibilidade de que calquera opinión social se plasme nunha decisión política que chegue a ser maioritaria). Neste sentido acadan relevo práctico procesos políticos tan cuestionados na actualidade coma as comisións de investigación<sup>53</sup>.

II. Concepción substancial da democracia: que define a democracia como sistema social e político baseado na igualdade de condicións de poder e na liberdade dos membros da sociedade.

---

<sup>51</sup> No seu traballo: "Estado del Derecho y de la Justicia en España", *Revista Crítica de Derecho Inmobiliario*, n.º 686, ano LXXX, páxina 2861.

<sup>52</sup> Así se recolle no meu artigo "A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia: aspectos dogmáticos e institucionais", parte inicial do libro *Repensando o autogoberno: estudos sobre a reforma do Estatuto de Galicia*, Universidade de Vigo, 2005, páxinas 15 a 138.

<sup>53</sup> Así o sinala Laura Mcallister: "The Value of independent Commissions: An insider's perspective on the Richard Commission", *Parliamentary Affairs*, vol. 58, n.º 1, 2005, páxinas 38 a 52.

Estas dúas facetas da democracia están acollidas na Constitución española de 1978. No preámbulo proclámase de forma explícita a vontade de garantir a convivencia democrática e de establecer unha sociedade democrática avanzada. Este principio democrático plásmase en diferentes elementos da Constitución española:

■ A definición da soberanía. Alude, no artigo 1.2, á soberanía popular que se manifesta formando a nación española. Esta soberanía concrétase no exercicio do poder constituínte orixinario, de tal xeito que crea uns poderes constituídos, recollidos no texto da Constitución, e que atopan a súa referencia última no pobo. Estes principios son de común admisión e levan, en ámbitos xurídicos distantes ao noso como o arxentino, a Nielsen e Comadira<sup>54</sup> a afirmar a necesidade de actuación estatal conforme non só a orde xurídica, senón tamén en consideración á equidade e aos principios que a informan. En relación con este principio atopamos tamén o disposto nos artigos 66, 99 e 117 da Constitución, delimitadores da orixe dos poderes lexislativo, executivo e xudicial.

Certamente o paralelismo no caso galego é manifesto, pois non sendo a singularidade do poder xudicial que no noso sistema non permite vinculación directa de orixe cos poderes autonómicos, os demais si reciben a súa lexitimación de xeito moi semellante aos estatais.

■ O dereito á participación dos cidadáns. Aparece na *Declaración universal dos dereitos humanos* de 1948, onde se di que toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país, ben sexa directamente ou mediante representantes. Así se recolle no noso ámbito, no artigo 23, dun xeito que, ademais, posibilita o acceso ao recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional para a súa tutela. Estas máximas clásicas seguen de plena actualidade como se pode comprobar nas conclusións do grupo da Commonwealth<sup>55</sup> para o estudo das recomendacións para un goberno máis transparente.

A Constitución tamén recolle a participación noutros aspectos, por exemplo, na Administración de Xustiza, recollida no artigo 125 da Carta Magna, que fala da institución do xurado. Outros supostos recollidos con menor realce no texto constitucional son a participación no ensino, na mocidade, na seguridade social ou na economía. A lexislación galega é moi xenerosa no recoñecemento destas vías participativas nas atencións administrativas sectoriais, e así é común que existan consellos asesores participativos nos que comunmente teñen acollida, entre outros, os sindicatos, as asociacións empresariais ou as universidades.

<sup>54</sup> No seu traballo: "Apuntes sobre los principios de la ética pública en el Derecho argentino", *Documentación Administrativa*, nº 267-268, setembro 2003-abril 2004, páxina 135.

<sup>55</sup> Cfr. "Recommendations for transparent governance", *The Parliamentarian*, 2004/Issue four, páxina 349 e seguintes.

### 3.3.2. O pluralismo político

en su *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*-, Rodríguez Ennes destaca que el monje benedictino, para conseguir dicho objetivo y frente a sus coetáneos más singulares, muestra una actitud mucho más conservadora que éstos, sugiriendo recurrir antes que a la técnica codificadora, a la compilatoria –el sistema normativo, escribe, debe ser una “colección de Leyes Patrias, que debe comenzar por el Fuero Juzgo y continuar hasta las Leyes de la Recopilación, novísima, que actualmente dicen se está formando en Madrid”– para remediar la confusión e incerteza normativa entonces existentes.

A través de su documentado e interesante estudio, del que hemos pretendido dar cuenta lo más ampliamente posible en estas páginas, el Prof. Rodríguez Ennes nos informa detalladamente y analiza con minuciosidad pormenorizada determinados aspectos del pensamiento expresado en torno a una serie de cuestiones jurídicas y sociales, planteadas en una de las épocas más críticas y contradictorias de la Historia europea –el siglo de la Razón y de las Luces–, por un personaje ilustrado y, en cierta medida, enigmático, importante en su momento, pero a la vez quizá injustamente olvidado o insuficientemente recordado en tiempos menos lejanos: el monje polígrafo benedictino gallego Fray Martín Sarmiento. Un personaje histórico que sin ser jurista, encontrándose disconforme con el método que empleaban los juristas de su época por considerarlo poco pragmático, paradójicamente, como ha demostrado Rodríguez Ennes, aportó algunas ideas interesantes en base a las cuales podría ser calificado en síntesis como un adelantado de su siglo.

Las mencionadas circunstancias del contexto cultural, político, social, económico y jurídico de la época histórica en que se desarrolla el pensamiento de Sarmiento, así como su peculiar carácter y personalidad, que se traslucen a través de su dispersa, diseminada y, en algunos casos, poco o insuficientemente desconocida obra, ponen de manifiesto la dificultad y el consiguiente interés del ilustrativo estudio de investigación realizado por el Prof. Rodríguez Ennes, cuya lectura resulta por todo lo hasta aquí expresado particularmente instructiva y especialmente recomendable.

Con la presente obra Rodríguez Ennes nos vuelve a demostrar, felizmente y una vez más, que a su capacidad de trabajo y superación intelectual difícilmente se pueden poner limitaciones, haciendo bueno el dicho de Séneca: *nihil est quod non expugnet pertinax opera et intenta ac diligens cura*.

**Ramón P. Rodríguez Montero**

*Universidade da Coruña*



## *Repensando o autogoberno. Estudos sobre a reforma do Estatuto de Galicia*

Xosé Antón Sarmiento Méndez (coord.),  
José Ignacio Marquina Sánchez, José Julio  
Fernández Rodríguez, Vicente A. Sanjurjo  
Rivo e Miryam Martínez García

Universidade de Vigo, 2005, 269 páxinas

Coincidindo coas datas nas que se cumpren 24 anos da norma institucional básica de Galicia, tivo lugar a aparición do libro *Repensando o autogoberno. Estudos sobre a reforma do Estatuto de Galicia*. É un volume no que cinco prestixiosos xuristas ourensáns abordan en varios capítulos a análise das razóns xurídicas polas que o texto estatutario debe ser reformado e posto ao día. En efecto, resulta pacificamente admitido na doutrina constitucional española, dende os estudos de Pedro de Vega, que os documentos políticos deben sufrir periodicamente necesarias adaptacións e actualizacións. O libro que me ocupa aborda o contido estatutario dende unha perspectiva preferentemente xurídico-formal, pois foxe do posicionamento nos debates políticos que sobre a reforma se están a suscitar, acentuando o tratamento daqueles aspectos que se presentan como claramente mellorables dende a perspectiva técnico-xurídica e do labor interpretativo que ten levado a cabo o Tribunal Constitucional.

Deste xeito, o tratado iníciase co estudo do profesor da facultade de dereito de Ourense, Xosé Antón Sarmiento Méndez, no que dá conta das decisións fundamentais contidas na parte dogmática (introdutoria) do noso Estatuto, propoñendo as necesarias modificacións na redacción para acadar unha maior centralidade do Parlamento no sistema político galego, así como as inapraza-

bles adaptacións do marco estatutario á realidade da Unión Europea. A partir da delimitación do concepto de autogoberno e da súa caracterización actual, o autor examina aspectos básicos na configuración da autonomía como a identidade de Galicia, os intereses galegos ou os problemas que atinxen á base territorial da comunidade galega.

O profesor Sarmiento fai unha pormenorizada posta ao día de aspectos dogmáticos do Estatuto que se teñen presentado como fundamento polémicos en certos momentos da historia recente. En primeiro lugar, a regulación xurídica do galego como idioma propio na que, recoñecendo os avances institucionais acaados, postula un afondamento decidido na actuación dos poderes públicos a prol do galego en execución do mandato estatutario. Por outra banda, dá conta dos aspectos simbólicos do poder galego con atención preferente a aqueles que afectan á galeguidade como vínculo que une os cidadáns con Galicia.

A proximidade profesional coa cámara lexislativa galega lévao a aconsellar cambios nas funcións tradicionais do Parlamento, certas garantías das minorías no procedemento lexislativo, a necesaria incorporación dos decretos-lei no ámbito autonómico e o reforzamento da función de control no lexislativo. Pero, sen dúbida, o lamento máis intenso que verte o autor aféctalles ás carencias que ata o día de hoxe vén manifestando o Parlamento de Galicia en relación coa acción exterior, propoñendo a superación da escasa diplomacia parlamentaria e o afianzamento dunha presenza formalizada da sede da democracia galega nos entes internacionais nos que se dirimen asuntos que afectan aos intereses de Galicia.

En relación co poder executivo, desglosa as figuras do presidente da Xunta de Galicia, cunha explicación do seu status persoal e das súas competencias, e da Xunta de Galicia como órgano de goberno. Nesta orde de cousas, propón a incorporación ao Estatuto de certas regulacións previstas na Lei da Xunta e do seu presidente, así como, por razóns de técnica normativa, unha mellor delimitación da potestade regulamentaria do goberno autonómico. Ao meu modo de ver, atopámonos ante un enfoque innovador que non foxe de dar solución a certas eivas institucionais que a práctica política galega vén poñendo de manifesto ao longo das últimas lexislaturas.

O rexistrador da propiedade do Barco de Valdeorras, José Ignacio Marquina, detense, pola súa banda, no estudo da regulación do poder xudicial en Galicia e das especialidades que o Estatuto contén en materia de instrumentos e rexistros públicos. Postula medidas de profundación autonómica na territorialización da xustiza e solucións concretas para unha mellor xestión da fe pública no eido autonómico. Marquina entende, nunha liña moi semellante á apuntada anteriormente, que as institucións xurídicas precisan para a súa perdurabilidade da adaptación ás novas realidades sociais. Por iso, recoñecendo os principios constitucionais que lle afectan á potestade xurisdiccional e asumindo que a regulación do actual Estatuto nos seus artigos 20 a 26 ten un carácter “feble” respecto da sólida disciplina estatal, demanda a valentía do lexislador estatal no sentido

de abrir máis as competencias da Comunidade autónoma, de xeito que esta se implique na acción do Estado.

O poder xudicial en Galicia estúdase partindo do tratamento da denominada “cláusula subrogatoria” e da posterior enunciación das competencias autonómicas na delimitación das demarcacións xudiciais. A figura concreta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recibe un comentario pormenorizado das súas competencias, así como das decisións constitucionais fundamentais que lle afectan.

Como non podía ser doutro xeito, o experto hipotecario detense polo miúdo no problema do denominado recurso gubernativo contra as cualificacións dos rexistradores da propiedade cando os documentos obxecto de cualificación negativa total ou parcial sexan relativos ao dereito civil de Galicia.

Por último, Marquina Sánchez comenta a sempre problemática participación da Administración autonómica no tocante á resolución dos concursos e oposicións para promover os postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e persoal ao servizo da Administración de Xustiza. Pronúnciase claramente a favor da esixencia do coñecemento do idioma galego e do dereito propio de Galicia para o cargo de presidente do Tribunal Superior de Xustiza, namentres que para os demais postos simplemente considera oportuno o seu baremo. Criterios semellantes postula para o titular da fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza respecto do que, ademais, demanda unha maior relación na súa fase de designación co Parlamento de Galicia coa finalidade de achegarlle este órgano á sociedade galega.

En relación co status dos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, despois de glosar a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, o rexistrador do Barco de Valdeorras expón as súas reservas verbo da utilización dos idiomas autonómicos nos asentos nos rexistros públicos. A coherente argumentación exposta non pode ignorar, ao meu xuízo, a tendencia imparable á equiparación dos efectos xurídicos dos negocios efectuados nas linguas cooficiais das distintas comunidades autónomas.

O tratamento das competencias autonómicas lévase a cabo por dous novos profesores de dereito constitucional, reputados estudosos, polo demais, do dereito comparado europeo e americano: José Julio Fernández Rodríguez e Vicente Sanjurjo Rivo. Ambos os autores analizan polo miúdo o marco constitucional e estatutario do repartimento competencial, con especial atención a aqueles sectores normativos onde a potestade autonómica aínda está por exercer.

Partindo do comentario dos principios de competencia e articulación entre ordenamentos, os autores detéñense no estudo do sistema de distribución competencial establecido na Constitución española de 1978. Esa introdución serve para situar na súa xusta medida a problemática contida nos artigos 27 e seguintes do Estatuto de autonomía para Galicia, distinguindo os efectos de análise entre competencias normativas e competencias executivas. En sintonía coas opinións manifestadas no seu día polo seu mestre Blanco Valdés, os autores defenden que os aires de cambio no Estatuto van depender, fundamentalmente, da

vontade política, se ben deixan constancia da lóxica institucional da reforma dende o punto de vista da ontoloxía xurídica.

As posibilidades de reforma ante as que se sitúan os autores son basicamente tres. En primeiro lugar, a simple reforma do Estatuto como oportunidade para introducir unha técnica alternativa na determinación das competencias estatutarias que evite a asistematicidade, indefinición e imprecisión da que adoece agora. O segundo escenario sitúase na reforma da Constitución e na reforma do Estatuto; neste caso, Fernández Rodríguez e Sanjurjo Rivo defenden o establecemento dunha única lista de competencias do Estado central e a atribución das demais ás comunidades autónomas. A terceira posibilidade é a reforma da Constitución para alterar o mapa autonómico que diseña. Os autores maniféstanse a favor de privilexiar o principio de cooperación e de simplificar o sistema de repartimento competencial. As conclusións ás que chegan son moi prudentes debido á complexidade da cuestión polo, nas súas palabras, “elevado risco de politización e instrumentación partidista”.

Finalmente, o brío intelectual da profesora Miryam Martínez García queda patente na súa hermenéutica do sistema de financiamento autonómico. Lonxe de aproximarse a este difícil tema dende tópicos tan de actualidade, a xurista ourensá vai desenvolvendo os condicionantes constitucionais e o nivel de execución autonómica das finanzas galegas, para concluír nas necesarias reformas normativas que se suscitaron como obxecto deste estudo.

A fina sensibilidade e agudeza xurídica da experta facendista ponse de manifesto coa súa exposición respecto das razóns históricas e metodolóxicas que xustifican a necesidade da reforma estatutaria nesta materia. Martínez García analiza os modelos anglosaxóns de carácter federal (canadense e norteamericano), así como os europeos que nos son máis próximos (alemán e italiano). Este sólido aparello conceptual sérvelle para internarse nos procelosos eidos do financiamento constituídos polo concerto e polo convenio económico. O estudo pormenorizado do sistema de fontes e da nosa mellor doutrina (profesor De la Hucha Celador) fanlle concluír a Miryam Martínez que o sistema de financiamento actual ten un evidente carácter mixto composto por un dobre mecanismo financeiro. Dunha banda, localízanse os recursos procedentes das transferencias do Estado e, doutra, os recursos do sistema financeiro e tributario propio e os recursos xestionados e recadados directamente polas comunidades autónomas.

A dobre condición de constitucionalista e de profunda coñecedora da praxe xurídico-financeira de Galicia sitúa a autora na privilexiada posición de propoñer, sobre a base da aceptación dos principios constitucionais do sistema financeiro autonómico, importantes cambios nos orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia.

Como remate, Miryam Martínez ofrécenos, en concentradas perlas, aqueles preceptos estatutarios que deben ser modificados para posibilitar a mellora do texto normativo, facilitándolle ao lexislador fundamento o seu traballo. Este labor é merecente dun expreso recoñecemento polo seu rigor e utilidade.

En definitiva, atopámonos ante unha obra na que a Universidade de Vigo amosa, unha vez máis, a súa proximidade aos problemas e desexos da sociedade galega, da que é debedora, coa edición dun manual que está chamado a constituírse en obra de referencia para os analistas do Estatuto galego nos inicios do século XXI.

**Juan José Vázquez Gestal**

*Funcionario do Corpo Superior de  
Administración da Xunta de Galicia*



## *Extranjería e inmigración: aspectos jurídicos y socioeconómicos*

Miguel Ángel Presno Linera (coord.)

Tirant Monografías, 2004

“Los movimientos migratorios transnacionales operan a modo de sanciones que obligan a Europa Occidental a estar a la altura de una responsabilidad que le viene impuesta por la bancarrota del socialismo de Estado. O bien emprende esfuerzos importantes para que las condiciones de vida en las regiones pobres de Europa Central y del Este mejoren enseguida, o bien se verá inundada por refugiados e inmigrantes. Los expertos discuten acerca de los límites de la capacidad de absorción de las propias economías. Pero la disponibilidad a integrar políticamente a los inmigrantes económicos depende también de cómo perciban las poblaciones autóctonas las consecuencias sociales y económicas de la inmigración. Y sólo éste va a ser aquí nuestro tema. Las reacciones de defensa del radicalismo de derechas contra la invasión de extranjeros han aumentado en toda Europa. Las capas sociales relativamente empobrecidas –bien sea porque es ahora (al producirse esa invasión) cuando se ven amenazadas por un descenso social, bien sea porque se hayan deslizado ya hacia la zona de los grupos marginales segmentados– se identifican de forma especialmente clara con la ideologizada prepotencia y superioridad del propio colectivo y rechazan todo lo extraño. Éste es el reverso de un chauvinismo del bienestar que se ve crecer por todas partes. Así, el “problema de los refugiados” vuelve a poner de nuevo sobre la mesa la tensión siempre latente entre ciudadanía e identidad nacional.

(Jürgen Habermas, *Ciudadanía e identidad nacional*, 1990)

○ profesor titular de dereito constitucional da Universidade de Oviedo fíxonos un gran favor, e un mellor obsequio, ao facer realidade este extraordinario número monográfico que é froito da súa dirección e coordinación do *Curso de verán sobre a estranxeiría e inmigración: aspectos xurídicos e socioeconómicos* da Universidade de Oviedo que se celebrou en Vegadeo (Asturias), do 22 ao 26 de xullo de 2002, e que versou sobre a situación xurídica e socioeconómica dos estranxeiros en España.

As migracións individuais, por grupos e, incluso, de pobos enteiros prodúcese nun mundo máis complexo onde os desequilibrios económicos e sociais fan que se poida falar dun terceiro mundo que mira o primeiro (a sociedade opulenta) como a terra prometida e no que espera atopar un remedio ás súas carencias e, incluso, á fame.

Eses inmigrantes que chegan fómolos nós noutro tempo. Ese inmigrante que chega á nosa casa puidémolo ser nós. Ante unha realidade ineludible, que pode ser dramática e ata trágica, a nosa técnica debe consistir en arrefriar este tema quente e distanciármolos intelectualmente para estudalo.

A historia das civilizacións é a historia das migracións humanas. O home é o ser vivo máis migrador do planeta. Nas súas orixes evolutivas axiña se estendeu por toda a Terra e nas súas fases posteriores, de estados e imperios arcaicos, coa dominación das plantas e animais e coa creación de sociedades xerarquizadas e militaristas, a conquista, dominación e consecuentes migracións crearon espazos cada vez máis multiétnicos, pluriculturais e mestizos. A conquista europea<sup>1</sup> e o posterior colonialismo, ligados ao desenvolvemento industrial e comercial, írían, cada vez, abrindo máis camiños entre os distintos pobos e culturas, incrementándose cos procesos de globalización e cos medios de comunicación, cunhas consecuencias como son o turismo masivo, as migracións internacionais e os 50 millóns de refuxiados a causa das guerras e da fame.

Agora, os antigos colonizados chegan á Europa rica e desenvolvida, e tamén a España, como man de obra barata na busca da “terra prometida” que mana leite e mel, aínda que logo se atopen con punzantes cardos de incompreensión e racismo.

Emmanuel Todd sostén que os británicos e os franceses estenderon e pluralizaron moito as súas identidades coa inmigración procedente dos habitantes das súas colonias. Incluso individuos que proceden de relixións distintas, integraron as súas vidas en actividades produtivas, culturais e de convivencia. Na bolsa de Londres compran e venden xudeus, musulmáns e cristiáns. Todo isto, a pesar de que a historia de Europa viviu grandes períodos de enfrontamentos culturais por motivos de relixión: xudeus e musulmáns expulsados de España, musulmáns rexeitados polo Imperio Austro-Húngaro, o Imperio Otomano desmantelando os Balcáns en 1878 polo Congreso de Berlín, xudeus perseguidos en Alemaña, etc.

---

<sup>1</sup> A condición de estranxeiro vén sendo considerada, xa desde a Constitución francesa de 1795, como un obstáculo para o goce dos dereitos de participación política. Esta exclusión tratouse de xustificar no menoscabo que podería sufrir a soberanía dun estado como consecuencia da intervención na toma de decisións políticas dos nacionais doutro estado.

Na actualidade, non se conseguiu superar esta prevención e, excepto algúns casos illados, como moito, a abstracción da condición de estranxeiro para o goce do sufraxio só se admitiu nas eleccións locais, precisamente, por entender que, neste caso, non se adopta unha decisión política que teña que ver co exercicio das funcións soberanas, reservadas aos nacionais. A nacionalidade é, pois, o “status” que condiciona a participación no exercicio da soberanía.

As guerras de relixión xa quedaron atrás na historia de Europa Occidental, pero non faltan autores como Huntington ou Fukuyama que lles conceden grande importancia ás diferenzas de civilización como causantes dos futuros conflitos.

A inmigración na Unión Europea estase convertendo nun asunto de especial interese e preocupación polo seu incremento incesante, polos incidentes ocasionais, os xermolos de xenofobia e racismo<sup>2</sup>, a preocupación polos postos de traballo, o descenso da poboación autóctona, a escaseza da poboación de relevo e, especialmente, a integración das diferentes culturas e relixións, así como a convivencia entre elas. Algúns cren que son demasiados os que veñen e xa non fan falta máis. Sexan moitos ou poucos, a inmigración é unha realidade innegable declarada, xa, como un dereito fundamental desde o século XVI.

A ninguén se lle debería escapar a importancia que ten para o futuro dos países que forman a Unión Europea<sup>3</sup> que se definan acertadamente a política e a lexislación nun asunto tan transcendente como é o da inmigración<sup>4</sup>.

Agora sabemos que a inmigración vai seguir sendo, nas próximas décadas, un dos temas clave no desenvolvemento das sociedades europeas. Sabemos que haberá, porque se necesitarán, fluxos de inmigración maiores dos que houbo ata o momento. Sabemos que o futuro das sociedades europeas xa non é outro que

---

<sup>2</sup> En España os feitos racistas e xenófobos non comezaron en El Ejido; teñen unha longa traxectoria. Se a reducimos á última década, temos en 1992 o crime racista de Aravaca da inmigrante dominicana, pobre e negra, Lucrecia Pérez Martos, asasinatos de marroquís, malleiras a africanos, queimas de casas e mezquitas no verán de 1999 en Catalunya, etc...

<sup>3</sup> Parafraseando a C. Marx e F. Engels, quizais puidera afirmarse que unha nova pantasma estremece á Europa do século XXI: a pantasma da inmigración. Tanto é así que a Unión Europea colocou este problema entre os temas máis relevantes do seu debate político e social.

<sup>4</sup> Xunto as fontes do dereito comunitario, non pode obviarse a importante incidencia do Convenio de Schengen. Neste sentido, a preocupación esencial por garantir a libre circulación de persoas no ámbito das, entón denominadas, comunidades europeas, levou a concluír o Acordo Schengen de 1985 que se complementou polo Convenio, do 19 de xuño de 1990, de aplicación do Acordo de Schengen de 1985 (en adiante, Convenio de Aplicación Schengen), do que forman parte todos os países da Unión Europea, excepto o Reino Unido e Irlanda.

Ademais, co Tratado de Amsterdam procedeuse, tamén, a "comunitarizar", en parte, o Convenio de Aplicación Schengen a través do Protocolo nº 2, o que ten importantes consecuencias; a primeira, integrar o "acervo" comunitario sobre o que o TXCE poderá exercer a competencia que o TCE lle atribúa, no sentido previsto no artigo 2.1, par. 3 do Protocolo e a segunda, a necesidade de que sexa aceptado polos candidatos a formar parte da Unión Europea.

A finalidade esencial pola que xurdiu o Convenio de Aplicación Schengen foi a supresión das fronteiras interiores como parte do obxectivo comunitario do mercado interior. Desde o momento en que esta supresión afectaría a todas as persoas, con independencia da súa nacionalidade, xurdiu, inmediatamente, a necesidade de elaborar tamén unha normativa sobre o cruzamento das fronteiras exteriores do territorio comunitario. Agora ben, o feito de que este convenio resulte aplicable tanto aos comunitarios (e aos seus familiares) coma aos nacionais de terceiros estados non significa que os controis e condicionantes que se establecen sexan os mesmos en ambos os casos. Tanto en materia de cruzamento de fronteiras exteriores coma de circulación entre os estados membros, o Convenio encárgase de establecer unhas regras específicas para os "estranxeiros", entendendo por tales, no seu artigo 1, ás persoas que non sexan nacionais dun estado membro das comunidades europeas.

o de albergar a xentes de diversas orixes e conter unha diversidade cultural cada vez máis rica. Tamén sabemos que se este asunto se trata ben será un factor de desenvolvemento económico, social e cultural moi positivo, pero que se se trata mal dará lugar a maiores bolsas de exclusión social e a conflitos sociais cunha potencial gravidade da que xa temos, aquí, algúns desgraciados exemplos.

O fenómeno social das migracións en España<sup>5</sup> podemos consideralo como un feito relativamente recente. O Estado español pasou en poucos anos de xerar un importante fluxo migratorio cara a outros estados de Europa a ser receptor de correntes migratorias de procedencia diversa, aínda que, maioritariamente, concentradas na área do Magreb e de América Latina. O Estado español converteuse na fronteira sur da inmigración que chega á Unión Europea ao ser receptor dun dos máis importantes fluxos migratorios, a inmigración africana, que cunha orixe estrutural e non conxuntural acada as costas españolas, fundamentalmente, a través das cidades de Ceuta e Melilla e, actualmente, das illas Canarias.

Para formular axeitadamente o tema que nos ocupa debemos resolver unha serie de problemas teóricos que se nos presentan á hora de investigar o fenómeno da inmigración estranxeira en España.

O primeiro dos problemas cos que nos atopamos é o de definir que é un inmigrante ou quen é un inmigrante. Dado que a inmigración non é un simple desprazamento xeográfico (ou dito doutro xeito, xa que non todos os desprazamentos xeográficos son migratorios) faise patente a necesidade dalgún tipo de criterio sociolóxico para definir o feito migratorio. Non podemos pechar esta cuestión identificando os inmigrantes como estranxeiros residentes de forma máis ou menos estable en España, pois, non todos os inmigrantes son estranxeiros, xa que moitos deles acaban adquirindo a nacionalidade española tras anos de residencia, sen que por iso poidamos deixar de consideralos inmigrantes.

Por outra parte, e do mesmo xeito que non todos os inmigrantes son estranxeiros, adóitase crer que non todos os estranxeiros son inmigrantes, posto que o sentido común dita que “non se pode comparar a un xubilado inglés cun xornaleiro marroquí”. Resultaríanos moi tentador, aquí, recorrer ao criterio da nacionalidade como criterio clasificatorio ideal, por ser obxectivo e formalmente impecable.

Desde a perspectiva xurídica que aquí nos ocupa, a análise do fenómeno da inmigración esixe, á súa vez, algunhas precisións de conceptos. A inmigración, entendida na súa acepción máis xeral, isto é, como a acción de chegar os na-

---

<sup>5</sup> Historicamente, España foi máis un país de emigración ca de inmigración, tendencia que se foi invertindo gradualmente debido ao proceso de transición democrática e de integración na Unión Europea, isto é, na mesma medida en que se elevaba a calidade de vida na sociedade española, circunstancias estas que converteron o territorio español nun apetecible lugar de destino para miles de emigrantes do terceiro mundo. Así as cousas, a inversión da tendencia migratoria en España supón un auténtico reto para os gobernos españois a partir da segunda metade da década dos oitenta ata a data e todo apunta a que este desafío, lonxe de diminuír nun futuro inmediato, tenda a incrementarse.

turais dun determinado país ao territorio doutro coa vontade de establecerse neste último é, en esencia, unha situación fáctica e, en tal sentido, convértese en obxecto de estudo das disciplinas non xurídicas.

Formúlase, así, a necesidade de distinguir entre as categorías lóxicas do *ser* (o fenómeno real, os feitos,...) e o *deber ser* (a orde normativa, as normas xurídicas,...). Dito doutro xeito, imponse distinguir entre a dimensión fáctica e a dimensión xurídica, entre o mundo dos feitos e o mundo das normas, dimensións estas que baixo ningún concepto se deben confundir.

Así as cousas, o dereito non distingue as persoas físicas atendendo á súa condición de inmigrantes ou non, pois esta é unha distinción que lle pertence á dimensión fáctica; distíngueas atendendo ao grao de vinculación que teñan respecto dun determinado ordenamento xurídico e, en tal sentido, diferencia entre nacionais e estranxeiros. Desta maneira, pois, o que no mundo dos feitos se chama inmigrante na dimensión xurídica se define, conceptualmente, como estranxeiro.

Normalmente, o concepto xurídico de estranxeiro configúrase seguindo un criterio negativo, isto é, por contraposición ao de nacional, titular dunha determinada nacionalidade. Se se segue este criterio, que é o adoptado polo dereito positivo español, o lóxico é definir o concepto de nacionalidade, en primeiro lugar e, posteriormente, definir o concepto de estranxeiro.

Por nacionalidade entenderase, pois, o vínculo xurídico que se establece entre o estado-ordenamento e as persoas, en virtude do cumprimento de determinados criterios de adquisición do referido vínculo, entre os que destacan o *ius soli* (que a persoa sexa nacional do país onde naceu) e o *ius sanguinis* (que teña a nacionalidade dos seus proxenitores ou dun deles); criterios ambos os dous utilizados para a determinación da nacionalidade de orixe, en tanto que o criterio da residencia prevalece para os supostos de naturalización, isto é, cando o vínculo xurídico, en cuestión, se establece previa e expresa declaración de vontade da persoa que decidiu adquirir unha nacionalidade distinta da orixinaria.

Deste xeito, o recoñecemento polo estado-ordenamento da condición de nacional a unha persoa determina, á súa vez, o recoñecemento da titularidade de todos os que, especialmente, destacan os denominados dereitos políticos, isto é, aqueles que permiten a participación nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, así como o acceso aos cargos e ás funcións públicas.

O recoñecemento da calidade xurídica de nacional polo Estado permite que o ordenamento distinga entre as persoas que habitan o territorio estatal, que poidan gozar da totalidade dos dereitos recoñecidos pola Constitución e que, consecuentemente, estarán obrigados por deberes especiais, de quen estarán excluídos dunha parte deses dereitos e obrigas, precisamente, por non ter esa condición xurídica distintiva (estranxeiros), sen que iso obste, por outra parte, a que o poder do Estado se estenda sobre todas as persoas que estean dentro do seu territorio, sexan nacionais ou non.

Por último, precisar que estranxeiro é, pois, toda persoa que se atopa no territorio dun Estado ao que non lle une o vínculo xurídico da nacionalidade. E, en non pouca medida, isto reflícteo a mesma etimoloxía do vocábulo en cuestión: provén do francés antigo *estrangier*, derivado de *estrangle* 'estraño' que, á súa vez, provén do latín *extraneus*, co significado de 'exterior', 'alleo', 'estranxeiro' e derivado de *extra* 'fóra de'. Xuridicamente, o vocábulo *estranxeiro* refírese, pois, a todo suxeito alleo a un estado-ordenamento determinado tomado como referencia.

Esta monografía trata de analizar este fenómeno entre todos e desde todas as súas perspectivas, especialmente na súa dimensión humana, coas súas consecuencias sociolóxicas e o seu réxime xurídico. A presente monografía ten a súa orixe nos relatorios presentados (como xa apuntei ao principio desta recensión) no *Curso de verán sobre a estranxeiría e inmigración: aspectos xurídicos e socioeconómicos* da Universidade de Oviedo que se celebrou en Vegadeo (Asturias), do 22 ao 26 de xullo de 2002, e que versou sobre a situación xurídica e socioeconómica dos estranxeiros en España.

Os autores desta monografía realizan unha análise seria interdisciplinar arredor das cuestións que formula a estranxeiría e a inmigración: os aspectos xurídicos e os socioeconómicos. Os estudos agrúpanse en dúas partes, na primeira, analízanse a fondo os dereitos políticos dos estranxeiros, os conceptos de cidadanía e nacionalidade, as liberdades de circulación e residencia, o réxime de retorno e expulsión, as vías de regularización ante a falta de permisos e o traballo dos estranxeiros. Na segunda, estúdanse os procesos de globalización, as causas e consecuencias económicas das migracións internacionais e, en xeral, a súa incidencia nas transformacións sociais dos estados modernos, así como as actitudes e reaccións dos cidadáns e dos poderes públicos fronte a este complexo fenómeno.

Estamos, en resumo, ante un traballo importante e necesario que cobre un baleiro non cuberto ata agora, polo que o labor do autor case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas curtas liñas, pero doume por satisfeito se se contribúe á súa maior difusión.

Para rematar xa esta recensión, só me resta felicitar o coordinador da obra<sup>6</sup> pola súa brillante exposición e análise e animar os lectores que, de seguro, atoparán nesta obra un interesante traballo sobre unha materia de tanta actualidade.

**Xosé Antón Barreiro Pereira**

*Avogado*

---

<sup>6</sup> Por suposto, a miña felicitación esténdese aos demais autores desta monografía: Dr. Benito Aláez Corral, Dra. Pilar Jiménez Blanco, Dr. Ignacio Villaverde Menéndez, Antonio-Filiu Franco Pérez, Ana Luisa Rega Rodríguez, Roger Campione, Dr. José Alba Alonso, Fernando Menéndez Menéndez e Ignacio Iglesias Aguado.

## *La reforma administrativa desde el ciudadano*

**Manuel Arenilla Sáez**

INAP, Madrid, 2003

O interese no estudo académico dos procesos de reforma e modernización administrativa manifestou, nos últimos anos, un claro declinar no noso país, coincidente coa perda de apoio político das tentativas de reforma administrativa iniciadas nos 90 con moita forza, e logo abandonadas, e co esvaecemento de moitas das ideoloxías de moda (reenxeñaría, calidade total e *benchmarking*) que as impulsaron. De feito, o libro do profesor Arenilla é un dos poucos libros de calidade que teñen saído nos últimos anos tratando este tema, indo máis alá da simple retórica tecnocrática, común á maioría dos tratados e libros brancos que enchen, cheos de po, os andeis das bibliotecas dos departamentos de xestión pública das facultades e dependencias administrativas. Aínda que, para ser xustos, a primeira parte do libro, que recolle a ficha técnica do proceso de modernización administrativa da Comunidade autónoma de La Rioja, non escapa a esta retórica tecnocrática, se ben o profesor Arenilla reconece no prólogo que esta primeira parte foi feita en relación cunha consultora e non é da directa autoría do noso autor. E abofé que se nota ben que el tivo pouco que ver na redacción final do texto, pois o resto do libro é unha interesantísima reflexión sobre a problemática da modernización administrativa, elaborada desde un punto de vista humanista (dedícaselle un capítulo ás razóns e aos sentimentos que reñen a reforma administrativa como eu non tivera visto nunca antes nun libro destas características) que recolle moitas das mellores tradicións e debates da ciencia política, da que o autor é catedrático na Universidade Rey Juan Carlos.

O gran mérito do libro é que foxe nas súas exposicións de formulacións economicistas e eficientistas e descansa, pola contra, nunha filosofía da reforma administrativa baseada na participación e nos dereitos da cidadanía. Esta tradición, dominante hoxe nos medios académicos, bebe, por unha parte, da tradición da democracia participativa da cal Dahl é un dos seus máis coñecidos expoñentes e, pola outra, da tradición da administración participativa e democrática, tal e como se expresa no chamado *manifiesto de Blacksburg* ou na obra de Robert Golembiewski. Esta tradición, á que o noso autor segue implicitamente, aínda que con matices, busca enriquecer a democracia favorecendo a participación dos cidadáns na formulación das políticas que lles afectan e incluso a participación na súa xestión. Deste xeito, tratarían de deseñar e introducir institucións que lles permitan participar aos cidadáns na xestión pública e na definición da calidade de prestación de servizos. As reformas englobadas baixo o título "Gestión de la calidad total", que tanto éxito tiveron nos últimos anos, son a concreción práctica máis coñecida desta filosofía administrativa. O autor, de feito, diseña ao final do libro unhas propostas que el denomina "escenario de modernización de la administración pública de nivel dos", que abundan nestes principios e que declaradamente van máis alá das reformas centradas na, por outra parte, imposible empresarialización da Administración pública. O premio que promete, tras as reformas, é unha profundación da democracia e unha maior efectividade social das políticas. Reclama, tamén, unha maior responsabilización e profesionalización dos xestores públicos e unha maior avaliación das súas tarefas, na liña do proposto polo Ministerio de Administracións Públicas, que pretende establecer unha axencia avaliadora da calidade das políticas públicas.

O libro é unha moi boa defensa desta filosofía, pero o caso é que esa filosofía é moi discutible. Hai outra escola, iso si, menos coñecida e influente, representada principalmente por Mises no seu libro *Burocracia*, que reclama reformas na administración pero noutra dirección; tendencia coa que eu coincido máis. Nesta escola non se pretende a eficiencia administrativa, basicamente porque tal concepto non se pode aplicar ao funcionamento dunha institución pública (eficiencia para que e para quen?), senón a volta a unha administración garantista e burocrática dentro dun goberno estritamente limitado a unhas funcións básicas e con responsabilidades ben delimitadas. O problema principal que ten a participación democrática non é o da profesionalización da participación, que dominarían sindicatos, partidos e asociacións ben organizadas, nin as dificultades de funcionamento dunhas organizacións sometidas a todo tipo de controis e trabas participativas, senón a disolución da responsabilidade. Velaí a principal contradición do libro. Nun lugar onde as decisións se toman pola vía da participación democrática non se lle pode imputar a responsabilidade a un xestor que meramente pon en práctica o que deciden os cidadáns, e estes, por definición, son irresponsables á hora de emitir a súa decisión. Quen asume, entón, as cargas e como se podería distinguir ao bo do mal xestor? A participación democrática non é, polo demais, máis democrática ca a xestión burocrática

conforme a legalidade, pois esquécese as diferentes capacidades dos cidadáns de cara a tal participación. Aqueles dotados con boas aptitudes para a comunicación ou aqueles que vaian ás reunións participativas apoiados por unha organización e cunha postura común terán máis vantaxes ca aqueles cidadáns que sexan tímidos, apoucados, que non saiban falar ben e que, ademais, participen en solitario. Todos sabemos o fácil que é manipular unha asemblea sindical ou estudantil e todos sabemos que, en moitos casos, son moito menos democráticas ca unhas institucións que garantan o imperio da lei e que estean imposibilitadas para abusar do seu poder.

Dito isto hai que felicitar o profesor Arenilla polo seu espléndido libro, que agardamos teña continuación, pola apertura dun debate necesario na nosa sociedade sobre cal debe ser o noso modelo de administración pública e, sobre todo, por fuxir, coa súa chamada, do sentimento da habitual retórica que nos adoitan endelgar a maioría dos tratados sobre administración pública.

**Miguel Anxo Bastos Boubeta**

*Profesor titular de ciencia política e da administración  
Universidade de Santiago de Compostela*



## NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de ser o caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ao pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ao pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ao final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ao final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### *Libros:*

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### *Artigos:*

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase a súa listaxe detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para todos os efectos.
15. Os autores comprométese a corrixir as probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:


### **Revista Galega de Administración Pública**

#### **EGAP**

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4  
15707 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.







**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**